

A FORZA DA NOSA CLASE

TRABALLO·DEREITOS·SOBERANÍA



IX CONGRESO

24 de maio de 2025

Santiago de Compostela



Confederación Intersindical Galega

Documentos aprobados no IX congreso da CIG

IX Congreso da CIG
24 maio 2025 - Santiago de Compostela
Editado pola Confederacion Intersindical Galega

Contido

Informe da Executiva Confederal para o IX Congreso 13

As liñas básicas da nosa acción sindical e social nestes catro anos	19
As loitas máis importantes	24
A negociación colectiva	27
Emprego	31
Feminismo galego e de clase	33
Institucional	36
A saúde laboral	39
A defensa e compromiso co galego	41
A formación sindical e para o emprego	42
A formación para o emprego	43
A nosa comunicación	45
Evolución de Visitas:	46
Media total durante o período (2021-2025):	46
Evolución do seguimento:	47
Evolución de impresións diarias:	47
Evolución do seguimento:	47
As relacións Internacionais	50
As eleccións sindicais	55
Afiliación	56
Asesoría Xurídica	58
Colectivo de Persoas Xubiladas e Pensionistas: Evolución Organizativa e Actividade	60

Relatorio de Acción Sindical 71

Relatorio de Acción Sindical	73
O aumento da explotación capitalista nun contexto internacional incerto marcado pola guerra e a depredación dos recursos	73
A guerra, nova ofensiva do capital	74
Máis riqueza e máis pobreza	75
A depredación dos recursos e a Intelixencia Artificial	76
A dereita e o fascismo nun capitalismo máis reaccionario	77
A crise actual da Unión Europea e a evolución cara á irrelevancia no contexto global	78
Afondamento da Europa dos Estados e consolidación da extrema dereita na UE	79
A necesidade dunha Europa dos Pobos e da Xustiza Social	79
O Estado español e o diálogo social	80
O diálogo social, fosa común no que enterran os dereitos laborais	82
Galiza neste contexto e a necesidade da soberanía	83
A necesidade da soberanía	84
A importancia do noso modelo sindical para transformar a realidade	85

A CIG na construción dun feminismo galego e de clase	86
A negociación colectiva e a loita por un traballo digno	88
A loita pola nosa saúde laboral e a prevención de riscos laborais.....	91
A defensa do público e da protección social	94
Unha chamada á acción.....	95
A loita pola normalización do noso idioma	97
O noso traballo permanente dentro do Movemento Nacionalista Galego	99
Liñas de actuación no compromiso internacional da CIG	100

Relatorio de organización 105

A importancia da organización para o noso modelo sindical	107
A CIG nos centros de traballo, as seccións sindicais	108
A importancia das Unións Locais	109
A participación e o compromiso militante para transformar a realidade	109
As nosas asesorías xurídicas	111
Formación continua para fornecer unha acción sindical combativa	112
Autonomía financeira e xestión dos recursos propios	113
A comunicación pública da nosa acción	116

Estatutos CIG actualizados após os debates no IX Congreso 119

Título I. Da definición, ámbito e obxectivos	121
Artigo 1 a Artigo 6.....	121
Título II. Dos membros	123
Capítulo 1. Da condición de afiliado ou afiliada	123
Artigo 7 a Artigo 10.....	123
Artigo 11	124
Capítulo 2. Do réxime de dereitos e deberes	124
Artigo 12.....	124
Artigo 13.....	125
Capítulo 3. Do réxime de garantías e sancións	125
Artigo 14.....	125
Artigo 15 a Artigo 18.....	126
Artigo 19 a Artigo 22.....	127
Artigo 23.....	128
Capítulo 4. Do réxime de incompatibilidades	128
Artigo 24, Artigo 25	128
Artigo 26 a Artigo 28.....	129
Título III. Dos ámbitos de organización	131
Capítulo 1. Do ámbito sectorial	131
Artigo 29, Artigo 30	131
Artigo 31, Artigo 32	132

Artigo 33 a Artigo 35.....	133
Artigo 36.....	134
Artigo 37.....	135
Artigo 38.....	135
Capítulo 2. Do ámbito territorial.....	135
Artigo 39.....	135
Artigo 40 a Artigo 42.....	136
Artigo 43.....	137
Capítulo 3. Do ámbito funcional.....	137
Artigo 44, Artigo 45	137
Título IV. Dos órganos de goberno.....	139
Capítulo 1. Dos órganos confederais.....	139
Artigo 46 a Artigo 49.....	139
Artigo 50 a Artigo 52.....	140
Artigo 53.....	141
Artigo 54 a Artigo 56.....	142
Artigo 56 bis, Artigo 57	143
Artigo 58, Artigo 59	144
Artigo 60, Artigo 61	145
Capítulo 2. Dos órganos sectoriais.....	146
Artigo 62, Artigo 63	146
Capítulo 3. Dos órganos territoriais.....	146
Artigo 64, Artigo 65	146
Artigo 66 a Artigo 68.....	147
Artigo 69, Artigo 70	148
Artigo 71 a Artigo 75.....	149
Artigo 76.....	150
Capítulo 4. Das normas xerais de funcionamento	150
Artigo 77 a Artigo 79.....	150
Artigo 80, Artigo 81	151
Capítulo 5. Do réxime electoral.....	152
Artigo 82 a Artigo 86.....	152
Artigo 88 a Artigo 90.....	153
Artigo 91	154
Título V. Do réxime económico e patrimonial	155
Artigo 92, Artigo 93	155
Artigo 94 a Artigo 97.....	156
Título VI. Da comunicación	157
Artigo 98 a Artigo 102.....	157
Título VII. Das modificacións orgánicas e dos Estatutos	159
Artigo 103 a Artigo 107.....	159
Disposicións Adicionais	160
Primeira.- Do persoal	160

Segunda.- Da afiliación	161
Terceira.- Das comisións	161
Cuarta.- Da definición sectorial	161
Quinta.- Da organización territorial	163
Sexta	165
Disposicións Transitorias	166
Primeira.- Das asembleas das estruturas territoriais	166
Segunda.- Da aplicación do réxime de incompatibilidades de cargos	166

Obxectivos e principios da CIG 167

Obxectivos e principios da CIG aprobados no IX congreso	168
Obxectivos	168
Principios	169

Resolucións 171

Resolución revivir a Castelao	173
Unha clase traballadora galega unida na defensa e uso do noso idioma	173
No 50 aniversario do asasinato de Moncho Reboiras	174
Resolución espolio	174
Resolución pola revalorización dos traballos de coidados	175
Resolución sobre o Dereito á Vivenda	175
A CIG, na defensa da universidade pública e contra a privatización do sistema universitario galego	176
Resolución por unha Sanidade	176
Pública Galega de calidade	176
Resolución indultos	177
Resolución contra a LGBTfobia	177
Resolución por un feminismo de clase e antimilitarista	178
Resolución Automoción	178
Resolución Naval	178
A CIG na defensa das relacións e dos dereitos laborais ante a Formación Profesional dual	179
Resolución contra as guerras e pola paz	179
Resolución contra o imperialismo	180
Resolución por Palestina	180
Resolución sobre os procesos anticoloniais no Sahel	181
Resolución de apoio á folga	181
convocada no País Valenciá	181
Resolución de apoio a Cuba e contra o bloqueo	182
Resolución de solidariedade co Sáhara Occidental	182
Proposta de resolución da FCM-CIG	183
Proposta de resolución en apoio ás persoas que sofren estafas bancarias	

avalada pola Executiva Comarcal de Compostela e As Rías.....	183
Resolución de apoio a Siria antiimperialista avalada	183
pola Executiva Comarcal de Compostela e As Rías.....	183
Resolución en defensa da CRTVG e en apoio ás traballadoras e traballadores avalada pola Executiva Comarcal de Compostela e As Rías.....	184
Proposta de resolución “Ourense esmorece”	184
Clausura IX Congreso CIG	185
Intervención Paulo Carril clausura IX Congreso CIG	187
Delegacións Convidadas	199
Executiva Confederal elixida no IX Congreso da CIG	207
Imaxes IX Congreso	210 a 212

Informe da Executiva Confederal para o IX Congreso

Informe da Executiva Confederal para o IX Congreso

Rematamos o VIII Congreso coa posta ao día e aprobación das novas liñas de actuación a fin de materializar o lema do Congreso, Forza para avanzar.

A realidade coa que actuamos nestes catro anos veu marcada de forma significativa pola chamada desescalada, superados os meses máis duros da Covid-19.

A pandemia acelerou as transformacións que se estaban a producir na economía e no traballo, na dirección de manter a hexemonía do capital, valéndose do papel dos estados e do consumo millionario de recursos públicos.

As análises que fixemos sobre a dixitalización dos procesos produtivos e da descarbonización da economía, confirmáronse, con negativos efectos económicos, industriais, sociais e laborais para o conxunto da clase traballadora e dun desenvolvemento soberano dos pobos e das nacións do mundo.

A economía mundial segue dominada polo imperialismo e pola imposición dunhas relacións baseadas na súa avariciosa carreira polo aumento da marxe de beneficios, competindo polo control das materias primas e os mercados, intensificando a destrución do medio ambiente e aumentando as actuacións agresivas contra os países que non se someten a este deseño.

Dominio do imperialismo que utiliza de forma máis intensa a guerra e o belicismo, como vía para manter a súa hexemonía, canto máis en cuestión está ante o papel cada vez máis emerxente e decisivo dos BRICS.

No contexto europeo, a UE segue sendo expresión da globalización ao servizo do capital financeiro, en permanente submisión aos EUA e á OTAN, e fundamentada na creación dun espazo económico, que actúa obsesionada en cumprir cos dogmas neoliberais impondo duras políticas que afondan nos recortes dos orzamentos e do gasto público, de recortes de dereitos laborais e sociais. Desregulan e privatizan todo ámbito que poida dar resultado económico favorábel ao servizo do gran capital, da libre circulación de mercadorías e capitais, que tanto os gobernos de dereita como os da socialdemocracia executan por igual.

No Estado español, a crise da Covid-19 ten lugar cando estabamos padecendo os graves custos económicos e sociais da crise financeira iniciada en 2008, con elevados niveis de desigualdade económica, precariedade laboral e de empobrecemento social como consecuencia das políticas aplicadas para darlle resposta, e que na súa gran maioría están vigor, xa que non

están aínda derogadas (reformas laborais, da negociación colectiva, as permanentes reformas das pensións, recortes e privatizacións de servizos públicos e sociais, etc.).

Neste momento, imos camiño dun empeoramento xeneralizado derivado da carestía da vida e da situación de guerra, como tamén das receitas aprobadas para darlles resposta, xa que manteñen, no esencial, estas duras políticas ao tempo que se anuncian outras novas parecidas ao ditado da Unión Europea, por moito que se disfracen, polo daquela Goberno de coalición PSOE-Unidas Podemos, e como polo actual de PSOE-SUMAR, con grande despregamento de propaganda e permanentes chamados ao consenso e ao diálogo social.

Diálogo social que durante estes anos foi unha vía para diminuír a conflitividade laboral, para xustificar os incumprimentos programáticos do Goberno e agochar a súa debilidade fronte á gran patronal. O sindicalismo español está sendo máis funcional que nunca a estas dinámicas, renunciando a dar a batalla ideolóxica e política necesaria para contribuír a un cambio real do actual modelo económico e social. Así mesmo, en Galiza este “diálogo social” ten como única utilidade coñecida referendar e validar as políticas do PP, contribuíndo a facilitar a grave situación económica, social e industrial que temos no país.

Abandónase a loita social e a confrontación co capital en favor dun fanático pactismo permanente que causa desmobilización e promove unha falsa conciliación de intereses de clase entre o capital e o traballo.

Así é que todo o paquete de reformas para a reconstrución (transición ecolóxica, economía verde, transformación dixital, Estatuto das Persoas Traballadoras do século XXI, teletraballo, reforma laboral, das pensións, do SEPE, da Lei Orgánica da Formación Profesional, etc.) estanse a realizar desde unha interesada confusión, con grandes doses de engano, fraude e hipocrisía para evitar poñer en cuestión a existencia do sistema capitalista, da propia UE e o profundo centralismo operante no Estado español.

En realidade, son medidas obrigadas para cumprir co Acordo do Fondo de Reactivación pola Covid-19 que exige un severo paquete de recortes do gasto público, a imposición de novas reformas, así como a consolidación das anteriores aprobadas durante os gobernos do PP.

A reforma laboral aprobada en xaneiro de 2022 –como analizamos no seu momento e logo se confirmou– fixo que medrasen a flexibilidade e a inestabilidade laboral, que se facilitase a extensión dos baixos salarios e

que avanzase de forma imparábel a precariedade. Así mesmo, a devandita reforma laboral deu lugar a un aumento da contratación a tempo parcial, a fixa discontinua, a precariedade e os baixos salarios.

Todo consecuencia de sacar adiante unha nova regulación laboral sen ter derogado na súa integridade as regresivas reformas de 2010 e 2012. Nesta realidade, a carestía da vida e a inflación que veu marcando estes anos, fan que se agudice a situación de pobreza laboral existente, na que ter traballo non significa ter ingresos dignos.

Polo tanto, comezando por esta reforma laboral e seguindo polas sucesivas reformas das pensións que durante estes anos viñeron aprobando, vemos que nin recuperamos nin gañamos dereitos.

En Galiza, pasamos estes anos da marcha de Feixó a Madrid á chegada de Rueda á Presidencia da Xunta, producida tras as últimas eleccións galegas onde se veu confirmada a maioría absoluta do PP.

Así, vimos padecendo uns gobernos do PP obsesionados en afondar na submisión ao gran capital español e mundial, pero tamén na dependencia económica e política ao sistema español consagrado na Constitución do 1978 e no Estatuto de Autonomía de Galiza de 1981 que negan os dereitos nacionais de Galiza e que nos somete a ter un papel periférico no económico, de colonia dentro do Estado español, á par dun continuo proceso de desgaleguización e españolización de Galiza até o extremo de colocarnos nunha situación crítica que pode facer dubidar do noso futuro como un país propio, diferenciado do Estado español.

Boa mostra é o actual Goberno galego, que aproveita as políticas españolas e, co seu profundo proxecto reaccionario e dereitoso, acaba por convertelas en máis lesivas para o pobo galego, provocando un aumento da pobreza e da desigualdade.

A acción do PP está a contribuír de forma intensa á destrución dos nosos sectores produtivos e industriais estratéxicos, aplicando unha política suicida para o futuro da sociedade galega, empregándose de forma antidemocrática e autoritaria, facendo uso e abuso da maioría absoluta e dun control ditatorial dos medios públicos de comunicación.

En Galiza, avanza a desertización industrial e social en comarcas enteiras, abandonadas polas administracións, en canto o Partido Popular mantén a súa carreira desenfreada pola depredación dos nosos recursos naturais e minerais. Un espolio dos nosos recursos ao servizo do desenvolvemento doutros territorios, o que profunda os impactos sociais e ambientais negativos.

A privatización e recorte dos servizos públicos e servizos sociais continúa nunha sociedade galega cada vez máis necesitada de políticas públicas, nomeadamente na atención ás persoas maiores e dependentes, ante a crise demográfica, a desertización do rural e o empobrecemento do poder adquisitivo das pensións.

Un Goberno do PP que non lle abonda con impoñer este deseño, senón que o completa a súa acción suicida, cunha ofensiva contra a nosa lingua, intentando executar un pacto para enterrala.

As liñas básicas da nosa acción sindical e social nestes catro anos

“Coa CIG na rúa, a loita continúa” é algo máis que unha simples consigna que repetimos en todas as nosas manifestacións. Constitúe unha liña fundamental que marca o noso modelo sindical, modelo que no VIII Congreso reafirmamos porque é a clave para ser un instrumento útil e capaz, de contrapoder real fronte á explotación de clase, de sermos combativas/os e firmes para avanzar nas conquistas de dereitos e na transformación da realidade.

Todo isto nun contexto no que a CIG deu a valer que somos a 1ª central sindical en Galiza, malia estar absolutamente silenciada e anulada polos medios de información públicos de Galiza e polos máis importantes medios privados que operan no noso país. Pola súa banda, o sindicalismo español axita como bandeira a desmobilización, con fin de evitar o conflito e fomentar o diálogo social.

A nosa preocupación estes anos foi a de ter iniciativas para actuarmos, procurando referentes á hora de nos pór á fronte das loitas sociais e encabeizando a conflitividade social e laboral. Intentamos poñer en práctica a fórmula aprobada nos relatorios do VIII Congreso: análise colectiva - proposta - panfleto - campaña de socialización - mobilización.

As políticas neoliberais, perfectamente executadas polo Goberno español e galego, co papel seguidista en todo momento de CCOO e UGT, obrigáronnos a redobrar e manter unha constante mobilización tanto na resposta xeral, durante as tramitacións parlamentarias, como na negociación colectiva, para confrontar e dar continuidade nos intentos de introducir nos convenios colectivos os efectos destas novas normas.

Así foron as campañas de resposta á aprobación vía decreto do acordo do diálogo social español da reforma laboral en decembro de 2021, que confirmou a renuncia á derogación das reformas laborais de 2010 e 2012, deixando intacta a aprobada a comezos do 2022. Tamén demos resposta ás reformas das pensións, que foi unha constante para o actual Goberno, mantendo a reforma das pensións que ampliou a 67 os anos para xubilación ordinaria e consolidou os anos para o cálculo da pensión, primeiro dos 25, para en 2023, ampliar aos 29 anos.

O desmantelamento do sistema público de pensións e o fomento da súa privatización, levou á aprobación do cambio na Lei de Seguros Privados

para impoñer os plans de pensións de emprego na negociación colectiva. Ao longo do 2024 aprobáronse máis reformas, entre elas, a que pon fin á xubilación parcial aos 61 anos, mentres se seguen negando os coeficientes redutores da idade de xubilación para as profesións máis penosas e perigosas e se amplía a penalización da xubilación anticipada, impoñendo a prolongación da vida laboral.

Estamos ante un Goberno que se autoproclama “o máis progresista da historia” pero que nega o indulto para o noso compañeiro Pintos, mais grazas á mobilización e a campaña de recollida de sinaturas conseguimos a paralización da súa entrada na cadea. Un Goberno que segue sen derrogar a Lei Mordaza, que reformou o Código Penal para establecer un delito de desordes públicas agravadas, permitindo así as constantes sancións administrativas por aplicación dunha lei que criminaliza a resposta social e a loita obreira.

Neste contexto, en 2022 promovemos importantes campañas, como as Propostas da CIG ante a grave situación económica e social pola carestía da vida na que xa viviamos, agravada polas consecuencias da guerra na Ucraína, propoñendo un paquete de medida urxentes para atallar o impacto que os altos prezos dos bens e servizos básicos están a ter sobre as clases populares, baixo o lema Contra a pobreza, políticas públicas e salarios dignos.

Así mesmo, facíase denuncia dos beneficios multimillonarios das grandes empresas, nomeadamente sector eléctrico e bancario, realizando ocupacións das entidades financeiras en varias ocasións.

En outubro de 2023 presentamos reclamación colectiva contra o Estado español ante o Comité Europeo de Dereitos Sociais, para demandar que se estableza o salario mínimo interprofesional do 60% do salario medio e, así, cumprir coa Carta Social Europea, a cal o Goberno español segue incumprindo a día de hoxe, fixando importes dos salarios mínimos que non garanten un nivel de vida digno ás persoas traballadoras e as súas familias.

En 2024, a dous anos da aprobación da reforma laboral, levamos adiante unha campaña denunciando a realidade de precariedade e pobreza laboral vixentes, baixo o lema STOP PRECARIIDADE, TRABALLO DIGNO e con toda unha táboa reivindicativa para demandar unha nova lexislación laboral que garanta un emprego cos dereitos.

Durante este ano 2025 e ante o risco da consolidación desta realidade laboral e social de empobrecemento xeneralizado, levamos adiante a campaña TRABALLO, IGUALDADE, SALARIOS DIGNOS NUNHA GALIZA CON DEREITOS.

Por último, nestas últimas semanas, en coherencia coa liña que levamos tendo desde hai anos sobre o sector enerxético, presentamos o documento “Bases para unha estratexia galega da enerxía. Obxectivos e actuacións”. Un documento elaborado a partir dunha exhaustiva análise do sector, no que se debulla unha estratexia galega que poña a enerxía ao servizo do pobo, rompendo co actual modelo colonial, promovendo a soberanía, a xustiza social e a sustentabilidade. Unha alternativa que permita ao noso país pasar de ser territorio de sacrificio a converterse en potencia enerxética soberana para crear emprego, industria e facer real unha transición enerxética galega xusta.

A nivel confederal, a central sindical promoveu e/ou participou en campañas, mobilizacións e na organización social de plataformas na construción de poder popular. Neste sentido podemos dicir con satisfacción que en Galiza o sindicalismo e o ecoloxismo –de forma especial con Adegas– fomos pioneiros, a respecto doutros territorios do Estado español, en compartir e manter unha ampla e común visión sobre a transición enerxética.

Nesta nosa acción social e no fomento de amplas alianzas sociais, salientamos:

- O impulso para o nacemento da Coordinadora Eólica Así Non, integrada por un número importante de sectores organizados no ámbito do ecoloxismo, o sindicalismo, os montes veciñais, as plataformas veciñais de persoas afectadas, etc., que compartimos desde diferentes enfoques a necesidade de procurar unha solución alternativa, desde a intervención pública e desde a libre capacidade do pobo galego de ser quen de planificar e decidir sobre o aproveitamento dos seus recursos de forma soberana e democrática.

Contribuímos de forma decidida nas campañas e mobilizacións contra o espolio eólico e enerxético do país e na defensa dun modelo enerxético alternativo, xusto e sustentábel, por e para o pobo. Mobilizacións como a de maio de 2022 ou a celebrada o 23 de abril de 2023, na que se rodeou a Xunta. Así mesmo, presentamos o decálogo de demandas ás organizacións políticas, coincidindo coas eleccións. Tamén se fixeron mobilizacións descentralizadas, a mobilización o Día das Montañas, xornadas de debate para tecer un modelo enerxético alternativo ao servizo do pobo galego e mais en apoio e solidariedade co sector do mar ante a ameaza da eólica mariña.

- Galiza pola Paz, contra a guerra da Ucraína e coa participación na contracimeira “Galiza contra a OTAN” e contra o aumento do gasto militar.

- Contra a vaga de lumes e o plan forestal, e contra a eucaliptización do país coa plataforma “Por un monte galego con futuro”.
- As convocatorias da Organización Galega de Comunidades de Montes: contra os intento do Goberno galego de expropiación dos montes veciñais; en defensa dos montes en man común, para o que se rexistraron máis de 12.000 sinaturas avalando e promovendo unha ILP.
- Con Vía Galega e Galiza Cultura na campaña de recollida de sinaturas “Galiza, un pobo, unha selección”, avalada por 4.326 sinaturas, ou na campaña para divulgar e promover o uso dos nosos símbolos nacionais; na manifestación do 24 de abril de 2022 “Somos unha nación”; na recollida e presentación de preto de 16.000 sinaturas en apoio á ILP para a restauración do texto fidedigno do himno galego (rexeitada no Parlamento polo PSOE e o PP); no congreso “Recoñecemento internacional de Galiza Nación”; na celebración do 117 aniversario da estrea do Himno Galego
- Con Queremos Galego, os 17 de Maio; no lanzamento do manifesto “Queremos Galego no Congreso” ou no acto nacional polo galego do 17 de novembro de 2024, que tivo a súa continuidade o día 23 de febreiro cunha gran mobilización que rematou no Obradoiro e na máis recente do 17 de Maio.
- Coa Plataforma Ulloa Viva e coa Plataforma en Defensa da Ría de Arousa contra Altri e contra a Mina de Touro, con multitudinarias mobilizacións en Palas, rodeando San Caetano, enchendo e desbordando o Obradoiro ou na Pobra do Caramiñal; impulsando a presentación masiva de alegacións...
- Na Defensa das rías, na manifestación multitudinaria do 21 de xaneiro de 2024, en defensa do noso mar e no apoio decidido á ILP en defensa das rías galegas.
- Coa Plataforma Por unha CRTVG ao servizo do pobo, coa que se convocaron mobilizacións e se impulsou a ILP “Liberemos a Galega”.
- Coa Plataforma SOS Sanidade Pública, nas numerosas e masivas mobilizacións nacionais e comarcais e na ILP en defensa da sanidade pública, onde se chegou ás 50.000 sinaturas.
- Concentracións, manifestacións, denuncias e resposta sostida no tempo coa Coordinadora Galega en solidariedade con Palestina, con masivas respostas.

Por último, temos que destacar a conmemoración que levamos adiante no ano 2022 dos 50 anos das loitas de 1972, de marzo en Ferrol e de setembro en Vigo, que deron nacemento ao sindicalismo nacionalista. Desde

aquelas datas, o sindicalismo nacionalista e de clase que representamos foi medrando de forma constante e imparábel até sermos hoxe a primeira forza sindical en representación sindical, afiliación e mobilización social en Galiza.

Fixémolo para poñer en valor de onde vimos e como xeito de entender o que somos hoxe. Ao longo destas décadas e arredor da CIG construíuse unha central sindical de forte unidade e solidariedade de clase, que se labrou, que se labra loita a loita, nos centros de traballo, nas fábricas e nas rúas, por medio da mobilización obreira e popular na defensa dos nosos intereses de clase.

As loitas máis importantes

Ao longo destes catro anos foi constante a capacidade de mobilización, concentracións, folgas nos sectores e moitos territorios.

A defensa do emprego e dos servizos públicos, pola mellora dos salarios e das condicións de traballo, pola redución da xornada de traballo, pola industrialización, contra a precariedade, as desigualdades e as discriminacións, contra os despedimentos, os ERTE, represión sindical, etc., viñeron e veñen marcando o noso día.

Mobilizacións e loitas todas grandes, importantes e necesarias, pero sendo tarefa imposíbel mencionar e recoller toda elas, si merecen o noso recoñecemento e aplauso porque fan a CIG máis forte e contribúen a facer avanzar a dignidade da clase traballadora galega. Algunhas delas son as que van a continuación.

Folga das dependentas de INDITEX, Bershka, comedor de Pull&Beer en Narón (Sodexo), Zara Loxística, Pizzerías Camabalache, Maitours, Grupo Alsa de Ferrol, Ilunion, centro Especial de emprego do Grupo Once na automoción en Vigo e Ourense, Massimo Dutti, Lefties, H&M, Wowen Secrets, mobilizacións do sector do comercio de alimentación, Vegalsa, Carrefour Lugo, Froiz, Mercadona, persoal dos centros socioculturais de Compostela, folgas nas recollidas do lixo en Ponteareas, Nigrán, Burela, Lugo, Narón, Vilalba, Compostela, Padrón, Cedeira, Valdoviño, Carballo, Vilagarcía, planta de Lousame, planta de Albada, persoal da limpeza da Cidade da Cultura, folgas de paros do persoal da CRTVG, Diario de Pontevedra, persoal de limpeza do Gil Casares, clínico e provincial, de JCórdoba en Correos, limpeza da Xunta de Galiza, limpeza hospital da Coruña (Acciona), complexo hospitalario de Pontevedra, Acciona do Montecelo, Alfrío, Atunlo O Grove, Serviguide de Lalín, Narwhal, persoal de ENCE en Pontevedra, empresas de ambulancias, Pérez Torres Marín e Ferrol, Frigodeza Lalín, contra o peche de sucursais bancarias, limpeza das dependencias municipais de Vigo, contra a externalización da limpeza Gran Hotel A Toxa, limpeza contedores de Stellantis - Vigo, limpeza Limpuen en Ponteareas, JOFRASA, Hotel Almirante Ferrol, Residencia Concepción Arenal, Bibliotecas Municipais da Coruña, Mersant Seguridade, Yaunde en Lugo, Prosetecnisa – GFC Security Group, Prosegur A Coruña, persoal conserxerías das instalación deportivas da Coruña, Limpeza CHUF (Serveo), Leche Río, Capsa- Larsa (Outeiro de Rei), Jevaso, INDASA, Galictio (auxiliares de Navantia), Sargadelos, etc.

Mobilizacións e folgas na negociación colectiva galega, provincial e de empresa, contra a precariedade laboral: traballadoras do SAF, residencias da 3ª idade, convenio da conserva, convenio galego de ambulancias, ABANCA, convenio estatal de banca e caixas de aforro, convenio estatal de consultorías, de seguridade privada, convenio estatal de grandes almacéns, convenio estatal grandes cadeas sector téxtil e do calzado, convenio metal da Coruña, Pontevedra, Lugo e Ourense, convenio provincial de carpintaría da Coruña, convenio de Industrias Losán, Grupo Ingemar, persoal conservación autoestradas, comercio alimentación da Coruña, Pontevedra e Lugo, comercio metal de Pontevedra, convenio da limpeza de Lugo, convenio sanidade privada da Coruña e Pontevedra, Navantia, auxiliares de Navantia, persoal das fundacións de investigación sanitaria, persoal das escolas infantís, espazo Beatriz Seijo Artist Studio, por un convenio galego para os centros de menores, escola de música da Coruña, persoal de Esteve Teijin, Vitrasa, Maessa Naval SLU e Empse, ITV galegas, empresas de mantemento da refinaría de Repsol, Plastic Omnium de Redondela, Constellium Automotive no Porriño, depuradora de Vigo e A Coruña, Gestamp Vigo, BorgWarner de Vigo, COASA en Ourense, Magna Seating Vigo, IKF A Guarda, La Veneciana en Lalín, Nueva Pescanova, Urbanos de Ourense, Clesa en Caldas de Reis, Marfrío en Marín, conservas Garavilla, amarre e desamarre porto de Vigo, Bosch Vigo, convenio colectivo de centros de chamadas, convenio de oficinas e despachos de Pontevedra, folga no mantemento zonas verdes de Vigo, persoal de POVISA, LIDL Narón, Arenal perfumerías na Coruña, Intasa, Fundación Camiña Social, Convenio Leche Celta Pontedeume, convenio Insuiña, Pescanova Arteixo, convenios provincias e galego de transporte de viaxeiros por estrada, grupo Monbus, Europastry Lugo, convenio de THUNE EUREKA, convenio de Ferroglobe (Sabón e minas), etc.

Mobilizacións e folgas contra o desmantelamento industrial, despedimentos, ERTE e a chamada transición enerxética, convertida en Galiza nunha auténtica demolición e reconversión industrial: folga xeral na Mariña, nas Pontes, mobilizacións en defensa da industria electointensiva e dunha tarifa eléctrica galega, folga no sector da automoción en Vigo, Pontevedra e Ourense, Einsa Print (As Pontes), Terpil, Edyproga, Erom (Acciona Energía), Navec, ALCOA- A Mariña e auxiliares, mobilizacións do sector de carburantes e biocarburantes, Xeal (antiga Ferroatlántica), antigo estaleiro de Barreras, Televés, Ganomagoga, COMFICA, CIRCET, Coremain, Atento, Teleperformance, Levantina no Porriño, Metalships, persoal de Iberdrola de Lugo e

Ourense, Hispamoldes, IROSA en Valdeorras, Vodafone Vigo e A Coruña, Vertifil de Moraña, Hotel Bahía Vigo, Hotel Balneario A Toxa, Hiperxel, Abai Group (antes Extel), despedimentos Banco Santander, Cibernos, Celsa Atlantic, Tegestacín, conservas Albo (Viveiro), Vesta eólica (Viveiro), grupo SADA PASA (matadoiro de Castro de Rei), etc.

Folgas e mobilizacións na defensa dos servizos públicos, do ensino e sanidade públicos, pola recuperación dos dereitos, do poder adquisitivo e das retribucións, contra a privatización e precariedade laboral no emprego público:

Contra “o pacto de perdas” asinado en Madrid, por unha atención presencial e de calidade e sen discriminacións das administracións públicas, en defensa da atención primaria, contra a falta de persoal para atención médica, ante as agresión e na seguridade nos postos de traballo en todas as áreas sanitarias, fronte á carestía da vida, en demanda da xubilación anticipada e inclusión no réxime do mar dos gardacostas e axentes/bombeiros/as forestais, por un acordo de condicións de traballo do persoal de incendios, para exixir o remate da precariedade e mellora das condicións do persoal bombeiro dos parques comarcais e os consorcios provinciais contra incendios, persoal de Correos, contra os calendarios de comezo dos cursos, contra a segregación de alumnado por xénero, contra a aprobación e aplicación da reforma da L.O. de Formación Profesional, contra o “acordo da infamia”, pola lei de eficiencia organizativa do servizo público de xustiza, contra o desmantelamento e falla de persoal de Correos, mobilizacións contra o desmantelamento do SEPE, etc.

Contra a represión sindical: Amicos, Escola Municipal de Música de Compostela, Concello da Coruña, Arteixo, CAPD Souto de Leixa, Revi en Ourense, Aplinor Vigo, grupo Pérez Rumbao, contratas de GKN, Poliéster Bidasoa, de Caldas de Reis, Faurecia escapes, Lanza do Porriño, Tato pesca en Pazos de Borbén, Industrias Guerra en Vila de Cruces, Unísono Vigo, asilo do Carballiño, GRI Towers do Carballiño, Residencia Monte Tecla A Guarda, Centro de día Agarimo, Domus Vi O Pereiro, Domus Vi Ferrol e Laraxe, Elis Manomatic, SmartGreen (Itelsis Group), Hormigones Carral, Galpgest (área de servizo da A-6 Guitiriz), Transleche-Grupo Lence, etc.

A negociación colectiva

Nestes catro anos a nosa acción sindical na negociación colectiva estivo marcada polas modificacións que trouxo a reforma laboral de 2021, que acelerando e afianzou o marco estatal de negociación colectiva, a flexibilidade interna por medio dos ERTE, a perda de poder adquisitivo dos salarios por mor da inflación, a precariedade por medio dos contratos fixos-descontínuos, e fomentou a parcialización do traballo e o abuso das ETT, incentivou a subcontratación e a externalización, a inseguridade e inestabilidade laboral cos períodos de proba e o despedimento gratuito, consolidou o modelo de subvención pública ás crises empresariais mediante o ERTE REDE e mantivo o convenio de empresa como instrumento para o dumping.

Unha reforma que non derogou as anteriores, ao manter intactos aspectos como o despedimento e a flexibilidade interna das reformas do PSOE e do PP no período 2010-2012. Marco que foi apuntalado en maio de 2023 co vergoñento asinamento do V Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva, dentro dun permanente proceso de pacto social, estatalización e centralización en Madrid da negociación colectiva. Un novo mal acordo fundamentado na renuncia de CCOO e UGT a facer da loita, da mobilización e da folga na acción sindical e na negociación colectiva a mellor ferramenta para afrontar a crise e inflación descontrolada.

E por iso polo que realizamos unha campaña a nivel social e nas empresas contra o V AENC, xa que mediante o diálogo social están a perpetuar a reforma laboral, pactando incrementos por debaixo do IPC, eliminando as cláusulas de revisión salarial, apoiando os plans privados de pensións, fomentando a precariedade e a contratación a tempo parcial ou dándolles máis poder ás mutuas para perseguir as persoas traballadoras que se atopan en Incapacidade Temporal. En poucas palabras, seguiu o ataque da negociación colectiva estatal aos convenios galegos e provinciais, e continuou o imparábel aumento da precariedade e das persoas traballadoras pobres.

O resultado é un marco de negociación colectiva claramente desequilibrado a favor dos intereses da patronal, proxectado polo capital a cambio de enormes transferencias de cartos ao Estado español cos fondos Next Generation, provocando a caída do poder adquisitivo dos salarios, estendendo ao conxunto da clase traballadora os baixos salarios, dividindo a clase traballadora pola atomización dos convenios e individualizando a negociación das condicións laborais por medio do teletraballo, a dixitalización e as plataformas dixitais.

Ante este escenario propuxémonos superar mediante a negociación, a mobilización e o conflito todas os atrancos que o diálogo social colocou no camiño da clase traballadora galega. En primeiro lugar, como primeiro obxectivo, superamos o pacto de rendas asinado no V AENC que non garantía manter o poder adquisitivo, superado con importantes subas salariais, sendo a nosa nación a que maior incremento tivo no Estado español neste período, con aumentos medios do 4,76% no ano 2022; 4,63% no 2023; e 3,45% no 2024. Así tamén, fomos quen de volver a incluír a cláusula de revisión salarial, garantindo incrementos superiores ao IPC, pasando do 30% dos convenios que a incluían no seu texto ao 75% do total en 2024.

No eido salarial tamén mantivemos o debate sobre a contía real do SMI, que segue sen cumprir coa Carta Social Europea para chegar ao 60% do salario medio, de xeito que debería ser na actualidade duns 1.320 euros mensuais, xa que o engano na súa aplicación por parte do Goberno, CCOO, UGT e a patronal española está a provocar que moitas persoas traballadoras non sexan retribuídas por riba deste SMI na táboas salariais. Igualmente, fomos quen de obrigar a que se aplicase o convenio sectorial con respecto ao salario nos convenios de empresa que o propio Ministerio de Traballo lexislou pero que non quería facer efectivo co silencio cómplice de CCOO e UGT, conseguindo a súa aplicación na empresa Maitours en canto ás táboas do convenio de transporte de persoas viaxeiras da Coruña ou nas empresas do automóbil co convenio do metal de Pontevedra.

Por outra banda, seguimos deseñando as nosas estratexias de loita contra as novas formas de explotación laboral que se estenden de forma xeneralizada, prohibindo e limitando as ETT e a contratación fixa-descontinua e a tempo parcial. Marcamos mínimos do 90% dentro dos cadros de persoal indefinido para rematar realmente coa contratación temporal e puxemos en funcionamento comisións de contratación dentro dos diferentes sectores para facer un verdadeiro control e limitar a precariedade na contratación. Así mesmo, continuamos a realizar o traballo de formación sindical no corpo das persoas delegadas da CIG para a identificación e loita contra estas novas formas de explotación laboral dentro dos centros de traballo e dos distintos sectores.

A modificación do artigo 84 ET, que deu prioridade aplicativa aos convenios sectoriais galegos sobre calquera outro acordo ou convenio de ámbito estatal, é unha oportunidade para reforzarmos o Marco Galego de Relacións Laborais, mais tamén nos impón novas prioridades e tarefas: abrimos o camiño para acadar novos marcos galegos en sectores como comercio e

alimentación, hostalaría, limpeza, mantemento e cociña nos hospitais, fundacións de investigación, comercio téxtil, serradoiros, madeira, construción, metal, transporte de persoas viaxeiras, panadarías e pastelaría, escolas infantís de 0 a 3 anos, centros de menores e centros de persoas discapacitadas, ademais da aposta polos convenios sectoriais de ámbito galego para complementar ou substituír algúns dos actuais convenios provinciais paralizados, e tamén para regular novos sectores de actividade.

En canto á xornada laboral, a flexibilidade foi reforzada coa “flexiseguridade” da reforma de 2021, pretendendo desordenar interesadamente para a empresa os horarios e as quendas. A anunciada redución da xornada ás 37,5 horas semanais vai ter unha difícil aplicación polas diferentes trabas que pretende incluír o Goberno español no seu desenvolvemento lexislativo. Cuestións como contabilizar en cómputo anual a redución da xornada semanal ou que o descanso de 15 minutos en xornadas diarias de máis de 6 horas non se considere como tempo efectivo de traballo van provocar que a redución da xornada teña unha aplicación menor da que o Goberno e os “axentes sociais” predican.

Porén, para a súa aplicación real a xornada semanal vai ter que converterse nunha das principais materias nas plataformas da negociación colectiva neste 2025 e en sucesivos anos. Un dos principais retos no presente para a clase traballadora é a redución do tempo que pasamos no traballo ás 35 horas semanais, necesario para deixar espazo ás persoas que non atopan emprego. Galiza é unha das rexións de Europa con maior taxa de paro, e a progresiva automatización de moitos empregos manuais deixará fóra do mercado laboral a milleiros de persoas traballadoras, convertendo a redución de xornada nunha necesidade urxente no mundo do traballo.

Demos o debate no proceso de privatización do sistema público de pensións no que se atopa o actual Goberno coa chegada á negociación colectiva dos Plans de Pensións de Emprego. En todos os organismos, pero tamén nos convenios aos que chegou esta proposta –como o estatal da construción– propuxemos que se garanta a promoción e xestión pública destes fondos de pensións, xestión que debe facerse necesariamente desde o ámbito público por organismos tripartitos, coa participación da CIG. Ademais, debe de garantirse o dereito das persoas traballadoras a desvincularse voluntariamente destes plans.

Co regresivo e fraudulento acordo do V AENC potenciouse a promoción e xestión por parte das mutuas das baixas en procesos de incapacidade

temporal por continxencias comúns. Durante todo este período realizamos campañas contra o abuso das mutuas e levamos nas plataformas dos convenios propostas para aumentar o control sindical e limitar o poder que exercen sobre as persoas traballadoras en incapacidade temporal.

O único camiño na loita contra situacións extremas de precariedade é o da axitación social, a mobilización e a conflitividade. Temos unha oportunidade para ampliar o Marco Galego de Relacións Laborais e que dea valor aos convenios sectoriais, provinciais ou galegos, e que estes teñan prevalencia sobre os convenios de empresa e estatais. A CIG ostenta a condición de sindicato maioritario en Galiza como expresión do dereito que ten a clase traballadora galega a pechar acordos sobre as condicións de traballo no noso país. Precisamos, pois, ser capaces de parar mediante a negociación colectiva e a mobilización o empobrecemento e a perda de dereitos.

Emprego

Durante estes catro anos sufrimos unha campaña de propaganda por parte do Goberno do Estado e da propia Xunta xustificando a situación do emprego no noso país como a mellor posíbel. Galiza segue estando á cabeza do desemprego dentro das nacións de Europa, cunha taxa de paro que dobra a da media europea; un emprego que sofre da estacionalidade dun modelo económico e laboral baseado na precariedade, na parcialidade e nos baixos salarios e no que todo é turismo, Camiño de Santiago e eucaliptos.

A nosa acción sindical en materia de emprego centrouse en diferentes aspectos, como en desenmascarar a farsa dos fixos-descontinuos, unha “trampa” na que as persoas con contrato fixo-descontinuo non computan como desempregadas aínda que non estean percibindo un salario. Como consecuencia, a taxa de desemprego que estamos a sufrir é moito maior, mais o SEPE non contabiliza estas persoas como paradas. Unha das nosas principais accións nestes anos foi sacar á luz esta mentira nos diferentes sectores.

Por outra banda, o medre da contratación indefinida veu do crecemento exponencial da contratación indefinida a tempo parcial, que continúa a ser a máis empregada, especialmente en actividades moi precarias e feminizadas. Por iso presentamos unha batería de medidas para controlar e limitar este tipo de contratos dentro das empresas, dándolle a maior importancia á transformación destes contratos en indefinidos a tempo completo.

Outra das consecuencias en Galiza do novo modelo de contratación foi o aumento dos despedimentos un 20,7% e e a baixada nas indemnizacións percibidas nunha media do 34,9%. A non derogación da reforma laboral de 2012, xunto coa precarización da contratación facilitada pola reforma laboral de 2021, permitiu que o empresariado despida máis e máis barato. Por todo isto, a nosa acción sindical centrouse na defensa dos postos de traballo e na loita contra os despedimentos ilegais.

Por último, rexistrouse un incremento das persoas despedidas por non superar o período de proba. A patronal viu no período de proba unha vía para seguir a incorporar persoas traballadoras por períodos temporais curtos tras a eliminación do contrato por obra e servizo, rompendo a relación laboral sen a necesidade de xustificación ou de aviso previo, xa que o único requisito é que a decisión se comunique por escrito. Este despedimento non dá pé a obter unha indemnización. A nosa proposta durante este período foi limitar este a un prazo de 15 días para todos os colectivos de persoas traballadoras.

En definitiva, as novas modalidades na contratación multiplicaron a precariedade, cambiando a forma pero non o fondo, mudando as estatísticas pero non a realidade. Así, impúxose a xeneralización da contratación a tempo parcial e a fixa-descontinua, que pasou a substituír os contratos temporais, que se ven sensibelmente reducidos. Ao mesmo tempo, permitiu o abuso e uso fraudulento dos períodos de proba como modalidade de contratación, sen ningún tipo de indemnización, operando para todos os efectos como un despedimento libre. Por último, reforzouse o papel das ETT e das axencias privadas de colocación para levar adiante toda esta reforma, en prexuízo dos servizos públicos de emprego.

Mentres non se aprobe unha lexislación que outorgue estabilidade no emprego, mellore os salarios e remate coas fórmulas que facilitan a creación de emprego precario, non sairemos deste bucle desemprego – emprego - desemprego. A nosa acción sindical para os vindeiros anos debe pasar por avanzar na creación dun Marco Galego de Relacións Laborais para podermos decidir e incidir sobre as nosas condicións de traballo.

Feminismo galego e de clase

A CIG dispón de dúas ferramentas imprescindíbeis para conseguirmos avanzar en organización, concienciación e formación para a defensa dos dereitos das mulleres traballadoras, a Comisión Nacional de Mulleres e os Encontros de Mulleres. En ambas as dúas estruturas partillamos experiencias sobre a situación nos diferentes sectores, coñecementos sobre as formas de acoso no traballo, a infravaloración dos traballos feminizados, a discriminación salarial, as alternativas da CIG na negociación dos planos de igualdade e artellamos propostas de traballo para vehiculizar as nosas alternativas a través de campañas que levamos ás empresas e ás rúas.

A formación tamén é peza fundamental no avance da igualdade nos centros de traballo e na nosa organización. Neste sentido puxemos os medios para dispor dunha oferta formativa ampla a fin de que a nosa representación sindical poida afrontar a negociación dos planos de igualdade nas mellores condicións para conseguir avances reais.

A CIG seguiu a dar pasos para a consecución dunha práctica sindical en que a perspectiva de xénero impregne o quefacer diario en todas as fronteas, porque queremos construír un sindicalismo feminista, pondo en práctica o que xa somos estatutariamente. Na negociación colectiva e negociación dos planos de igualdade fixemos un traballo de sistematización e divulgación das nosas alternativas en materia de igualdade retributiva, medidas de apoio á conciliación, medidas contra o acoso sexual ou por orientación sexual e de xénero, revalorización dos traballos de coidados, etc. Ao mesmo tempo, singularizounos a capacidade mobilizadora e acompañamos coa nosa presenza na rúa cada Encontro nacional de delegadas, a campaña contra a fenda salarial e as datas referenciais do 8 de Marzo, 25 de Novembro e as convocatorias contra a violencia machista ante as agresións e asesinatos machistas na Galiza. Campañas nas que nos reafirmamos na defensa do potencial revolucionario do feminismo de clase fronte ao interese do poder en estender un modelo de feminismo cosmético que non cuestiona o sistema económico e social como raíz das discriminacións das mulleres. Neste contexto, continuamos mantendo as convocatorias só de mulleres porque consideramos que segue a ser imprescindible reforzar a nosa autonomía e apoderamento.

A precariedade laboral en aumento afecta sobre todo ás mulleres, de forma particular aos traballos de coidados. Entre estes é lacerante situación das traballadoras do fogar, un sector que permanece aínda lonxe de con-

tar con dereitos laborais plenos, no que se encontran as mulleres cunha maior vulnerabilidade, como as migrantes. Por isto, na acción institucional, promovemos na CCAINC o estudo da situación do sector e alternativas e paralelamente solicitamos a apertura de negociación dun convenio colectivo propio a través do CGRL. Por outra parte, tamén neste marco consensuamos o Protocolo contra a violencia e o acoso sexual, laboral, por razón de sexo e identidade nos centros de traballo, ou a Guía de boas prácticas para promover a igualdade na negociación colectiva, dúas ferramentas de utilidade para que a representación sindical poida incorporar a igualdade de oportunidades e a perspectiva de xénero nas relacións laborais.

Nestes anos en que o feminismo acadou un maior nivel de aceptación social, en que as mobilizacións feministas parecían non ter teito, canto ao número e á transversalidade social que as conforma, a CIG propúxose abandeirar en Galiza a defensa dun feminismo verdadeiramente liberador para as traballadoras, que analiza e elabora alternativas á situación específica da discriminación que padecemos as traballadoras en Galiza, isto é, un feminismo galego e de clase.

As mulleres da CIG contribuímos ao afortalamento do feminismo galego a través da participación na Marcha Mundial das Mulleres, pois consideramos que organizar o feminismo no noso país desde unha óptica anticapitalista e anticolonial é fundamental para acompañar o medre da conciencia feminista coa conciencia nacional e de clase. Mais a contribución da CIG á dinamización do movemento feminista galego foi especialmente relevante nos anos precedentes, a través das convocatorias de folgas de mulleres e de grandes mobilizacións de ámbito nacional que lograron imprimir unha dinámica propia ao feminismo galego. Este grande impulso do feminismo galego decaeu nestes últimos anos, por varios factores, entre o que se encontra a división do movemento diante de asuntos como a posición ante a coñecida como lei trans ou outros xa historicamente polémicos como a prostitución. Foi así como aflorou a transfobia nunha parte do feminismo na Galiza. Para a CIG, que loita por acadar unha sociedade igualitaria e non patriarcal, é de xustiza defender os dereitos de todas as persoas a manifestar con liberdade a expresión ou a súa identidade de xénero.

A elaboración e defensa de medidas que eviten a discriminación laboral do colectivo LGTBIQ no marco da negociación colectiva tamén fai parte do traballo da CIG, dun xeito máis intenso no presente e futuro para dar resposta acaída á nova normativa que se está a implementar nas empre-

sas. Por outra parte, seguimos a avanzar na defensa dunha linguaxe que dea cabida a identidades de xénero que van máis alá do binarismo home/muller, a través da publicación da Guía de uso interno para unha linguaxe inclusiva e respectuosa coa diversidade, e da negociación de Protocolos para a prevención e actuación ante todas as tipoloxías de acoso (sexual, psicolóxico, por razón de sexo, orientación sexual, identidade, expresión de xénero ou características sexuais).

Optar por unir forzas, pola interseccionalidade das loitas contra o patriarcado, como forma de explotación e de sometemento, é vital para buscar non só xustiza para as mulleres e o resto de persoas disidentes, senón para nos liberar dun sistema que nos leva oprimindo demasiado tempo e que nos asasina.

Institucional

Este período congresual estivo marcado polos efectos e repercusións da Covid-19, as guerras, os procesos de dixitalización, cambio climático, a reactivación dos proxectos extractivistas dos nosos recursos e acentuación na derogación e desmantelamento de dereitos laborais profundando na explotación da clase traballadora.

Moitas desas medidas tiveron en boa parte translación nos anteproxectos de lei, normas e decretos que foron ditaminados ou tomados en consideración nos organismos institucionais, nos que por dereito e representatividade participamos e que nos deu a posibilidade de presentar alternativas de clase e como país, confrontando tamén a nivel institucional a imperante axenda reaccionaria e as políticas de retroceso neoliberalas.

Na elección do Presidente do CES novamente non se contou connosco no período de consultas e tampouco houbo un proceso interno no seo do Consello onde avaliar distintas posibilidades e posíbeis candidaturas, demostrando unha vez máis unha falla de respecto por parte do goberno do PP tanto a institución que ten que velar pola participación dos axentes socioeconómicos e a sociedade civil organizada como o traballo que nela se desenvolve. Mostra dese desprezo foi a inxerencia tentando impedir unha emenda a totalidade do “Anteproxecto de Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia” na que o Presidente no seu primeiro pleno forzou unha votación, saltando a lei e o propio regulamento do CES para forzar unha segunda lectura do ditame emitido pola comisión aínda así fomos quen de manter unha visión crítica sobre o anteproxecto de lei e aquelas cuestións fundamentais en clave de país como a constitución dunha Empresa Pública Galega de Enerxía, o peche dos ciclos produtivos, a bonificación da tarifa eléctrica, e toda unha serie de medidas en clave de poñer freo a quen só vén a espoliar a nosa Terra.

Por parte do Goberno séguese na tónica de furtar a función esencial do CES de Galiza como órgano consultivo de emitir ditames preceptivos, ao non dar traslado de todos e cada un dos anteproxectos que pola súa importancia e transcendencia socioeconómica e laboral, tal como recolle a lei, deberían ser tramitados polo organismo. Exemplo clarificador dese ocultamento foi a presentación dos Plans Directores para o sectores do automóbil e naval cando o Plan estratéxico onde se declaran os seis sectores

estratéxicos para fortalecer o sector industrial en Galicia curiosamente non pasou polo organismo para o seu ditame. E é de destacar que neses seis sectores estratéxicos non aparece a industria alimentaria, coa importancia que ten para o noso país o sector agrogandeiro, a pesca, acuicultura e marisqueo. Por suposto o goberno do PP segue a empregar o procedemento de urxencia coa finalidade de restrinxir a posibilidade de analizar os temas de tanta transcendencia con maior profundidade.

Neste anos, no intento de control do CES por parte do Goberno, a maiores da elección a dedo da presidencia e as artimañas que acabamos de analizar, tamén se pretendeu recortar a súa independencia e autonomía por mor do proceso de funcionarización, xa que os postos de persoal técnico quedan abertos a outras administracións ou entes como paso previo para que finalmente o CES dependa da Xunta. Tamén hai un novo intento de incorporar unha asociación agraria que modificaría a composición do Pleno para que este fose máis proclive aos seus intereses, aínda sen cumprir o requisito de ser unha das de maior implantación no sector.

A elección da presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais tivo especial gravidade, xa que os propios estatutos da institución marcan a participación das organizacións máis representativas que formamos parte do CGRL, como así ocorreu no anterior intento por parte da Xunta de impoñer a súa candidata. Un intento de proposta que conseguimos botar abaixo, ao sermos quen de trasladar ao Pleno a conculcación dos propios estatutos do Consello. Nesta ocasión por parte do goberno do PP, patronal, CCOO e UGT houbo unha total sintonía e colaboración, sendo capaces de deturpar o proceso de participación institucional por medio do chamado diálogo social, sendo cada vez máis patente a súa intencionalidade de deixar á marxe o sindicato maioritario, combativo e representativo, sen entender que do mesmo xeito que non renunciamos ao conflito tampouco o faremos nos nosos dereitos de participación institucional.

A posta en marcha dos procedementos intraxudiciais de resolución de conflitos mediante a mediación, así como a xestión dos conflitos individuais de traballo prevista para este período, viuse torpedeada pola resolución da Dirección Xeral da Función Pública. Esta resolución establece a incompatibilidade de que o persoal das administracións públicas poida formar parte do rexistro de actuantes do AGA. Na práctica, isto supuxo a paralización do proceso, ao impedir a participación de persoas idóneas para exercer funcións de mediación e arbitraje en conflitos laborais, precisamente por

seren profesionais alleos aos axentes implicados nas relacións laborais –sindicatos, empresas e asociacións patronais–, condición esencial para garantir a súa integridade, neutralidade e imparcialidade.

Tamén tomamos parte activa –e mesmo impulsamos diversas iniciativas– para reactivar e garantir o funcionamento efectivo dos distintos consellos e comisións onde se materializa a nosa representación institucional tanto en Galiza como no conxunto do Estado español, en condición de central sindical máis representativa. Con esta implicación, procuramos facer fronte ao bloqueo e inutilización que, baixo o pretexto do diálogo social, se vén impondo neste eido. Especial consideración crítica temos que facer da nula operatividade do CES do Estado español, chegando a situacións de paralización no seu funcionamento por causa de non ter pasado os asuntos polas mesas do diálogo social.

A saúde laboral

Nestes últimos catro anos a situación preventiva na Galiza volveu caracterizarse pola falla de actuación política por parte do Goberno da Xunta dirixido polo PP, que está a incrementar notabelmente os grandes problemas estruturais que en materia de seguridade e saúde laboral padece a nosa Terra nas últimas décadas.

Nos últimos anos 2021, 2022, 2023 e 2024 seguimos a ocupar os primeiros postos no índice de incidencia en accidentes graves e mortais, dobrando en moitos casos o índice de incidencia da media estatal, ou incluso triplicando, como aconteceu no 2024, en relación á Madrid ou Catalunya. Así as cousas, hoxe por hoxe, e por termo medio, unha persoa traballadora galega cando asiste ao traballo ten practicamente o dobre de posibilidades de morrer nun accidente que unha persoa traballadora española.

Así mesmo, seguimos a sufrir dun xeito sostido un alto índice de incidencia en accidentes graves, de lesións psicolóxicas e doenzas psicosociais, o que indica claramente que unha parte importante das empresas galegas teñen un grave problema de falta de prevención, estando moi lonxe de acadar unha verdadeira integración da prevención nos lugares de traballo. Circunstancias estas especialmente agravadas pola falta histórica de interese político e os minguados recursos económicos e humanos destinados polo Goberno galego do PP ás políticas de seguridade, prevención de riscos laborais e atención á saúde mental no noso país.

En calquera caso, os resultados da nosa actividade técnico-sindical en materia de prevención de riscos laborais ao longo destes últimos catro anos pódense considerar como satisfactorios e favorábeis para a clase traballadora galega, chegando a formarse en materia de PRL, a través dos nosos cursos e accións formativas desenvolvidas neste período temporal, ao redor de 17.000 persoas traballadoras, a inmensa maioría afiliadas da nosa central sindical.

Desas 17.000 persoas traballadoras formadas en PRL neste período, aproximadamente 14.000 fixérono a través da modalidade de teleformación e 3.000 a través da modalidade de formación presencial. Cantidade final esta última que se ve reducida como consecuencia da imposibilidade de realizar formación presencial na programación do ano 2021, consecuencia da persistencia da pandemia da Covid-19 a principios dese ano.

Durante este período de actividade de catro anos, na CIG mantivemos a prestación de servizos de asesoramento técnico en materia de prevención

a pleno rendemento, impartindo unha ampla oferta de accións informativas e de sensibilización, e realizando multitude de asesoramentos técnicos, presenciais e en liña, en materia preventiva para o conxunto da nosa afiliación, así como para os nosos/as delegados/as e cadros sindicais, que activaron e executaron as nosas actuación nesta materia no marco da nosa acción sindical.

Así as cousas, neste período realizáronse 3.611 accións de asesoramento técnico en materia de prevención de riscos e saúde laboral, fundamentalmente solicitadas polo conxunto dos nosos cadros e afiliación.

Finalmente e seguindo esta estrutura de síntese de actividade, cómpre informar de que se publicaron 21 números do Boletín CIG-Saúde Laboral, nos que se abordaron con diversos temas de actualidade e máximo interese preventivo para mellorar a nosa resposta na área de prevención de riscos laborais nas empresas e proporcionar máis e mellor información ás persoas traballadoras galegas nesta materia.

A defensa e compromiso co galego

A defensa do dereito a usar o noso idioma é marca de identidade da CIG como organización sindical nacionalista. No noso país as reivindicacións laborais e sociais desde que existen organizacións propias expresáronse en galego. Mais neste momento o galego está a deixar de formar parte da vida cotiá de cada vez máis poboación, nomeadamente a máis nova. Por iso foi e será necesario reforzar aínda máis o empeño en exixir a cadros e inculcar á afiliación o emprego do noso idioma.

Somos conscientes das posíbeis dificultades que pode ter unha parte das persoas delegadas no uso do idioma e para axudar a remontar esta situación ofrecemos cursos de lingua presenciais e en liña.

Mantivemos nestes anos o apoio ás campañas a prol da normalización do noso idioma organizadas pola Mesa pola Normalización Lingüística e participamos no impulso da mobilización social a través da plataforma Queremos Galego, que demostrou ser adecuado catalizador da vontade popular para defender o noso idioma, segundo se demostra en cada convocatoria.

Sabemos que a nosa lingua non gozará de normalidade plena mentres permaneza no goberno da Xunta un partido de vocación españolizadora, que só concibe a presenza do noso idioma como un elemento folclórico ou de museo. Polo contrario, para que as persoas galegofalantes non sexamos estranxeiras na nosa patria, cómpren políticas de reinstauración do galego onde agora non ten presenza e de preservación onde está vivo. Para isto loitamos, para o ensino deixar de ser un elemento desgaleguizador das nosas crianzas e que sexa un lugar de encontro co galego para as xeracións máis novas desherdadas da lingua propia; para que as administracións ofrezan como primeira opción o uso da nosa lingua; para que os gobernos impulsen o seu uso por parte das empresas de calquera índole, etc.

Mais aínda non sendo favorábeis as políticas dos gobernos, podemos acadar avances, pois a nosa vontade é decisiva para nos dotar de ferramentas que impulsen a normalización do noso idioma. Por iso empregamos o galego en todos os ámbitos, galeguizamos os nosos nomes e restauramos a forma xenuinamente galega dos nosos apelidos, apoiamos iniciativas como a de Nós Diario, único xornal escrito en galego, consumimos produtos etiquetados en galego, desfrutamos e espallamos as iniciativas de ocio e cultura en galego... defendemos os nosos dereitos lingüísticos.

A formación sindical e para o emprego

En colaboración coa Fundación Moncho Reboiras e a Secretaría da Muller e o Gabinete de Igualdade da CIG, mantivemos a formación en feminismo e políticas de igualdade no traballo, e por outro lado, a mellora no emprego da lingua galega.

Así, desenvolvemos as seguintes acción formativas:

- Cursos sobre temáticas relacionadas co traballo sindical nas empresas: Dereito do traballo, cálculo de nóminas, liquidacións salariais e indemnización por despedimento, modalidades de contratos de traballo, defensa dos dereitos da clase traballadora galega ante a situación de ERTE/ERE, políticas de desconexión, conciliación e teletraballo, defensa das pensións públicas, negociación plans de igualdade, protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso, rexistro e auditoría retributiva, dixitalización do mundo do traballo...
- Formación político-sindical fundamental para entender o modelo sindical da CIG, as claves ideolóxicas que conforman a nosa razón de ser como sindicato nacionalista e de clase.
- Cursos de lingua para mellorar a competencia oral e escrita. Claves históricas da situación do galego e pautas para a súa recuperación.

Estas actividades formativas impartíronse a un total de 2.514 persoas delegadas, o que demostra a necesidade e o interese dos cadros sindicais en se formaren e teren unha maior participación sindical.

Cómpre salientar as distintas publicacións da Fundación Moncho Reboiras de diferentes materiais divulgativos, revista Enxergar, o Boletín do Arquivo do sindicalismo nacionalista, os cadernos de Setembro de 1972, Guía básica para o uso correcto da lingua galega, A estrela que nos guía, O imperialismo e a mundialización, Traballo fronteirizo, emprego e protección social, O nacionalismo galego nos anos 70, etc.

A formación para o emprego

Nestes últimos catro anos, a formación para o emprego experimentou cambios moi significativos. Estas mudanzas, aprobadas e implementadas polo Goberno español e a Xunta de Galicia, aínda baseándose nunha teórica mellora da empregabilidade e adaptación da formación profesional ás demandas actuais do mercado laboral, na realidade completan o modelo de precariedade que as sucesivas reformas laborais veñen impondo. Especialmente teñen o punto de mira na xente nova, co fin de incorporar ao traballo sen dereitos a mocidade.

Xa en 2021, coa publicación de varios reais decretos, vimos como parte da oferta formativa do Ministerio de Traballo pasou ao Ministerio de Educación, concretamente os certificados profesionais, núcleo da formación maioritaria que imparte FORGA.

A aprobación da Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de Ordenación e Integración da Formación Profesional transformou o sistema de formación profesional nun sistema único para o acceso ao emprego.

A aprobación do Real Decreto lei 2/2023, do 16 de marzo, obrigou desde comezos de 2024 a cotizar á Seguridade Social os períodos de prácticas do alumnado, tanto as non remuneradas como as remuneradas, durante a súa formación na empresa, incrementándose a burocracia e os custos ás entidades de formación; no noso caso, a fundación Forga.

Con estes cambios profundos, vemos como parte da cota de formación até o de agora no Ministerio de Traballo, pasou ao Ministerio de Educación. Os fondos de emprego transferidos a Galiza estanse utilizando para unidades formativas nas empresas, plans integrados, obradoiros de emprego, orientación laboral, centro de novas tecnoloxías... quedando unha parte residual para “outros” que se consideren medidas activas de emprego.

No momento actual estase nun período de transición e adaptación á nova lexislación, continuando coa execución dos plans formativos habituais e explorando novas oportunidades de formación. Nestes catro anos desenvolvéronse desde a nosa fundación 216 accións formativas e formáronse 3.047 persoas.

A formación a persoas desempregadas incrementouse lixeiramente con respecto aos últimos catro anos. Desenvolvéronse 116 accións formativas e formáronse 1.463 persoas.

En 2024 saíu por primeira vez unha nova convocatoria de formación para persoas ocupadas que trae un cambio significativo, pois non é por

concorrenza competitiva, senón por compromiso de participación. Isto podería abrir un aspecto importante en canto á detección de necesidades formativas por parte dos sectores e que a formación sexa máis focalizada nas realidades reais que demandan as persoas traballadoras.

Forga ten a disposición unha plataforma en liña na que se imparte formación e se dá soporte técnico e aloxamento de contidos para aula virtual e ou teleformación. Nestes anos ampliamos servizo a ensino, a Administración pública autonómica, a Correos e ao Gabinete de Saúde Laboral.

A nosa comunicación

Feita a análise rigorosa sobre a proxección pública da imaxe da CIG nas redes sociais, salientamos a proliferación de perfís vinculados á nosa central sindical. Para resolvermos isto, e de camiño outras situacións, ampliamos as persoas a participar nas reunións do Gabinete de Comunicación, ao tempo que aumentamos a periodicidade das xuntanzas da Comisión Nacional de Comunicación, co obxectivo de conseguirmos unha maior homoxeneización e coordinación en materia de comunicación externa e de formación interna e coa responsabilidade de intensificar o traballo que reforce a coordinación interna entre as diferentes estruturas e consolide unha rede de difusión de contidos fornecidos pola nosa central sindical.

Neste período intercongresual afianzamos e incrementamos a nosa aposta pola comunicación a través das redes, valéndonos de diferentes estratexias de difusión que lograron visibilizar a nosa acción sindical e principais campañas tanto entre a nosa afiliación como entre a clase traballadora galega en xeral, procurando paliarmos a invisibilización intencionada por parte dos medios de comunicación que pretende ocultar a nosa actividade.

Multiplicamos os esforzos por consolidar e aumentar o noso alcance nun contexto vertixinoso de proliferación de novas redes e consumo masivo de contidos, exixindo unha cada vez maior adaptación por parte do gabinete a través da planificación e do estudo continuo da estatística asociada. Porén, desde o Gabinete de Comunicación elaboramos a “Guía de boas prácticas” para mellorar a nosa comunicación nas redes sociais vinculadas á CIG (Federacións, Comarcas, Unións Locais, Seccións Sindicais, Comités de Empresa,...) ademais de marcar as pautas a seguir á hora de dirixírmolos aos medios de comunicación

A tendencia xeral podería resumirse nunha teoría de “rendementos decrecentes” para a comunicación: cada vez son precisos maiores esforzos para acadar idénticos resultados, sen deixarmos de lado que existe ao redor das redes sociais certa fetichización e potenciación sistémica en favor dunha virtualidade que na CIG valoramos como complementaria pero nunca substitutoria da nosa acción presencial.

Entre 2021 e 2025, as redes sociais preexistentes da CIG experimentaron diversas flutuacións no tráfico, debido aos cambios nos algoritmos das plataformas, a tendencia xeral cara á priorización do contido xerado por usuarios individuais (UGC) en detrimento dos xerados por medios e

entidades, así como pola aparición de novas plataformas, nun escenario onde os oligopolios estadounidenses da comunicación pugnan pola súa cota de mercado e orientan as redes cada vez máis ao consumo, procuran o pagamento para obter tráfico (“pay to play”), marxinan contidos críticos e implementan a intelixencia artificial.

Aínda que Facebook, que antes era a principal rede, viu unha caída nas visitas, plataformas como Instagram e TikTok experimentaron un crecemento considerábel no seu alcance. Ademais, Twitter (actualmente X) experimentou unha perda significativa de usuarios desde 2024 debido aos cambios na súa xestión baixo Elon Musk.

Neste contexto, diversificamos a distribución de contidos potenciando Instagram, até o anterior congreso en fase embrionaria, e creamos novos perfís tanto en TikTok como en BlueSky, ampliando tamén as publicacións a través dunha canle en whatsapp.

Comparativa da Evolución do Tráfico nas Redes Sociais da CIG (2021-2025)

Facebook: experimentou unha caída no tráfico a partir de 2021 debido aos cambios no seu algoritmo e á preferencia por contidos máis persoais fronte aos corporativos. Os algoritmos penalizan con menor visibilidade se non hai interacción frecuente das persoas seguidoras, até o punto de desaparecer do muro. Tamén prioriza contido de amizades, relegando o contido das páxinas corporativas. En 2025, Facebook consolidou un modelo no que o alcance orgánico é mínimo, e as entidades deben investir en publicidade para que as súas publicacións sexan visíbeis.

En 2021, o tráfico era relativamente alto, pero comezou a diminuír progresivamente. No primeiro cuadrimestre de 2025 experimentamos unha suba.

Evolución de Visitas:

- De 2021 a 2022: Aumento de 3.049 visitas diarias (37,1% de incremento).
- De 2022 a 2023: Descenso de 4.960 visitas diarias (44,1% de caída).
- De 2023 a 2024: Descenso de 2.489 visitas diarias (39,4% de caída).
- De 2024 a 2025: Aumento de 2.896 visitas diarias (75,8% de incremento).

Media total durante o período (2021-2025):

- 7.265 visitas diarias.
- 9,4 millóns de visitas totais (estimadas)

Evolución do seguimento:

A pesar da diminución global de visitas, aumentamos un 25,7% o número de persoas seguidoras, o que implica unha cifra crecente que procuran información actualizada da CIG.

- VIII Congreso: 14.737
- Marzo de 2025: 18.521

X (antes Twitter, CIG): experimentou unha diminución no tráfico e na visibilidade debido aos cambios no seu algoritmo e a política de monetización, especialmente desde a compra por parte de Elon Musk. Os chíos con ligazóns a plataformas externas sofren penalización, e o modelo de “freemium” agresivo, onde sen pagar apenas hai visibilidade, reduciu o alcance das contas sen subscrición. Desde 2023, X perdeu máis de 6 millóns de persoas usuarias só en Europa.

Evolución de impresións diarias:

- De 2022 a 2023: Aumento de 564 impresións diarias (12,2% de incremento).
- De 2023 a 2024: Descenso de 1.388 impresións diarias (26,7% de caída).
- De 2024 a 2025: Descenso de 1.478 impresións diarias (38,9% de caída).

Media total durante o período (2021-2025): 3.986,5 impresións diarias.

Media total durante o período congresual anterior (2017-2021): 7.812 impresións diarias

Evolución do seguimento:

Ao igual que en facebook, a pesar da diminución global de visitas, aumentamos un 22,3% o número de persoas seguidoras desde o inicio do período, o que implica unha cifra crecente que procuran información actualizada da CIG.

- 11.853 seguidores/as a 18/4/25 (+2.163)

Instagram (CIG: @galizacig_ig): Instagram amosou un crecemento no tráfico, especialmente impulsado polo formato de vídeos curtos “Reels”, sumado aos contidos efémeros “stories”. Esta plataforma experimentou un forte crecemento na súa base de usuarios a nivel global, especialmente entre as xeracións mozas, e conta con grande implantación no Estado (as cifras din que un 70% de usuarias de internet están hoxe activas en instagram), o cal beneficiou tamén á CIG.

Nesta rede non publicamos todos os contidos da web, senón que seleccionamos os vídeos, cartaces e anuncios de convocatorias e as novas máis destacadas, o que tamén implica unha maior irregularidade nas visitas dependendo da conxuntura.

A interactividade das persoas usuarias é maior, así como o alcance orgánico, estimado nun 9–12% (en Reels ata 15–20%) logrando evitarmos en maior medida a invisibilización á que nos someten os algoritmos en X ou Facebook.

A media diaria de visitas en 2025 situouse en 2.255. A respecto das persoas que nos seguen, aumentaron nun 304,1% a respecto de 2021.

- Setembro de 2021: 1.039 seguidores/as, 80 publicacións.
- Abril de 2025: 4.198 seguidores/as, 280 publicacións.

En todo caso, cómpre comentar que esta rede non forneceu estatísticas até épocas recentes, co cal non dispomos do mesmo historial que noutras plataformas

TikTok (CIG: @galizacig_tiktok): TikTok foi unha das plataformas con maior crecemento nos últimos anos, especialmente entre a mocidade. A plataforma caracterízase polo seu formato de vídeos curtos que favorecen unha maior viralidade e o seu algoritmo favorece o impacto rápido e prioriza contidos de contas que a persoa usuaria non segue (“para ti”), supostamente baseadas no comportamento, fronte ao de instagram que é máis “comunitario” e favorece os contidos de contas que xa se seguen.

- Dispomos unha conta en tiktok desde xullo de 2023, publicando todos e cada un dos vídeos que editamos.
- A día de hoxe contamos con 1.475 seguidores/as.
- Obtivemos 234.000 visitas no último ano (desde abril do 2024 a abril de 2025), así como 10.000 gustos.
- A media de visualizacións desde abril de 2024 (último ano) é de 18.751/mes.

Bluesky (CIG: @galizacig_bluesky): é unha plataforma relativamente nova lanzada a finais de 2024, similar ao antigo twitter no seu funcionamento, que comeza a gañar terreo, sobre todo nutréndose de usuarias que decidiron abandonar a rede X desde que Elon Musk a adquiriu, aínda que está nunha etapa incipiente de adopción.

Contamos con bluesky desde 2025, na que publicamos os mesmo contidos que en X (agás todos os vídeos dada a limitación de duración), conseguindo 354 seguidores, sen dispormos de máis estatísticas.

YouTube (CIG: Avantartv): Avantartv, o canal de YouTube da CIG, continuou funcionando durante o período de 2021 a 2025. Aínda que houbo unha caída na visibilidade de contidos sindicais e políticos na plataforma debido aos cambios no algoritmo, e a que os vídeos cobran cada vez maior protagonismo nas restantes redes, a CIG seguiu mantendo a súa presenza activa con máis publicacións.

Así pois, incrementamos un 88,24 % no número de vídeos publicados e aumentamos un 57,62 % no número de subscritores, mentres que diminuímos un 37,37 % en visualizacións totais.

O crecente papel das redes sociais e doutros medios de comunicación dixital non significou que deixásenos a un lado a necesaria presenza e visibilidade da central sindical a través de soportes impresos. Neste sentido, a edición de cartaces, faixas, lonas, dípticos, colantes,.. para as campañas do 8 e 10 de Marzo, Primeiro de Maio ou do 25 de Novembro, ademais de aumentar a nosa visibilización nas campañas da Secretaría das Mulleres, con camisolas, suadoiros, chuvasqueiros, chalecos... Cómpre destacar tamén as campañas gráficas realizadas nestes últimos catro anos, nos que tivo un papel relevante a campaña STOP PRECARIIDADE, TRABALLO DIGNO

Mención especial merece o Boletín Sindical; afrontamos e debatemos os contidos e a planificación para garantir a súa tiraxe, recollendo un resumo mensual das accións máis destacábeis levadas adiante e que ten como obxectivo achegarnos a todas aquelas persoas traballadoras que aínda non deron o paso de afiliárense á CIG. Como complemento ao Boletín Sindical en formato impreso, elaboramos unha versión dixital deste, cunha maqueta propia, que é enviado mediante correo electrónico.

Así, ao tempo temos que salientar a difusión a través do Diario Nós e de Orgullo Galego, da nosa acción sindical e de todas aquelas campañas protagonizadas pola nosa central.

Temos que ser quen de que a afiliación e a base social da CIG se converta ela mesma na principal ferramenta de intercomunicación e difusión de todo o que a nosa central sindical publica, xerando un incremento necesario da nosa presenza pública

As relacións Internacionais

As mudanzas destes últimos anos, a nivel internacional, levaron a esta situación actual, cun avance do fascismo, o imperialismo colonial, e un proceso de aceleración do capital, coa emerxencia de figuras como Bolsonaro, Milei e máis recentemente Trump. Precisamente, os últimos movementos e anuncios xeoestratéxicos feitos polo novo presidente norteamericano e a xente do seu gabinete, con imposicións de aranceis, que logo rebaixa ou suspende, e as ameazas sobre outros países soberanos, son un claro síntoma de que, tal e como se intuía, a lideranza da orde mundial polos EUA chega á súa fin, e ábrese a oportunidade para construír esoutro mundo multipolar que poida garantir a paz, o desenvolvemento sustentábel para todos os pobos, o respecto pola súa soberanía e a xustiza social.

A globalización, tal como coñecemos anos atrás, xa non favorece os EUA. O dólar estase a debilitar e a guerra comercial e tecnolóxica está sendo gañada pola China, que xa é o primeiro socio comercial de máis de 140 países, e os BRIC+.

Neste anos, observamos como esa alianza inseparábel de imperialismo, fascismo e sionismo vén impondo o seu dominio con accións máis explícitas, crúas e patentes, renunciando á hexemonía e o liderado por consenso, e cunha escandalosa exhibición, sen complexos nin vergoña, da guerra, o xenocidio, a sobreexplotación, a extorsión e o saqueo dos pobos do mundo, incluído o seu propio pobo, nun intento desesperado de crecemento militarizado e represivo. As distintas fronteiras da guerra total que leva provocando contra o mundo emerxente (Ucráína, Palestina, O Iemen, O Sahel, O Congo, O Cáucaso...) parece que non lle son abondo. É por iso polo que Palestina se converteu, desgraciadamente, nun terrorífico exemplo desta dinámica, e a súa loita na loita común polo futuro da humanidade.

En Europa, o panorama ao que nos vimos enfrontando non é como para ser moi optimistas. A pesar de rematar asumindo unha guerra nas súas fronteiras, que a OTAN provocou, e da que agora se desentende, e a pesar da política agresiva de aranceis á que os EUA a está a someter, lonxe de buscar o camiño da paz, e a apertura a outros mercados emerxentes, e lonxe de impulsar políticas que melloren as vidas dos seus cidadáns e cidadás, segue nunha posición submisa e dependente, nunha escalada de incremento orzamentario para armamento, xa desde o comezo da guerra de Ucráína, como a OTAN lle viña exixindo e para mellor beneficio de quen

posúe as principais industrias no sector, os EUA e Israel. E isto, cunhas institucións gobernadas pola dereita e o fascismo. Unha Europa cómplice co xenocidio de Israel en Palestina, e sumida nunha linguaxe e campaña bélicas, coreadas polos medios de comunicación ao seu servizo.

E o goberno “progre” do Estado Español, apúntase, sen rubor nin dúbidas, a este discurso, cunha postura destacada no apoio a Ucraína, incrementando de xeito exponencial o orzamento dedicado a Defensa, e non poñendo en cuestión en ningún intre (a pesar dos últimos xiros e acontecementos) a pertenza á OTAN, o mantemento das bases norteamericanas no seu territorio ou os acordos comerciais con Israel.

Todos estes acontecementos veñen causando unha substancial mudanza na natureza do capitalismo, cun aumento da financeirización e a deriva especulativa, e novas agresións imperialistas amparadas na impunidade, diante da pasividade das institucións internacionais, totalmente desacreditadas, e a ausencia dun necesario movemento global organizado de contrapoder.

A crise económica de 2008 e posteriores, a pandemia, a guerra na Ucraína e o avance do fascismo, levaron a crear uns modelos de estados tecnocráticos, ao servizo do poder económico e das grandes empresas, que lles permitan fuxir de calquera tipo de controis democráticos, e convertelos en paraísos fiscais, como unha nova forma de poder, por riba dos propios estados, provocando a destrución das industrias locais, a entrega dos recursos ás multinacionais e o dominio da economía de cada país, atacando á súa soberanía.

O capital soubo crear, e manter, todos aquelas institucións e organismos que lle axudaron a consolidar o seu modelo de explotación colonial, uns para marcar as regras á súa medida, e outros para facer de xendarmes, e velar polos seus intereses, con ameazas, sancións, bloqueos e guerras, chegando ao xenocidio e a ameaza dun conflito nuclear.

O movemento sindical vese, pois, influído por estas dinámicas e acontecementos dos últimos anos. A pandemia e os residuos que deixou na sociedade, os novos modelos de traballo, xurdidos da dixitalización e uberización, e esta situación xeopolítica, están a provocar cambios moi significativos nas organizacións sindicais a nivel internacional.

Gran parte do movemento sindical vén arrastrando, a nivel internacional, unha profunda crise. O que foi, tempos atrás, un instrumento de liberación e conquista de dereitos para a clase traballadora, está agora nunha posición de debilidade e, en moitos casos, con pouca representatividade e credibilidade nas sociedades nas que actúa.

A causa principal é a burocratización, por parte de múltiples organizacións, e a adopción dun modelo de concertación, ligado ao diálogo social, en contraposición ao sindicalismo de clase, esquecendo que o lugar na mesa de negociación estará ao noso dispor cando as patronais perciban que lles é mellor ternos aí que nas rúas, nos piquetes ou nas folgas.

Pero, esta conxuntura que vimos comentando e, ás veces, a incapacidade da esquerda política para crear alternativas e construír un modelo social e económico alternativo ao capital, están a propiciar, tamén nalgúns organizacións sindicais, especialmente en Europa, o aliñamento con posturas moi achegadas a estas visións prebélicas e imperialistas dos seus respectivos gobernos e da Unión Europea. Resultan moi preocupantes as posturas que a maioría dos sindicatos da Confederación Europea de Sindicatos (CES) veñen mantendo con respecto á guerra de Ucraína, ao xenocidio en Palestina e, máis recentemente, sobre a proposta de incremento do orzamento militar en Europa e os seus estados (basta con escoitar as mensaxes de UGT e CCOO no último 1º de Maio).

Afortunadamente, os posicionamentos doutros moitos sindicatos do chamado “Sur global” non están nesta liña, sendo máis combativos, reivindicativos e anticoloniais.

E estas diferenzas tamén se perciben dentro das propias federacións internacionais, tanto a FSM, como a CSI, onde os sindicatos de Latinoamérica, África e Asia están a reclamar, cada día máis, o papel que lles corresponde, en proporción ao número de traballadores que representan, fronte á hexemonía dos poderosos sindicatos occidentais.

Este é o contexto que condicionou as nosas relacións internacionais nestes catro anos:

- Seguimos apostando pola acción común entre os sindicatos de Euskal Herria (ELA e LAB), Catalunya (Intersindical de Catalunya) e Galiza. Nesta liña, o pasado mes de novembro do 2024, a CIG asinou e presentou en Barcelona, coa Intersindical de Catalunya e ELA, unha nova Declaración conxunta sobre o contexto sociopolítico actual e as alternativas que ofrecemos.
- Tamén intensificamos as relacións bilaterais con outros sindicatos do Estado, especialmente coa Intersindical Valenciana, e con OSTA de Aragón, cos que temos acordo de colaboración e aos que gustaríamos de ver no futuro como máis representativos nos seus respectivos países.
- No que respecta aos sindicatos estatais, CCOO e UGT, lonxe de achegar posturas ou, simplemente, manter unha postura de cortesía e respecto

mutuo, cada vez teñen unha actitude máis sectaria coa CIG, que fai moi difícil o entendemento, tamén a nivel internacional. Ao veto que manteñen á nosa entrada solicitada na CES, hai que sumar o veto en eventos organizados polo Ministerio de Traballo, incluso no noso país, así como noutros actos da OIT no Estado, e na propia Conferencia Internacional da OIT, na que o ano pasado nos impediron exercer o noso dereito de intervención nalgunha das Comisións.

- Démoslle continuidade ao acordo de colaboración coa CGTP-IN de Portugal, mantendo reunións bilaterais, tanto das confederacións, como dalgunhas das nosas federacións, e poñendo en práctica estratexias conxuntas, sobre temas comúns ou trasfronteirizos.
- Desde a CIG, temos especial interese en que bote a andar de novo a Comunidade Sindical dos Países de Lingua Portuguesa (CSPLP), modificar os seus estatutos e legalizala como Federación Sindical. No mes de Setembro do pasado 2024, a CIG organizou en Compostela o Seminario Internacional e o Encontro de Mulleres da CSPLP, no que se constituíu o Secretariado de Mulleres e se aprobou o plan de traballo para os vindeiros anos.
- Ás dificultades que xa viñamos comentando anteriormente para as nosas relacións cos sindicatos europeos (o veto dos sindicatos españois na CES condiciona a algunhas organizacións), temos que engadir as provocadas pola situación xeopolítica comentada, con grandes discrepancias na análise que facemos uns e outros sobre a guerra de Ucraína, o xenocidio en Palestina e o rearmamento europeo. Estas discrepancias manifestáronse moi claramente na plataforma de ALTER SUMMIT, que está nun proceso de parálise e posíbel reconstrución. Aínda así, e grazas á coincidencia neste e outros foros, mantemos boas relacións de colaboración con algúns sindicatos de Francia, Luxemburgo, Bélxica, Austria, Noruega, Irlanda, Holanda e Chipre.
- Seguimos a ter un moi bo entendemento cos sindicatos de América Latina (de Arxentina, Uruguai, Chile, Brasil, Colombia, Paraguai, Perú, O Salvador, Ecuador, Bolivia, Guatemala, Panamá, México,...), co tradicional apoio especial e solidario á CTC de Cuba, tanto en recursos, como na contribución a todas as campañas para exixir, dunha vez por todas, a fin do inxusto e ilegal bloqueo que mantén o goberno dos EUA e a inmediata supresión de Cuba da lista de países colaboradores co terrorismo. Este apoio e solidariedade estendeuse, nestes últimos anos, á CST de Nicaragua e ao sindicato bolivariano de Venezuela, tamén afectados

polas sancións arbitrarias do imperialismo ianqui. Participamos tamén na recentemente creada Internacional Antifascista.

- Impulsamos os contactos con sindicatos, tanto do continente asiático, como de África. Ademais da tradicional relación coa FNSCH da China, iniciamos contactos coa Confederación Xeral de Sindicatos de Rusia (GCTU-CGS), e a Confederación de Representacións de Traballadores de Irán (CIWR). No que respecta a África, ampliamos os contactos a sindicatos de Alxeria e de Níxer. Consideramos de interese os procesos de descolonización que se están a dar nalgúns países do Sahel. E é por iso, tamén, polo que asistimos aos dous últimos Encontros Panafricanistas que se organizaron en Barcelona e Madrid, e temos interese en colaborar, para organizar o seguinte encontro aquí en Galiza. Nesta mesma liña, seguimos a formar parte activamente da plataforma dos Sindicatos pola enerxía democrática (TUED), cunha presenza maioritaria de sindicatos do Sur global.
- Continuamos a nosa solidariedade coa causa saharauí, e asinamos un convenio de colaboración coa UGTSARIO, que se concretará, non só en axudas loxísticas, senón no traballo conxunto para denunciar a ocupación ilegal de Marrocos, a súa constante violación dos dereitos da poboación saharauí nos territorios ocupados, a complicidade dalgúns países occidentais, nomeadamente, a Unión Europea e o Estado Español, e defender nos foros internacionais o seu dereito de autodeterminación e o cumprimento das resolucións da ONU.
- E, finalmente, diante da gravísima situación que se está a vivir en Palestina, para a CIG é prioritario seguir denunciando este xenocidio, a quen o está cometendo, a quen o apoia e a quen, co seu silencio cómplice, o está consentindo. Desde a CIG impulsamos a Plataforma Galiza por Palestina, as numerosísimas mobilizacións que se veñen facendo no país, a nivel local e nacional, todos os innumerábeis actos e eventos de solidariedade que se convocan, e introducimos estas denuncias nos nosos discursos, debates, reunións e asembleas. Tratamos de manter contacto coas organizacións da Palestina, cada vez con maior dificultade, pola difícil situación. E, desde a CIG, impulsamos tamén todas as iniciativas que, a nivel internacional, se poidan levar a cabo para parar este masacre. Así o facemos, por exemplo, na Rede Sindical Europea pola Xustiza para Palestina (ETUN), da que formamos parte, e coa que, recentemente, levamos a cabo unha campaña para que a Unión Europea suspenda o seu acordo comercial con Israel, así como outras campañas contra as empresas que colaboran co réxime de ocupación ilegal.

As eleccións sindicais

Nos relatorios do VIII Congreso analizabamos o impacto histórico que supuxo para a CIG converterse na primeira forza sindical en representatividade na Galiza. Subliñamos daquela que ese recoñecemento non foi un agasallo, senón o resultado dun traballo constante e cunha liña sindical clara, e que manter esa posición tampouco ía ser tarefa doada.

Pasados estes catro anos, podemos afirmar que non só mantivemos esa condición de central sindical máis representativa de Galiza, senón que melloramos a nosa porcentaxe de representación, sendo, como nos dous períodos anteriores, a única central sindical das tres maioritarias que incrementou a súa representatividade. Porén, tamén debemos recoñecer certos signos de acomodación que, nalgúns casos, deron lugar a unha menor intensidade no traballo electoral. Isto tivo repercusións en determinados momentos e nalgunhas estruturas.

A consolidación como primeira forza sindical implicou novos desafíos organizativos, derivados dunha afiliación crecente e dunha maior carga de traballo relacionada tanto co incremento da conflitividade como coa xestión sindical diaria e coa propia participación en procesos electorais. A maior número de persoas delegadas, maior necesidade de implicación no traballo sindical e de cadros sindicais para atendelas.

Concluímos o ciclo electoral cun 31,05% de representación, o que se traduce en 5.131 persoas delegadas, a cifra máis alta que nunca acadou a CIG.

A peche de 2023, final de período, a CIG era a forza sindical maioritaria en todas as comarcas agás Lugo e Ourense, onde lideraba a UGT. Por federacións, acadamos a primeira forza en Construción, FGAMT, Industria, Saúde, Servizos e Ensino Público. A UGT encabezaba a representación na Banca, aínda que por unha diferenza mínima, e CCOO mantén a primeira posición na Administración e no Ensino no seu conxunto.

Esta realidade confirmou algo que xa viñamos analizando: a clase traballadora galega segue vendo na CIG a central sindical que mellor defende os seus intereses, e na mobilización e no conflito as ferramentas fundamentais para avanzar nas súas condicións laborais e sociais. Así o demostran os resultados acadados.

Desde hai varios congresos, vimos realizando un seguimento regular dos resultados e previsións electorais nas Comisións Nacionais de Organización. Avaliamos semestralmente o traballo realizado, valorando o grao de cum-

primento dos obxectivos previstos. Este control pormenorizado, comarca a comarca e federación por federación, levounos mesmo a convocar reunións específicas con determinadas estruturas para analizar e activar medidas fronte a dificultades concretas.

Insistiuse na necesidade de aplicar os métodos de traballo acordados en congresos anteriores para mellorar a coordinación interna e a preparación dos procesos electorais. As estruturas que veñen aplicando estas ferramentas evidencian unha maior eficacia organizativa, e isto reflíctese nos resultados. Porén, séguense observando algunhas resistencias á implantación plena destas dinámicas, así como actitudes rutineiras na preparación dos procesos electorais, algo que xa temos concluído que cómpre corrixir para manter e mellorar os niveis actuais de representatividade.

A actual situación sociolaboral na Galiza, marcada por crises continuas, unha enorme precariedade e presións patronais, dificultou e dificulta a implantación sindical en moitas empresas e condicionou os procesos electorais. Neste contexto adverso, os resultados obtidos pola CIG cobran aínda máis valor.

Mantérmonos como primeira forza sindical non só representa un éxito colectivo, senón que tamén reforza o noso compromiso cun modelo sindical combativo, centrado na defensa firme dos dereitos da clase traballadora, sen entreguismos.

Cómpre recollermos neste informe un recoñecemento expreso ao traballo realizado polas compañeiras e compañeiros que, ao longo deste tempo, representaron a CIG nas empresas e centros de traballo e nas estruturas organizativas. O seu compromiso e esforzo son os que fan posíbel continuar avanzando na construción dunha central sindical forte e combativa, cunha liña sindical clara.

Afiliación

O compromiso da clase traballadora coa CIG é cada vez máis evidente, como demostra o aumento constante da nosa afiliación neta, que superou o 3% interanual nos últimos catro anos. A finais de 2024, a CIG alcanzou a cifra de máis de 85.000 afiliados e afiliadas, un crecemento que se observa en todas as comarcas e federacións. Este incremento reflicte a confianza que a clase traballadora deposita na CIG como defensora dos seus dereitos e intereses, resultando nun aumento de 9.000 novas afiliacións en catro anos.

É importante destacar o notábel aumento da afiliación na Federación de Servizos, que afrontou varios conflitos, como os do SAF, residencias ou limpeza, e que resultou nun incremento de case o 22% na afiliación a nivel nacional. No que respecta ás comarcas, destaca o incremento da afiliación na Coruña, que superou os 15 puntos.

En relación á idade, a afiliación de persoas menores de 31 anos subiu de forma modesta, pero constante, cada ano, representando actualmente o 4,3% da afiliación total. Este dato, aínda que discreto, é un sinal positivo que indica que nos estamos achegando a un colectivo máis novo, e representa unha oportunidade para afrontar o avellentamento da afiliación que temos detectado

A pesar da redución do tempo de permanencia na central sindical e do número significativo de baixas, o feito de que o 44% da nosa afiliación actual teña menos de 5 anos de antigüidade reflicte o éxito na captación de novas afiliadas e afiliados. Este aumento, que se traduce en 9.000 novas afiliacións, indica que a CIG está logrando atraer a novas traballadoras e traballadores, e agora temos a oportunidade de consolidar esta afiliación e fomentar a súa permanencia, sendo este o principal obxectivo que debemos marcar.

Neste contexto, é relevante mencionar que o aumento da afiliación estivo acompañado dunha redución das persoas que aboan a cota simbólica, incrementándose en todos os demais tramos de cotas (reducida, especial e normal). Este cambio foi froito dun seguimento máis rigoroso da situación laboral das afiliadas e afiliados, en consonancia cos obxectivos marcados en períodos anteriores.

A través de informes semestrais, estamos identificando as estruturas federativas e comarcais que requiren atención especial no seguimento da evolución da súa afiliación. É positivo saber que moitas das persoas que se dan de baixa deciden regresar á central sindical, o que subliña a importancia de comprender e abordar os motivos que conducen a esa rotación. Un 12% das novas afiliacións en 2024 xa estiveran afiliadas anteriormente, o que indica un potencial para a fidelización e a reconquista de afiliados e afiliadas que se marcharan previamente.

Estes datos foron analizados en numerosos órganos da central sindical, e existe un consenso sobre a urxente necesidade de avanzar na redución desa rotación. Aínda que se propuxo un mecanismo metodolóxico para un seguimento efectivo, temos o compromiso de mellorar a súa implementa-

ción para consolidar unha afiliación estrutural que sexa comprometida co proxecto que a CIG representa.

Durante estes catro anos, traballamos con dedicación para reverter o envellecemento da afiliación, aumentar o compromiso e reducir as baixas. Aínda que as baixas continúan a ser un desafío, o aumento da afiliación con menos de 5 anos é un sinal positivo, e seguimos buscando mecanismos que fomenten a retención e a participación activa das persoas afiliadas.

Asesoría Xurídica

Nos últimos catro anos, as asesorías da CIG experimentaron un notábel incremento na apertura de expedientes, alcanzando unha media anual de 8.800 casos. Este aumento, que se aproxima ao 10%, foi especialmente significativo nos anos 2023 e 2024, presentando un reto considerable para a organización. O obxectivo principal é xestionar adecuadamente esta carga de traballo sen converterse nun despacho convencional, mantendo así a súa esencia de apoio á acción sindical e á defensa dos dereitos das persoas traballadoras.

Este volume de expedientes non só representa un desafío, senón que tamén se converte nunha valiosa fonte de xurisprudencia propia. Para optimizarmos a xestión e o acceso a esta información, implementamos unha base de datos de sentenzas, accesíbel a través dunha aplicación compartida entre as distintas asesorías. Esta ferramenta permite que todo o persoal letrado acceda a información relevante e actualizada, que cada quen comparte segundo os seus criterios. Deste xeito, facilitamos a toma de decisións e a preparación de casos, promovendo a colaboración e o intercambio de información entre compañeiras e compañeiros, aspectos fundamentais para optimizar a xestión dos expedientes e afondar nun criterio sindical coherente.

Un aspecto importante para garantir a equidade no acceso á información por parte do conxunto de persoal letrado foi a finalización do proceso de implantación da aplicación de xestión en todas as asesorías do país. Esta ferramenta non só permite un seguimento puntual dos expedientes, senón que tamén contribúe a evitar a acumulación de casos que non deberían ser tramitados nas nosas asesorías, especialmente aqueles de persoas que se deron de baixa na central sindical. Ademais, a aplicación establece restricións de acceso para aquelas persoas que non cumpriron coas súas obrigas de pagamento de cotas, asegurando así a sostibilidade e a solidariedade

entre a afiliación da nosa organización.

A implantación da aplicación en todo o país tamén posibilita a creación de mecanismos de seguimento trimestral para monitorizar os asuntos que poidan estar experimentando demoras na súa tramitación. Inclúe o seguimento dos prazos para a primeira cita na asesoría, co fin de buscar melloras que permitan que a nosa afiliación reciba unha atención xurídica adecuada. Ademais, realiza un seguimento dos expedientes que se pecharon sen actuación, co obxectivo de mellorar o cribado e identificar posíbeis melloras no proceso de decisión para derivalos á asesoría. A implantación da app tamén está permitindo a elaboración de informes semestrais que proporcionan indicacións por estruturas sobre cuestións relevantes que se deben revisar, facilitando así a identificación de áreas de mellora.

Tal e como temos acordado, é fundamental que os asuntos derivados ás asesorías sexan demandas viábeis ou de interese sindical. Por iso, subliñamos a importancia da implantación e do uso da aplicación para detectar as estruturas que poidan necesitar unha maior atención á hora de filtrar os accesos á asesoría, asegurando así que se dedique tempo e atención aos casos que realmente fornezan valor á acción sindical e á defensa dos dereitos das persoas traballadoras. Actualmente, un de cada tres expedientes da asesoría que se abren péchanse na primeira cita sen continuidade, o que equivale á atención de sete persoas letradas da asesoría a xornada completa. Se ben é comprensíbel que existan casos que non avancen, é necesario reducir esta cifra de forma substancial para poder dedicar máis atención aos asuntos viábeis.

A xestión do elevado volume de expedientes nas asesorías da CIG supón un cambio nas formas de traballo e nas metodoloxías empregadas. A implementación de ferramentas tecnolóxicas e a creación de bases de datos son pasos importantes para optimizar a nosa acción sindical e garantir que as demandas que atendemos sexan realmente de interese para a organización e as súas afiliadas e afiliados. Non obstante, este cambio require unha adaptación por parte de todo o equipo, así como un compromiso colectivo para asegurar que os asuntos se xestione de maneira eficiente e que a esencia da asesoría da CIG como apoio á acción sindical se manteña intacta.

Colectivo de Persoas Xubiladas e Pensionistas: Evolución Organizativa e Actividade

Tras o VII e VIII Congresos, nos que se valorou positivamente a decisión de organizar de forma estruturada o colectivo de persoas xubiladas e pensionistas dentro da CIG, recoñeceuse tamén a necesidade de avanzar na súa implantación territorial e fortalecemento organizativo. Como resposta, puxéronse en marcha unha serie de accións encamiñadas a consolidar e dotar de maior operatividade o Colectivo.

Após a creación, en 2017, da Comisión Nacional do Colectivo de Xubiladas/os e Pensionistas, con representación das federacións e das unións comarcais, e que elixiu a persoa que representou o Colectivo no Secretariado Confederal, procurouse despois do último Congreso, que esa estrutura se estendese de xeito análogo nas Unións Comarcais, promovéndose a constitución das Comisións Comarcais do Colectivo, igualmente con representación das federacións e das unións locais, que tamén elixiron as persoas que as representan nos respectivos Secretariados Comarcais.

Porén, a implantación comarcal produciuse de forma claramente desigual, tanto en intensidade como en estabilidade, o que evidencia que, malia os avances, a situación organizativa do colectivo segue a presentar debilidades estruturais importantes. Existen comarcas onde o colectivo está pouco desenvolvido ou cun funcionamento intermitente, e as diferenzas entre federacións en termos de implicación tamén son significativas. Esta realidade continúa a apuntar a necesidade de intensificar o traballo de coordinación e acompañamento desde o ámbito confederal, así como de aplicar medidas que aseguren unha maior vertebración territorial e funcional do colectivo.

Non se dan, pois, as condicións para dar novos avances na estruturaación organizativa do colectivo, como sería o desexábel, en tanto non se reforce e consolide a presenza e implicación da afiliación xubilada en todas as Unións Comarcais. Mais si se ve necesario traballar en dúas liñas para camiñar cara ese obxectivo:

- Alargar e consolidar a implicación das persoas afiliadas xubiladas ou que se xubilan dos seus traballos, de xeito que se fortaleza o Colectivo. Para isto, é preciso conseguir que as federacións teñan unha maior proactividade á hora de recoñecer e animar as compañeiras e

compañeiros que chegan á idade de xubilación a que se involucren no Colectivo.

- Ampliar a estrutura organizativa ás Unións Locais. Coherentemente coa análise que facemos nos relatorios deste congreso, vese necesario que o Colectivo se alargue tamén a través das Unións Locais, nomeando representantes do Colectivo nas Comisións Comarcais e procurando unha maior actividade local.


Malia as limitacións organizativas que vimos de expoñer, cómpre recoñecer que o colectivo mantivo unha actividade relevante e continuada ao longo do período intercongresual. Entre as accións máis salientábeis, destacan:

- As numerosas mobilizacións en defensa do Sistema Público de Pensións.
- As campañas por unha atención digna á dependencia e por un Sistema Público de Atención ás Persoas, que continúan na actualidade e que supuxeron un enorme traballo de campo, informando nas rúas, e convocando numerosas mobilizacións con resultados desiguais en canto á participación, mais de importancia evidente.
- A realización dunha exitosa campaña contra a exclusión dixital das persoas de idade e a respecto da necesidade de atención presencial e realizada por persoas.
- A campaña por unha Sanidade Pública digna e de calidade, centrada nos aspectos fundamentais que afectan ás persoas xubiladas e pensionistas e as de maior idade.
- A implicación activa en moitas das mobilizacións comarcais e nacionais convocadas pola central sindical ao longo destes anos.


En conclusión, os esforzos realizados desde o VII Congreso permitiron dotar o colectivo dunha presenza estábel e dinamizadora nalgúns territorios, mais a falta dunha estrutura sólida e homoxénea segue a ser unha materia pendente. Será imprescindíbel, neste novo ciclo congresual, redobrar os esforzos para garantir unha maior cohesión, fortalecer as estruturas máis febles e asegurar a continuidade e o protagonismo do Colectivo e a súa vertebración polo territorio, especialmente nas Unións Locais, nunha etapa clave para a defensa dos dereitos das persoas xubiladas e pensionistas.

REPRESENTATIVIDADE SINDICAL POR ANOS NO PERÍODO 2021-2024


2021		
	Nº DELEG	PORCENTAXE
CIG	621	28,34%
UGT	665	30,35%
CCOO	602	27,47%
OUTROS	303	13,82%
TOTAL	2191	




2022		
	Nº DELEG	PORCENTAXE
CIG	1011	30,59%
UGT	848	25,66%
CCOO	869	26,30%
OUTROS	576	17,43%
TOTAL	3304	




2023		
	Nº DELEG	PORCENTAXE
CIG	2762	31,25%
UGT	2210	25,00%
CCOO	2081	23,54%
OUTROS	1784	20,18%
TOTAL	8837	




2024		
	Nº DELEG	PORCENTAXE
CIG	937	30,36%
UGT	809	26,21%
CCOO	791	25,63%
OUTROS	549	17,79%
TOTAL	3086	



PERÍODO ELECTORAL (2020-2023)		
	Nº DELEG	PORCENTAXE
CIG	5131	31,05%
UGT	4248	25,71%
CCOO	4142	25,07%
OUTROS	3002	18,16%
TOTAL	16523	




ANOS DE MANDATO (2021-2025)		
	Nº DELEG	PORCENTAXE
CIG	5280	30,56%
UGT	4497	26,03%
CCOO	4289	24,83%
OUTROS	3209	18,57%
TOTAL	17275	




RESULTADOS POR PROVINCIAS


A CORUÑA		
	Nº DELEG	PORCENTAXE
CIG	2261	31,77%
UGT	1768	24,84%
CCOO	1785	25,08%
OUTROS	1302	18,29%
TOTAL	7116	




LUGO		
	Nº DELEG	PORCENTAXE
CIG	490	26,44%
UGT	524	28,27%
CCOO	490	26,44%
OUTROS	349	18,83%
TOTAL	1853	



OURENSE		
	Nº DELEG	PORCENTAXE
CIG	368	24,13%
UGT	460	30,16%
CCOO	337	22,09%
OUTROS	360	23,60%
TOTAL	1525	




PONTEVEDRA		
	Nº DELEG	PORCENTAXE
CIG	1977	33,19%
UGT	1483	24,89%
CCOO	1492	25,05%
OUTROS	1004	16,85%
TOTAL	5956	



Principais partidas de gastos Caixa Confederal				
	ANO 2021	ANO 2022	ANO 2023	ANO 2024
ALUGUEIRO LOCAIS	30.287,02	31.102,57	30.346,32	30.928,45
PROFESIONAIS	37.445,35	31.178,17	50.698,07	34.407,89
SAÚDE LABORAL	249.825,98	256.886,82	267.589,87	275.742,74
SEGUROS	17.262,00	30.368,17	17.963,65	14.966,08
PUBLICIDADE	6.967,29	23.063,59	19.912,38	69.219,67
SUMINISTROS	111.141,22	190.283,98	220.546,36	137.061,94
CUSTES DE PERSOAL	768.605,04	809.043,32	827.616,82	869.334,78
GASTOS PART. INST. ORG. CONFED. E TÉCNICOS	51.873,47	65.436,21	68.214,01	93.831,37
TRIBUTOS	88.502,79	51.103,62	49.846,13	52.584,30
DÉBEDAS A L/P	347.071,31	9.940,86	350.000,00	325.000,00
AXUDAS A ESTRUTURAS	243.998,83	63.776,46	141.469,46	173.738,30
CONVENIOS	111.286,70	334.935,77	202.094,16	259.731,91


Comparativa evolución ingresos e gastos total CIG				
	ANO 2021	ANO 2022	ANO 2023	ANO 2024
TOTAL INGRESOS	11.088.835,65	12.391.140,79	13.425.721,19	14.579.787,50
TOTAL GASTOS	9.680.428,61	9.364.275,23	10.810.203,04	10.780.397,61






INFORME ECONÓMICO CAIXA CONFEDERAL

Distribución gastos total CIG				
	ANO 2021	ANO 2022	ANO 2023	ANO 2024
CUSTOS DE PERSOAL	6.186.244,72	6.330.350,70	6.848.823,20	7.005.468,78
GASTOS PARTICIPA. E ACCIÓN SINDICAL	424.955,00	525.841,14	633.952,12	681.695,59
SUBMINIST., PROFESI. INDEP E COMUNICACIÓN	1.268.492,63	1.272.725,10	1.555.757,27	1.496.223,41
INVESTIMENTOS E LOCAIS	479.696,35	129.886,20	519.501,57	470.144,09
CONVENIOS	417.858,40	628.322,59	526.790,03	580.475,65
FORMACIÓN	36.000,00	8.000,00	10.000,00	10.000,00
RESTO GASTOS	867.181,51	469.149,50	715.378,85	536.390,09

Principais partidas ingresos total CIG				
	ANO 2021	ANO 2022	ANO 2023	ANO 2024
INGRESOS COTAS	9.553.020,00	10.087.748,21	10.990.633,19	11.948.576,07
SUBVENCIÓN S OFICIAIS	451.378,02	1.284.418,65	816.690,87	973.767,45
INGRESOS PARTICIP. INSTITUCION.	253.613,30	257.712,74	275.986,40	284.037,47
CONVENIOS	518.723,17	551.728,50	570.488,54	582.745,11




Evolución afiliación				
	Ano 2021	Ano 2022	Ano 2023	Ano 2024
PERSONAS AFILIADAS	74.624	75.963	79.509	84.576



EVOLUCIÓN GASTOS AFILIACIÓN CIG


Evolución dos gastos e da afiliación				
	ANO 2021	ANO 2022	ANO 2023	ANO 2024
PERSOAS AFILIADAS	74.624	75.963	79.509	84.576
TOTAL GASTOS	9.680.428,61	9.364.275,23	10.810.203,04	10.780.397,61
Incremento % P. Afiliadas		1,79	4,67	6,37
Incremento % gastos		-3,27	15,44	-0,28



CAIXA DE RESISTENCIA

Evolución da Caixa de resistencia							
2021		2022		2023		2024	
P. Afiliadas	Contía	P. Afiliadas	Contía	P. Afiliadas	Contía	P. Afiliadas	Contía
115	91.040,37	763	129.396,78	758	201.777,41	376	205.137,07





Relatorio de Acción Sindical IX Congreso CIG

Relatorio de Acción Sindical

1 O aumento da explotación capitalista nun contexto internacional incerto marcado pola guerra e a depredación dos recursos

Afrontamos o IX Congreso no medio dunha crítica situación internacional, baixo os efectos do cambio climático e condicionadas por unha ofensiva do capitalismo neoliberal que busca reforzar a explotación de clase e a dominación colonial dos pobos e nacións. Unha carreira desenfreada pola depredación dos recursos naturais mentres se aceleran as profundas transformacións da economía pola descarbonización e dixitalización dos procesos produtivos.

Estamos ante a radicalización dun sistema económico e de produción que é incapaz de xerar un desenvolvemento que garanta o benestar social, resolver as necesidades básicas da humanidade e ser respectuoso coa natureza.

Un modelo en crise, onde a economía financeirizada e o capital prevalecen sobre os Gobernos e sobre a economía produtiva. Un capital obsesionado por un crecemento constante, sen límites para aumentar a taxa de lucro e a concentración da riqueza nunha minoría, sen importar as consecuencias devastadoras para a maioría social.

O protagonismo cada vez maior no contexto internacional dos BRICS, sendo un conxunto heteroxéneo de Estados, representa a realidade de que o mundo é irreversibelmente multipolar. A ruptura da globalización neoliberal é unha realidade imparábel, así como é urxente unha profunda reforma das institucións internacionais, comezando pola ONU e o Consello de Seguridade, seguido do sistema financeiro internacional, desdolarizando a economía, apostando por un comercio mundial multilateral xusto que garanta a soberanía alimentar.

Son urxentes unhas novas relacións internacionais sen subordinacións, sen explotación nin dependencias, fundamentadas no dereito de autode terminación, no respecto á soberanía económica e política dos pobos e nacións para a construción dun mundo necesitado de xustiza, solidariedade, cooperación, igualdade e paz.

A guerra, nova ofensiva do capital

Nesta fase histórica, a chamada globalización neoliberal, o imperialismo, dirixido polos Estados Unidos (EUA), coa subordinación da Unión Europea (UE) e Xapón, aposta polo camiño da guerra para a continuidade deste sistema de explotación, xestionado a través dunha rede de bases militares dos EUA e da OTAN, colocadas estratexicamente para acosar, intimidar e actuar, así como validando resultados electorais ilexítimos, promovendo tentativas golpistas, impondo bloqueos, sancións comerciais e financeiras, así como a imposición de aranceis e sancións aos Estados que non se sometan. Estas son as novas formas de actuación desta potente maquinaria de agresións e xenocidio de pobos, que se suman ás coñecidas invasións e intervencións militares baixo a bandeira de accións humanitarias.

Toda unha nova oportunidade dos EUA, aplicábel a todos os Estados, mesmo aos seus “aliados naturais” europeos, para apertura de novos investimentos e dar saída aos seus produtos. Son exemplos de todo o que estamos analizando o aumento da venda de armamento aos estados europeos para a guerra de Ucraína, o consumo de gas ianqui en vez de gas ruso ou a obriga de depender absolutamente da tecnoloxía e chips ianquis.

O conflito no Oriente Medio, o exterminio e xenocidio do pobo palestino por Israel, decididamente apoiado polos EUA e a UE, son exemplo de todo isto, do pouco que lles importar alimentar este crime contra a humanidade que sofre Palestina.

É unha loita a morte para garantir a súa hexemonía económica, o acceso aos recursos e a concentración da riqueza nos EUA, como centro dun mundo unipolar pero nun contexto mundial no que a orde económica, a das relacións comerciais, financeiras e a xeopolítica comezaron a rachar o seu papel dominante.

Chaman a rearmarse ante “as ameazas” dos países que se opoñen a vivir baixo estas relacións de dependencia.

A chegada de Trump á presidencia dos EUA é unha versión máis embrutecida e descarada da administración Biden, pero coincidente en reforzar o seu papel imperial no mundo. Coloca á fronte do Goberno a magnates e multimillonarios e defende unha nova e máis agresiva versión de “libre mercado proteccionista” impondo aranceis como nova arma de dominación.

A este reforzo do papel imperial responden as ordes de aumento do gasto militar dos Estados integrados na OTAN, mentres se impón nestes, por causa dunha crecente recesión económica, un maior control do déficit público, da austeridade, dos recortes nas políticas sociais e nos servizos públicos.

Neste sentido, temos o caso do Estado español. Nos últimos anos os desembolsos para gastos militares veñen superando o 2% do PIB porque hai desvíos de entre 20%- 30% das previsións dos últimos orzamentos do Estado.

Todo unha ofensiva dos EUA reforzada pola acción tiránica do FMI, do BM e da dolarización da economía mundial, que completan os mecanismos cos que ter presos e castigados os países con duros programas de axustes, redución gasto público, privatización de todas as actividades, defensa fanática do libre mercado, con permanentes desregulacións, como a dos bens e capitais, ou do mercado laboral, recortando os salarios e precarizando o traballo.

Máis riqueza e máis pobreza

A carestía da vida por causa da inflación, a caída do poder adquisitivo dos salarios e a suba esaxerada dos tipos de xuro durante os últimos anos constatan que cada vez o capitalismo neoliberal é máis inestábel, con crecementos moi lentos, recesións máis prolongadas e crises cíclicas, que manteñen no tempo os seus efectos ruinosos para os pobos e as clases traballadoras. 1700 millóns de persoas traballadoras viven en países onde a medra da inflación se sitúa por riba dos seus salarios, e máis de 820 millóns de persoas no mundo (unha de cada dez) pasan fame.

Da crise da COVID-19 e das cadeas de abastecemento, saltamos á crise inflacionista. A permanente presión exercida polos oligopolios sobre os mercados para controlar os prezos e manter a marxe de ganancia, foi xerando un suba esaxerada destes e a medra descontrolado da inflación.

Esta suba dos prezos, especialmente dos alimentos e a enerxía, explota pola guerra de Ucraína, facendo que as ganancias do capital nestes sectores fosen extraordinarios, sumándose ás que xa viñan obtendo, desde a pandemia de forma constante, as da industria farmacéutica e das cadeas de alimentación.

A suba dos tipos de xuro fixo que se socializase a carestía da vida e os altos prezos mentres a banca acumula beneficios astronómicos, causando graves problemas para o conxunto da economía produtiva, aumentando a débeda de particulares, derivando nunha falla de ingresos en amplos sectores das clases populares, que deixan de poder acceder a bens e servizos básicos.

É o resultado dunha economía financeirizada que, baixo o poderío que exerce sobre os mercados, opera a golpe de burbullas especulativas.

Así é que no 2024 a riqueza das persoas máis millonarias medrou tres veces máis rápido que en 2023. A riqueza e a pobreza extremas no mundo incrementáronse simultaneamente por primeira vez en 25 anos.

Nos últimos anos as rendas do traballo perderon case 4 puntos de participación no PIB. O 1% máis rico vén acaparando case dúas terceiras partes da nova riqueza xerada desde 2020 a nivel global.

A depredación dos recursos e a Intelixencia Artificial

A actual ofensiva do capital está nunha fase máis intensiva e violenta de explotación e sobreexplotación á clase traballadora e aos pobos. O traballo humano segue sendo o factor insubstituíbel para a creación de riqueza, para obter beneficios con base na explotación da clase traballadora, coa imposición de reformas na lexislación laboral e de seguridade social que o faciliten. A medra da precariedade e inestabilidade laboral, a caída dos salarios, o aumento das desigualdades e desprotección social das maiorías sociais é o resultado.

A chamada transición enerxética, que atinadamente analizamos no VIII Congreso, hoxe está convertida nun proceso de profundamento na División Internacional do Traballo e nunha nova ofensiva neocolonial que está forzando a migración de millóns de persoas.

Son as nacións e pobos da periferia e da semiperiferia as condenadas a seguir sendo subministradoras de materias primas, recursos naturais e minerais para alimentar unha transición enerxética, que aumenta a demanda de novos materiais e que reabre unha fase de espolio extractivista de catastróficas consecuencias sociais e ambientais.

Todo isto que analizamos non sucede lonxe de nós, nin nos é alleo, e coincide co que estamos a vivir na Galiza, no que se recrúa o histórico espolio e dominación colonial do noso país, coa ofensiva eólica na terra e no mar, coa apropiación da nosa enerxía eléctrica e coa ameaza mineira.

En calquera caso, é unha transición ao ditado co capital, que está sendo social e territorialmente inxusta, como estamos a ver en Galiza. Non hai transición, hai demolición en diferentes sectores produtivos e reconversión industrial pura e dura.

A dixitalización está provocando importantes transformacións de grande impacto na liña do analizado no VIII Congreso, intensificándose o proceso de valorización do capital fronte ao traballo, ao tempo que este se desvaloriza a través das reformas laborais, da negociación colectiva, individualizando e precarizando as relacións laborais.

Estamos ante un proceso do que se vén apropiando o capital, onde os Gobernos actúan ao seu ditado, no que se están a gastar cifras millonarias de diñeiro público para a súa posta en marcha e operatividade. Non hai

unha planificación pública en favor do desenvolvemento do conxunto da sociedade. Estamos ante un novo e perigoso negocio para un reducido número de multinacionais, empeorándose as condicións de vida e no que se ven afectados os dereitos da clase traballadora e das maiorías sociais.

A Intelixencia Artificial é a expresión actual deste proceso que está tendo xa importantes e diferentes impactos negativos. Institucións públicas e privadas internacionais, comezando pola OIT ou o FMI, confirman as previsións da medra exponencial das ameazas para o mundo do traballo, ao estimar que se verán destruídos moitos empregos e unha importante caída dos salarios. Previsións que xa son realidade nos territorios nos que leva anos estando presente a robotización.

A taxa global de desemprego, segundo a OIT, vén incrementándose nestes últimos anos, así como o número de persoas traballadoras en situación de pobreza extrema.

Por último, non podemos pasar por alto a negativa afectación ás liberdades públicas e aos mecanismos de control democrático da sociedade, así como medio ambiente, pola multiplicación dos consumos de enerxía e de auga, que son necesarios e claves para o funcionamento dos centros de almacenamentos de datos.

A dereita e o fascismo nun capitalismo máis reaccionario

O capitalismo está nunha tendencia cada vez máis regresiva e reaccionaria no social, no económico e no político. Foméntase, tanto no centro como na periferia do sistema, que a ultradereita e a extrema dereita estean a renovar o fascismo. Xa marcan e dirixen a axenda de moitos gobernos e institución internacionais, especialmente en Europa e nos EUA.

Non é un feito casual, senón que está oportunamente alimentado polo capital, como nos ensina a historia. É parte da resposta que buscan as elites económicas cando ven ameazado o seu status, cando necesitan reforzar os seus mecanismos de dominación ante o aumento do descontento social pola dureza das súas políticas económicas que xeran desemprego, baixos salarios e aumento da pobreza.

Temos que destacar que esta tendencia reaccionaria ten outros ingredientes cos que se reproducir e ampliar as mensaxes machistas, xenófobas e autoritarias. No caso do Estado español, son unha versión neofranquista e fan causa na defensa fanática da Transición, da Monarquía e da Constitución española do 1978. Reforzan a negación da realidade plurinacional do Estado

español, a unidade do mercado español e a centralización das relacións laborais. É a súa ofensiva fronte ás loitas polo recoñecemento do dereito de autodeterminación das nacións, como Galiza, Euscadi ou Cataluña.

En todo caso, este fenómeno español e internacional ten as condicións idóneas para existir ante a debilidade de importantes sectores da esquerda política, sindical e social, que viven instalados na idea da conciliación e convivencia pacífica das clases sociais e da “España das autonomías”. Todo isto, ao tempo de non estar á altura na súa acción de goberno, de idealizar o diálogo social e fomentar a desmobilización social.

Neste rexurdir reaccionario, non pode pasar por alto que a dereita tamén sitúa na rúa a súa axenda e, cando retorna aos gobernos, faino con políticas máis reaccionarias e con formas máis autoritarias.

O fascismo actual é o resultado da renuncia a confrontar as políticas neoliberais, a construír unha alternativa emancipadora, de soberanía dos pobos e que supere o capitalismo, poñendo fin á explotación de clase, á OTAN e ao imperialismo.

2 A crise actual da Unión Europea e a evolución cara á irrelevancia no contexto global

A Unión Europea (UE), que historicamente pulou por ser percibida como un espazo propio de integración rexional, de estabilidade política, prosperidade económica e pacifismo civilizado, vive unha profunda crise que cuestiona a súa relevancia no contexto global e a súa capacidade para garantir uns mínimos de benestar social e democracia nos seus estados membros.

Na última década, a UE viu diminuír a súa influencia no escenario internacional, que nos últimos meses é máis evidente. A crise financeira de 2008, a crise migratoria de 2015, o Brexit e, máis recentemente, a pandemia da COVID-19 e a guerra na Ucraína, debilitaron as principais economías da zona euro, nomeadamente a alemá, facendo que os Estados membros priorizasen a súa política interna mingando a capacidade da UE de actuar como un actor global, unificado e coherente, quitándolle a carauta a unhas institucións comunitarias (Comisión Europea, Banco Central, etc.) que dependen absolutamente dos grandes estados.

A concepción da UE como unha correa de transmisión do sistema internacional comandado polos EUA fixo da creación da unión puramente económica e monetaria unha renuncia expresa da capacidade política monetaria propiamente dita (devaluación, intervención no mercado, etc.).

Nun contexto onde o resto de actores internacionais se reforzan política, cultural e militarmente, a UE aparece como un actor mediocre, preocupado polo libre mercado, por unhas regulacións en sectores que lles son alleos por non ter activos propios (RRSS, Intelixencia Artificial, guerra...).

É a crise do modelo de libre circulación de capital, mercadorías e persoas baixo a disciplina férrea do Banco Central Europeo, tan servil á Reserva Federal dos EUA e ao capital, como implacábel para ditar, sen ningún tipo de control democrático, políticas laborais, sociais e fiscais inxustas.

A renuncia a ter unha voz propia, sometida aos custos económicos das decisións dos EUA, xunto coa inexistencia da Europa social e a dureza dos efectos de vivir no libre mercado, fan que amplas capas da poboación vexan a UE como un ente alleo e agresivo para as súas condicións materiais, situación ben aproveitada pola ultradereita para ter un discurso que penetra nas capas máis golpeadas pola situación económica.

Afondamento da Europa dos Estados e consolidación da extrema dereita na UE

Esta “Europa dos Estados”, construída desde a negación dos pobos e nacións que a integran, que no pasado se revestía de adobíos de progreso económico e social, queda ao descuberto cando as sucesivas crises económicas se afrontaron con axustes salvaxes, austeridade e finalmente coas profundas reconversións, especialmente industrial, que supoñen os fondos “Next Generation”. Non existe solidariedade entre os Estados membros, senón que estamos ante un duro programa de recortes, con reformas que encobren un relanzamento das receitas neoliberais, como as da crise financeira, con especial consecuencias no ámbito laboral e nos servizos públicos.

Neste contexto, a propia UE e algúns Gobernos adoptan medidas máis restritivas en materia de migración e asilo, o que leva a unha Europa máis pechada sobre si mesma, que volve propoñer controis fronteirizos estatais para as persoas, sendo incapaz de implementar políticas firmes contra a intolerancia e o fascismo ou de promover medidas que garantan a integración das persoas migrantes.

A necesidade dunha Europa dos Pobos e da Xustiza Social

Ante esta realidade cómpre unha “Europa dos Pobos”, que supere o eurocentrismo, a dependencia aos EUA, avance nas relacións cos BRICS e que teña como un dos seus pilares fundamentais o recoñecemento do dereito de autodeterminación dos pobos e nacións que a integran, como o caso de Galiza.

Unha Europa que faga seu o Convenio Europeo dos Dereitos Humanos do Consello de Europa e á Carta Social Europea, que garanta a materialización efectiva do amplo catálogo de dereitos laborais, de protección e seguridade social que contén a Carta Social Europea.

Unha Europa que priorice os dereitos e o benestar das maiorías sociais sobre os intereses económicos das elites, garantindo dereitos básicos como o acceso á vivenda, á educación, á saúde e ao emprego digno, evitando a competencia desleal e o dumping entre os Estados membros.

3 O Estado español e o diálogo social

A realidade do Estado español está marcada pola obediencia a este deseño encamiñado a garantir o mercado único español, reforzando as estruturas estatais e a engrenaxe institucional nacido da Constitución do 78, fundamentada na negación a calquera proceso de recoñecemento dos dereitos das nacións que, como a galega, existimos dentro do Estado español.

A permanente autopropaganda do Goberno sobre o avanzado das súas medidas, cunha dereita e ultradereita que contribúe a esaxeralas cando as critica, acompañado do papel servil e submiso do diálogo social, de CCOO-UGT, que tanto defenden a dereita como esquerda política e sindical española, ten como resultado o cumprimento dunha axenda coa que a patronal e o capital están asegurando a aprobación de políticas neoliberais que facilitan o aumento dos seus beneficios e a concentración da riqueza en menos mans e nuns poucos territorios do Estado, onde en Galiza estamos claramente prexudicadas.

Cómpre deixarmos claro que esta valoración non implica para nós indiferenza sobre quen governe, senón que quere clarificar que a realidade que temos diante non é a que se pode ver a simple vista, a da confrontación dos modelos esquerda-dereita.

Cada ano que pasa, a realidade plurinacional do Estado ten máis presenza e condiciona en maior medida a política española. Precisamente se a dereita e ultradereita non gobernan aínda no Estado, se o Goberno español non é tan neoliberal e centralista como quere, é grazas á presenza e capacidade das forzas sindicais, sociais e políticas soberanistas, que son quen de condicionar a toma de decisións a través da loita social e da conformación de maiorías electorais nas nacións do Estado, freando as derivas españolistas e reaccionarias.

O que fai este autodenominado “Goberno máis progresista da historia” non é a execución de ningún programa revolucionario, senón a aplicación

impenitente dun duro paquete de reformas imposto pola UE como faría, de ser o caso, un Goberno do PP. Cómpre lembrar o que fixeron no pasado os Gobernos de Raxoi e Zapatero. Polo tanto, hai plena coincidencia destas forzas españolas no acatamento ao inxusto plano de axuste e reformas esixidas para acceder aos fondos europeos, que están a transformar de forma substancial a realidade económica, laboral e social, a un alto prezo que estamos a pagar a maioría social. Esta é, entre outras, a razón da non derogación de moita das reformas daqueles anos, non só ás laborais, económicas e sociais, senón tamén as das liberdades públicas.

A reforma laboral do 2021, que non derroga a reforma laboral do 2012 do PP, a continuidade e ampliación das reformas do sistema público de pensións (consolidando a xubilación aos 67 anos, aumentando o período de cálculo, eliminando a xubilación parcial aos 61 anos, impondo os plans de emprego de pensións nos convenios colectivos, etc.), a reforma da Lei Orgánica da FP, as novas medidas no ámbito da igualdade salarial e de xénero, a reforma do subsidio por desemprego, reforma do SEPE e da Lei de Emprego, etc, son algúns exemplos de importantes cambios que van desde un alcance insuficiente, cando non verdadeiros recortes e retrocesos. Reformas que non restituén nin aproban novos dereitos, que non crean emprego digno, en igualdade e con dereitos. Por riba confúndense premeditadamente o recoñecemento de dereitos sociais coas políticas do subsidio e a beneficencia. En calquera caso, a patronal dispón de máis mecanismos legais para empeorar as nosas condicións laborais e salariais.

Cada mes que pasa desde a entrada en vigor da reforma laboral do 2021, vense reforzadas as razóns e críticas da nosa oposición. Esta reforma é a institucionalización da pobreza laboral, é a legalización da inestabilidade e inseguridade laboral.

Novas modalidades de contratación polas que se multiplica a precariedade, cambiando a forma pero non o fondo. Imponse a xeneralización da contratación a tempo parcial e a fixa-descontinua, que pasa a substituír os contratos temporais como paradigma da precariedade. Ao mesmo tempo, permítese o abuso e uso fraudulento dos períodos de proba como modalidade de contratación, de xeito que os contratos se rescinden por non superar o período de proba, sen ningún tipo de indemnización, operando a todos os efectos como un despedimento libre. Por último, refórzase o papel das ETT e das axencias privadas de colocación para levar adiante toda esta reforma, en prexuízo dos servizos públicos de emprego.

Unha reforma laboral á que se suma o fomento dos ERTE permanentes e a extensión dos baixos salarios. Así, deste xeito, as empresas transfíren ao sector público os custos sociais de toda esta realidade de precariedade xeneralizada, ao tempo que se dificulta o acceso, a duración e as contías das prestacións por desemprego.

Estamos ante un deseño planificado polo capital, no que os gobernos están entregados á aprobación de permanentes reformas laborais, dentro dun proceso de desmantelamento, desregulación e flexibilización dos dereitos e condicións laborais, acompañado do fomento dunha menor protección social.

Polo tanto, a precariedade e os baixos salarios que estamos a sufrir teñen causa nas reformas laborais aprobadas. Cada ano caen máis os salarios mentres soben máis as ganancias do capital e máis da metade das familias en pobreza teñan emprego, non por causa da inflación e na carestía da vida, senón que xa vén de moito antes. En todo caso, a carestía da vida o que está a facer é agravar esta situación.

Neste proceso, o debate sobre a xornada de traballo ou a medra do salario mínimo interprofesional é o exemplo máis recente de como este Goberno, con UGT-CCOO colaborando no branqueo, queren deixar sen efecto unha importante reivindicación para un avance real de dereitos, como sería reducir a xornada semanal ás 35 horas, camiño das 32 horas, e situar de forma real o salario mínimo no 60% do salario medio, en cumprimento da Carta Social Europea.

O diálogo social, fosa común no que enterran os dereitos laborais

O diálogo social, que tan presente está en todo este proceso, é sintomático do degradado e desnaturalizado papel institucional dos axentes sociais, pero sobre todo é a constatación da renuncia a un sindicalismo de clase, combativo e de contrapoder, que ten no conflito colectivo e na mobilización a razón de ser para avanzar como clase traballadora.

O diálogo social tense convertido nunha modalidade ilegal desta participación institucional, pasando a ser para CCOO e UGT un fin en si mesmo. Lamentábel papel do sindicalismo español e da esquerda española, que teorizan na defensa da “nova ideoloxía”, axudando a pór lle faciana amábel ao capital, entregados sempre á acción dos Gobernos do momento, sexan de esquerda ou de dereita, para apoiar lesivas políticas sociais, desmobilizando e, con isto, creando as condicións para que a dereita e ultradereita mesmo utilicen a rúa e a mobilización para se facer valer.

En todo caso, cómpre termos claro que a política do diálogo social non é o mesmo que a participación dos sindicatos, dos axentes sociais nas funcións normativas dos poderes públicos.

A confusión interesada de todo isto menoscaba o exercicio da liberdade sindical dos sindicatos que non renunciamos aos nosos dereitos legais de participación institucional e de negociación, pero facendo da folga, da construción e xeración do conflito, a vía para a conquista dos dereitos.

Cómpre reforzar o conflito porque o proceso permanente de desmantelamento do dereito do traballo, a derogación dos dereitos laborais fai máis desequilibrada e inxusta a negociación para a parte laboral, tendo que crear outros escenarios que axuden a xerar unha correlación de forzas favorábel á clase traballadora.

Por todo isto, é fundamental recuperar a centralidade do traballo e da presenza sindical como contrapoder, equilibrio e equidade na sociedade e nos centros de traballo.

4 Galiza neste contexto e a necesidade da soberanía

Os Gobernos de Feixó, e máis recentemente de Rueda, fan destas políticas estatais complemento perfecto do seu programa de acción en Galiza, que o PP combina con todas aquelas do seu programa que reforcen a dependencia económica e política de Galiza ao sistema español, negando un desenvolvemento galego propio co que frear o aumento do empobrecemento e as desigualdades das clases populares, así como a desertización social e industrial de moitas comarcas.

Especialmente lamentábel é o papel do Goberno de Rueda no que ten a ver coa fiscalidade e financiamento autonómico. Un PP que facilita o impago de impostos aos ricos pero que se nega a que Galiza, mesmo desde a condición constitucional de nacionalidade histórica, dispoña dun sistema de financiamento propio, cun réxime de concerto económico co Estado, que poña remate ao sistema de financiamento autonómico vixente no que Galiza perde millóns de euros da nosa recadación de impostos e capacidade fiscal.

Os efectos do cambio na economía e tecido produtivo galego están tendo un duplo e forte impacto. A intensificación do proceso de valorización do capital fronte ao traballo combínase con afondar o papel de colonia de Galiza, obrigada por decisións políticas a ser territorio de sacrificio e condenada a ser subministradora de recursos minerais, forestais, auga, enerxía e a ter unha industria de enclave.

Estamos ante unha política fatal para a sociedade galega que se completa cun turismo desordenado e descontrolado, coa eucaliptización do país, onde agonizan importantes sectores produtivos e se afonda nun modelo que consolida a histórica xeración de graves desequilibrios territoriais, sociais e ambientais. Vivimos unha brutal ofensiva que no franquismo destruíu os ríos e agora vai polas terras, montes e mesmo o mar, que pon en perigo sectores sociais que, grazas ao seu traballo, proporcionan alimentos básicos á poboación, e que, tal como está planificada, é un prexuízo económico e social irreversible.

Todo un deseño feito desde Bruxelas e Madrid en favor doutros territorios, que promove a dependencia de Galiza e do pobo galego, adecuadamente acompañado polo diálogo social, con UGT e CCOO e a patronal, que seguen tendo un papel colaborador. Todo o público está á disposición do negocio e a rendibilidade do capital e dos fondos de investimento. Seguimos proporcionando man de obra barata a través dunha emigración que nos está a deixar sen xente, nun país cada vez máis avellentado, onde o saldo vexetativo empeorou máis dun 70% nos últimos anos. Nin sequera a crecente chegada de migrantes frea a perda de poboación en idade de traballar. Desde o ano 2009, 371.637 persoas galegas emigraron, das que 141.222 eran menores de 29 anos.

Un Goberno do PP obsesionado coa privatización dos servizos públicos, do ensino, da sanidade e coa mercantilización das empresas da dependencia, nun país que segue sen ter un sistema galego público de atención ás persoas maiores e dependentes.

Estamos ante un Goberno do PP, con Rueda á fronte, ao que non lle abonda con facilitar a imposición deste proxecto para Galiza, senón que o complementa reforzando unha agresiva acción de españolización e desgaleguización, xerando a día de hoxe unha auténtica e grave emerxencia lingüística, pretendendo impoñer a extinción do noso idioma, chamando a un pacto que só busca o enterramento do galego.

A necesidade da soberanía

Polo tanto, queremos decidir sobre o noso modelo económico e social e queremos levar adiante un sistemático e completo paquete de políticas públicas que concentren todos os recursos en favor das maiorías sociais, única maneira real de ter emprego, salarios e ingresos dignos para a clase traballadora galega, garantindo unha protección social plena, sen exclusións, consolidando o respecto polos dereitos laborais e a mellora das condicións de traballo.

Necesitamos soberanía e autogoberno real para aproveitar os moitos recursos que temos dispoñíbeis no noso país (produción de enerxía, recursos minerais, riqueza forestal, actividade de produción e transformación no sector agrario e pesqueiro, etc.) para poñelos ao servizo de crear emprego digno, de completar os ciclos produtivos no propio país, aumentar o valor engadido en sectores básicos da nosa economía, diversificar as nosas capacidades produtivas e industriais, procurando un mellor equilibrio territorial e ambiental, garantindo unha rendibilidade social e non privada, evitando a destrución de emprego e a emigración.

Por iso, hoxe máis que nunca, reivindicar o dereito a decidir é vital para facer fronte xusta e democraticamente a toda esta situación, dispoñendo así dunha alternativa e viabilidade de futuro, na que poidamos vivir e traballar dignamente na nosa Terra.

5 A importancia do noso modelo sindical para transformar a realidade

Neste Congreso reafirmámonos no que somos e representamos como sindicato galego, nacionalista e de clase para afrontar os retos e ameazas que temos e que nos próximos anos irán a máis: intensificar a loita e a mobilización e mellorar a acción sindical para conquistar dereitos e conseguir políticas alternativas ante os Gobernos e a patronal.

No momento histórico que estamos a vivir necesitamos que a organización sindical revitalice a solidariedade e unidade da clase traballadora, demostrando que ten unha enorme capacidade de acción cando hai sindicato, cando hai CIG.

O noso é un sindicalismo de confrontación, de contrapoder, non de conciliación e diálogo social. Na CIG somos folga e mobilización.

Se hoxe somos a 1ª central sindical en representación sindical e afiliación é pola coherencia e insistencia de estarmos asentados neste modelo sindical, que, nacido no ano 1972 da loitas de Ferrol e Vigo, foi medrando de forma constante.

Estes son os elementos fundamentais do noso modelo sindical. Sen organizar e promover o conflito, non hai posibilidade ningunha de avanzar en dereitos e de transformar a realidade. O tempo que tardamos en ir á mobilización e á folga é o tempo que perdemos en gañar dereitos.

A folga debe ser sempre o camiño a buscar para afrontar un conflito pero sempre desde unha planificación e preparación colectiva de todo o proceso, como temos analizado e debatido moitas veces, procurando a complicidade

social. A loita sindical é tamén unha loita de carácter sociopolítico, porque un dos nosos obxectivos é estender a solidariedade e apoio social coas nosas reivindicacións.

O conflito é a solución ante esta realidade porque non hai mellora real das condicións de vida que non pase pola permanente confrontación social, pero tamén ideolóxica, contra o poder económico e político. Combinar correcta e oportunamente a formulación de propostas concretas coa mobilización para dalas a valer será o que marque o camiño para a súa consecución.

Temos que ter presente en todo momento que a nosa loita non é só a reivindicación de melloras económicas, laborais e salariais. O noso obxectivo é resolver no inmediato reivindicacións pero enmarcado nun proceso de acumulación de forzas, de facer poder sindical para tamén construír poder popular. Á hora de discutir o rumbo da sociedade, é decisivo acumular forza social para confrontar contra o sistema.

A CIG somos un sindicato implicado na transformación social de Galiza e deste feito derivan dúas consecuencias moi importantes.

A primeira é que estar na CIG é tamén un compromiso cos obxectivos colectivos, de clase e nacionais. Toda loita que afrontamos debe ter clara esta cuestión para entender que para nós o conflito é unha oportunidade para a toma de conciencia, para ir máis alá da reivindicación concreta. Toda a planificación que fai posíbel o conflito exige propostas, debate, participación e protagonismo das persoas traballadoras. O que reivindicamos debemos poñelo en relación ao marco económico, político e social no que se da á loita na que estamos.

A segunda é que somos unha central sindical que aposta por facer fronte común e con todas as loitas e co tecido social disposto a reunir forzas e reivindicacións. Tecer alianzas nunha axenda galega ante a realidade que temos en Galiza para avanzar en dereitos, igualdade, xustiza e benestar social.

6 A CIG na construción dun feminismo galego e de clase

Recuperar o carácter de reivindicación de clase, formular denuncias e propostas para rematar coas discriminación histórica das traballadoras, cando tanto o capitalismo como algunhas administracións e gobernos pretenden reducilas a unha data para incitar o consumo, non é un traballo doado. Como tampouco o é dotármonos dunha axenda propia, sostida no tempo, onde a mobilización e o conflito sexan as canles para a sensibilización da clase traballadora en xeral, e para a axitación das mulleres traballadoras desde os seus centros de traballo e por extensión, as rúas, en particular.

A CIG, como organización feminista, debe intensificar o traballo na identificación da explotación laboral e das violencias exercidas contra as mulleres, máis alá das propostas que recollamos no ámbito da negociación colectiva:

- Visibilizando socialmente a necesidade de asumir os coidados como un compromiso colectivo, xa que o coidado prestado nos fogares é moito maior que o prestado polas institucións públicas ou privadas, escravizando as mulleres que traballan neste tipo de servizos, poxando o prezo do traballo sacándolles ás traballadoras e poñéndoo ao servizo do capital.
- Actuando contra todas as situacións de violencia e discriminación no traballo, tales como o acoso, sexa sexual, por razón de sexo, orientación sexual, identidade ou expresión de xénero, acoso moral, mesmo o derivado do uso de fórmulas de conciliación da vida familiar e laboral, o idadismo, o capacitismo, etc.
- Denunciando a segregación profesional sexista que impide termos aínda hoxe en día unha retribución salarial xusta, equitativa e correspondente coas funcións desempeñadas, tanto na clasificación profesional derivada do convenio colectivo, como a través da ferramenta dos Rexistros Salariais, os Sistemas de Valoración de Postos de Traballo e as Auditorías Retributivas.
- Evitando que a fórmula para compatibilizar as responsabilidades familiares pase por facer uso de xornadas parciais ou de reducións de xornada por coidado.
- Combatendo a precariedade dos traballos feminizados poderemos reducir a feminización da pobreza, factores que van unidos á violencia económica que padecen as mulleres traballadoras galegas.
- Formar e sensibilizar a estrutura de cadros sindicais, para poder elevar as propostas a sociedade.
- Instar as administracións, os gobernos e a autoridade laboral para aplicar unha lexislación que fica correctamente recollida no papel pero que resultou ineficaz á hora de levala a cabo, quedando lonxe de alcanzar un impacto real que actúe contra as desigualdades.

É preciso un intenso debate social, levando este posicionamento aos centros de traballo, ás asembleas con outras organizacións feministas e ás rúas. Non só como denuncia da situación actual, senón como alternativa a un futuro igualmente precario, que dificulta o acceso a prestacións, incompatíbeis cun sistema de benestar privatizado, centrado no lucro e non nas persoas, incapaz de garantir unha vellez digna.

Ao poder non lle interesa a existencia de mulleres organizadas que manteñan unha actitude combativa e de confronto cos poderes económicos, contra con quen nos explota como clase e nos oprime como nación. Estamos nun momento a nivel galego e internacional onde máis ca nunca se impón a necesidade de rematar co patriarcado. É preciso organizar e promover feminismo entre a nosa propia clase, denunciando en común a crueldade da opresión machista e identificando as súas raíces históricas.

Non é posíbel concibir o capitalismo sen machismo, o socialismo sen igualdade. Non é posíbel construír unha Galiza soberana e xusta sen feminismo e, por tanto, sen atender á loita específica das mulleres e recoñecer os espazos autónomos de organización, tanto a nivel interno (como é a Comisión e as Asembleas de Mulleres), como no que se refire a participación das mulleres da CIG nos debates e posicionamentos do feminismo galego organizado, na procura de crearmos unha resposta unitaria estábel nestas coordenadas.

Temos como reto desenmascarar un sistema que se perpetúa a través de xerar divisións, sexan por sexo, identidade e/ou expresión de xénero, por raza, por clase ou por idade, e empregar as experiencias e a análise do movemento feminista de clase para combater e derrubar a opresión que sufrimos.

7 A negociación colectiva e a loita por un traballo digno

A negociación colectiva, ademais de ser unha ferramenta para mellorar as condicións de traballo e de vida das persoas traballadoras, permite que se visualice na empresa ou no sector as distintas prácticas sindicais para levar adiante a nosa estratexia xeral e cambiar a correlación de forzas.

Ao longo destes anos, e dunha forma máis intensa co goberno PSOE-Sumar, incrementouse o proceso de reformas laborais, nomeadamente coa reforma do 2021 e de estatalización na negociación colectiva como os instrumentos económico-políticos na busca da “unidade de mercado” no Estado español. E isto, cun marco estatal dominado polo sindicalismo español que impide a participación da clase traballadora, someténdoa aos acordos que chegan do “diálogo social” vía AENC.

Os obxectivos laborais e sociais que marcamos na negociación colectiva están moi determinados por este contexto sociopolítico do Estado español. A isto debemos engadir a aceleración dos procesos de dixitalización do mundo do traballo e a economía que dificultan a negociación, fomentan o individualismo na clase traballadora e a afastan do centro de traballo

mediante novas realidades como o teletraballo ou as plataformas dixitais. Este proceso de dixitalización do mundo do traballo está a debilitar a nosa capacidade mobilizadora, dificultando a divulgación de todos os pasos na negociación do convenio e participación das persoas traballadoras.

É irreparábel o dano producido nos últimos anos polos sucesivos acordos asinados polas organización de ámbito estatal co Goberno e a patronal no chamado “diálogo social”, acordos que consolidan recortes en distintas cuestións que afectan negociación colectiva como son salarios, SMI, contratación, mutuas, plans de emprego, ETT, xubilación, xornada...

Debemos, entón, redobrar esforzos por materializar un modelo galego de negociación colectiva, sustento da verdadeira capacidade sindical. Non nos podemos resignar a considerar inmutábel a actual estrutura de negociación colectiva, implantada nunha realidade e correlación de forzas adversa para o sindicalismo nacionalista galego. Temos unha a oportunidade histórica de abrir novos marcos de negociación en Galiza. Neste sentido, a modificación lexislativa no artigo 84 da Estatuto do Traballo trae a oportunidade de facer efectiva a reivindicación histórica do Marco Galego de Relacións Laborais, unha oportunidade na loita por unha Galiza soberana.

Malia todo, nos últimos anos, naqueles convenios nos que a CIG é maioría produciuse unha lóxica de ruptura do pacto de contención salarial, o que explica o feito de que Galiza veña rexistrando consecutivamente desde o ano 2022 o incremento salarial medio maior do Estado.

Por outra banda, precisamos planificar por parte das federacións na negociación dos convenios o establecemento de canles de participación para a elaboración das plataformas reivindicativas e a designación das persoas que van formar parte das mesas. Así, debemos entender a participación e o asemblearismo como a forma na que as persoas afectadas protagonicen o proceso. As decisións non poden pasar única e exclusivamente polas persoas que forman parte desas mesas de negociación, sen seren colectivizadas.

Os nosos obxectivos na negociación colectiva son:

- Atrévémonos a rachar o marco estatal na negociación colectiva, es-collendo por parte das federacións sectores concretos e apostando de forma efectiva pola consolidación de convenios galegos.
- Darnos a batalla frontal contra calquera xeito de explotación e tráfico de man de obra articulando nos convenios medidas contra a utilización abusiva e sen dereitos das Empresas de Traballo Temporal (ETT), mul-

tiservizos, centros especiais de emprego, formación dual, persoas con contratos fixos-descontinuos, contratación parcial ou persoas traballadoras transfronteirizas.

- A defensa do convenio de sector provincial ou galego, fundamental para a nosa acción sindical, xa que son os convenios máis sindicalizados, o que permite agrupar “masa crítica” suficiente para enfrontar unha negociación con garantías.
- Para recuperarmos o poder adquisitivo perdido, como proposta irrenunciábel, faise imprescindible incorporar cláusulas de garantía salarial negociadas en convenio como protección fronte a eventuais desviacións do IPC.
- A diferenza nos salarios pactados nos convenios entre mulleres e homes medra. Para terminarmos coa fenda salarial, temos que articular cláusulas que garantan a eliminación de desigualdades retributivas por razón de sexo e o acceso á información salarial.
- O 60% do salario medio como obxectivo salarial como recomenda a Carta Social Europea. A cantidade de 1.320 euros mensuais en 14 pagas debe ser a referencia mínima para as categorías máis baixas dos nosos convenios.
- Como principal medida na negociación de empresa, cómpre loitarmos contra a mentira que trouxo a reforma laboral do ano 21 en canto a desaparición da prioridade aplicativa do convenio de empresa en materia salarial. As táboas salariais dos convenios de empresa con salarios inferiores teñen que se actualizar ao convenio sectorial.
- Prohibir e loitar contra calquera proposta que divida o salario entre persoas novas e maiores, sindicadas ou non sindicadas, como son as retribucións variábeis ou as categorías de entrada.
- A xornada de 35 horas semanais, como unha medida necesaria na redución da xornada na negociación colectiva. En sectores onde exista unha alta dixitalización e apoio en tecnoloxía, a aplicación da xornada semanal de catro días é posíbel. Reclamamos a xornada semanal de 32 horas á semana, pois esta si que é unha medida real e eficiente cara á descarbonización da economía e pola mellora do medio ambiente.
- Dotar os convenios dun sistema de rexistro dixital da xornada transparente e eficaz, de maneira que permita contabilizar as horas extraordinarias e garantir a súa compensación en descanso ou retribución.
- Na distribución irregular da xornada debe quedar normativamente claro que a flexibilidade imposta non se pode desprazar fóra do calendario

habitual, quedando excluídas as fins de semana. Debe quedar regulado que a recuperación da flexibilidade (horas de exceso ou defecto) non pode transcender do ano natural.

- Prohibir a xestión das continxencias comúns e profesionais a través das mutuas que representa, de facto, a privatización de recursos públicos, utilizado como un instrumento máis de presión sobre as persoas traballadoras para control do absentismo. Debemos acordar a prohibición da xestión das continxencias comúns das mutuas e a necesaria participación na súa elección e na súa capacidade para cambiar de entidade.
- Contra a privatización do sistema público de pensións nos plans de pensións de emprego consideramos que o ámbito non pode estatal. Así, os convenios de ámbito inferior, provinciais e autonómicos, deben poder establecer unhas condicións que melloren as dispostas no estatal e prevalecer sobre este. Cómpre garantir a promoción e xestión pública dos fondos de pensións de emprego para que non poidan homologarse ou derivarse a súa regulación ao fixado para os plans de pensións individuais privados, acordando nos convenios a exclusión daquelas persoas que expresen a súa vontade contraria a adherirse ao Plan.
- A limitación da contratación fixa-descontinua, a tempo parcial ou en formación mediante cláusulas que obriguen a empregar a contratación indefinida a tempo completa e que prohiban o uso e abuso destas modalidades de contratación que afondan na precariedade e na pobreza laboral.
- No que atinxe aos expedientes de regulación de emprego (ERE) que o Goberno está a potenciar como unha medida mais de flexibilidade laboral subvencionada coas nosas prestacións de desemprego, temos que valorar non asinalos, e moito menos negociar con outras medidas de axuste (modificacións substanciais, descolgues...).
- Garantir que o teletraballo non se converta no instrumento que consolide a individualización das relacións laborais, dificultando o noso traballo sindical na defensa dos dereitos das persoas traballadoras.

A loita pola nosa saúde laboral e a prevención de riscos laborais

As políticas do Goberno do Estado e da Xunta de Galicia en materia de seguridade e saúde no traballo son case inexistentes, mantendo unha lexislación obsoleta e insuficientemente e inmutábel desde hai 30 anos. Uns decretos de desenvolvemento desfasados, que seguen sen reformar en aspectos clave como o acoso, os riscos psicosociais, trastornos múscu-

lo-esqueléticos ou os dereitos de información e formación permanecen sen actualización. A inspección de traballo está mal dotada e carece de capacidade para frear os abusos patronais, mentres o ISSGA ten un papel case inexistente na prevención e o diálogo social resulta fraudulento, co silencio cómplice de sindicatos e gobernos, permitindo que a clase traballadora siga sendo vítima da falta de protección. Ademais, a saúde laboral está en mans de grandes corporacións que, a través dos servizos de prevención alleos, simulan unha prevención que só busca xustificar o cumprimento legal, o que favorece a privatización e precarización da prevención de riscos laborais.

Todas estas políticas adoecen dun nulo compromiso, a falla de colaboración e de sancións a unha patronal que segue a ver a prevención como un gasto oneroso e non unha obriga, ou a actitude de aceptar todas as propostas patronais en materia de saúde laboral vía “diálogo social” das grandes organizacións sindicais estatais. As consecuencias identifícanse na alta sinistralidade que sofre a clase traballadora galega, situándonos na última década, segundo as estatísticas, nos máis altos postos do terrível ranking da sinistralidade laboral e no que atinxe a accidentes graves e mortais dentro do Estado nestes últimos anos. Alén disto, temos os efectos engadidos que producen as elevadas porcentaxes de avellentamento da clase traballadora galega e a medra das doenzas psicosociais.

Faise imprescindíbel a mobilización e a loita diante das políticas de seguridade e saúde no traballo en Galiza promovidas Goberno da Xunta, que, malia ter as competencias, leva dúas décadas mostrándose como un goberno inútil e pusilánime, con evidentes e fatais consecuencias para a saúde e a integridade física da clase traballadora galega.

Os recortes de dereitos e a elevada precariedade laboral afectan gravemente a saúde das persoas traballadoras, xa que os contratos a tempo parcial impoñen xornadas máis intensas, aumentando os niveis de sobreexplotación, os accidentes laborais e a carga mental. A falta de medidas gobernamentais para reducir realmente a xornada impide avances en benestar e saúde. As mutuas, ao priorizaren criterios económicos na xestión das baixas, contribúen á deterioración da saúde laboral. Ademais, a patronal dificulta o dereito á información e participación sindical, coa complicitade dos organismos estatais e autonómicos. A prevención segue en mans dos servizos de prevención alleos, permitindo situacións de estrés e acoso sen regulación efectiva. A protección das traballadoras tamén está en cuestión, pois as mutuas, coa pasividade das autoridades, negan prestacións e non realizan a prevención

con perspectiva de xénero. Ademais, a lexislación sobre coordinación de actividades empresariais segue obsoleta, favorecendo a precariedade e a deterioración das condicións laborais.

É necesario reclamarmos a adopción de medidas urxentes, e instar a empresas e administracións a facer cumprir a lexislación e intensificar os controis en materia de seguridade e saúde laboral. Os ritmos e condicións de traballo están empeorando polos efectos deste período de crise. As novas condicións de contratación alimentan unha precariedade que deixa desprotexida a clase traballadora. Pensemos que, con carácter xeral, as persoas traballadoras de actividades da industria, construción, servizos, limpeza, coidados, etc., alcanzan idades superiores a 50 anos en condicións físicas moi limitadas. A potenciación do poder das mutuas e as políticas do INSS son especialmente agresivas no recoñecemento das IT e das continxencias laborais. Por todo isto, cómpre reclamarmos que se remate coa sinistralidade laboral, desenvolvendo todas as propostas que viñemos presentando con carácter xeral, así como na negociación colectiva, propostas como:

- A obriga de adoptar todas as medidas necesarias nas avaliacións de riscos.
- Estabelecer mecanismos áxiles para a paralización da actividade cando se considere un risco grave e inminente;
- Reforzar o dereito a información, consulta e participación sobre o plan de prevención.
- Aumentar as medidas para a protección na maternidade e lactación das traballadoras en situación de risco.
- Aumentar as actuacións a seguir na vixilancia da saúde e os protocolos aplicábeis.
- Reducir a xornada laboral e racionalizar os tempos de traballo co obxectivo de acadar maiores cotas de saúde e benestar.
- Plan especial relacionadas coa mobilidade no acceso ao posto de traballo das persoas traballadoras.
- Estabelecer os mecanismos necesarios que garantan a protección das persoas traballadoras onde hai subcontratación; descentralización produtiva e coordinación de actividades.
- Aprobación dos mecanismos legais para o recoñecemento e protección das enfermidades profesionais e accidentes de traballo.

8 A defensa do público e da protección social

Os servizos públicos son o eixo fundamental para garantir a xustiza social e un acceso igualitario aos recursos esenciais, polo que defendelos é contribuír a unha sociedade máis xusta e solidaria. A deterioración destes servizos non é inevitábel; a mobilización e a organización son fulcrais para construír un futuro onde as necesidades das persoas sexan a prioridade.

A constante redución de recursos nos servizos públicos non é casual, senón consecuencia directa de políticas neoliberais que priorizan o beneficio privado sobre o interese colectivo. Este proceso afecta múltiples áreas esenciais e as reformas lexislativas postas en marcha, lonxe de corrixir as desigualdades, o que fixeron foi perpetualas, cando non afondar nelas, debilitando a capacidade das institucións públicas para atender as necesidades da poboación.

A **sanidade pública** demostrou durante a pandemia da covid-19 ser unha liña de defensa insubstituíbel fronte ás emerxencias sanitarias, protexendo vidas en condicións extremadamente difíciles. Pola contra, as privatizacións e os recortes realizados nos últimos anos polos gobernos da Xunta de Feixó e Rueda socavaron este servizo esencial, favorecendo intereses empresariais e poñendo en risco a atención sanitaria á poboación galega.

A **política educativa** impulsada polo PP desde a Xunta nos últimos quince anos caracterízase pola expansión da privatización do ensino, especialmente na FP e na universidade, así como pola constante desatención ás demandas laborais do profesorado, que derivaron en múltiples e masivas mobilizacións nos últimos anos. Ademais, a atención á diversidade viuse progresivamente deteriorada debido á falta de profesionais que garantan unha atención axeitada e unha inclusión real no sistema educativo.

Outro exemplo alarmante do desmantelamento dos servizos públicos é o sistema **público de pensións**. As sucesivas reformas desde 2011 impuxeron medidas que aumentan a idade de xubilación, endurecen as condicións de acceso á xubilación parcial, negan o recoñecemento dos coeficientes redutores e fomentan os plans de pensións privados. Este enfoque non só limita os dereitos das persoas traballadoras, senón que tamén promove un modelo que persegue a privatización da seguridade social, fomentando un negocio para empresas aseguradoras en detrimento da solidariedade interxeracional que caracteriza os sistemas públicos. Está en risco a continuidade dun sistema de pensións baseado na solidariedade, na repartición e no seu carácter público.

A prolongación da vida laboral e o aumento da precariedade no emprego acaban por afondar nunhas cada vez maiores dificultades para o acceso a unha pensión digna. Ademais, esta política contribúe á cronificación do desemprego xuvenil, especialmente grave en territorios como Galiza, onde a emigración é unha saída case obrigada para a mocidade.

Na defensa dos servizos públicos, resulta fundamental prestar atención ao papel dos **medios de comunicación públicos**. Un sistema democrático e transparente require medios que informen con obxectividade, sen manipulación nin intereses espurios que deformen a realidade.

O desmantelamento ou a manipulación dos medios públicos, como o que ocorre coa CRTVG, poñen en risco o dereito á información e á liberdade de expresión. Pero ademais, a nova Lei de Medios que está a promover o Partido Popular constitúe unha ameaza para os principios xerais que propiciaron o nacemento do ente público galego: promover e defender a identidade de Galiza, a súa lingua e a súa cultura, ou fomentar a través dos contidos a igualdade e a diversidade.

A **vivenda** é outro dereito que está a verse afectado polas políticas neoliberais que só buscan beneficios para o capital, con especial afectación á mocidade e ás familias con menos ingresos. O acceso á vivenda é un dos problemas sociais máis graves na actualidade en Galiza. A especulación coa vivenda e co prezo dos alugueiros non deixa de medrar, mentres que a oferta de vivendas dispoñíbeis é cada vez máis limitada e aumenta as dificultades onde vivir en condicións dignas.

Unha chamada á acción

A defensa dos servizos públicos e dos dereitos sociais é unha tarefa colectiva que require a implicación de todas as persoas comprometidas coa xustiza social. O desmantelamento do público non é inevitábel; é unha decisión política que podemos e debemos cambiar. A través da organización, a solidariedade, a acción directa e a mobilización social, podemos construír un futuro onde os servizos públicos sexan unha garantía de equidade e benestar para toda a sociedade galega.

Non podemos permitir que o saqueo continúe, nin que a desmobilización e a resignación faciliten o avance de políticas que agravan as desigualdades e condenan a maioría social á pobreza e á exclusión.

É obrigado construír un modelo socioeconómico que priorice o interese das maiorías sociais, recoñeza os dereitos laborais e devolva a dignidade

á clase traballadora. Só mediante a loita e unha acción sindical decidida será posíbel avanzar cara a un sistema que garanta emprego, igualdade e dereitos nunha Galiza que poida ofrecer un futuro digno para todas e todos.

Recuperar e reforzar os servizos públicos require un compromiso claro e con medidas concretas que prioricen o benestar colectivo fronte aos intereses do capital, como desde a CIG vimos facendo diaria e regularmente con campañas e propostas contra os recortes e pola defensa do público, demandando:

- **Sanidade pública e universal:** É preciso incrementar o financiamento para reducir listas de agarda, fortalecer a atención primaria e mellorar a saúde mental. Reverter as privatizacións é un paso fundamental.
- **Educación accesíbel:** Ampliar as prazas públicas de educación infantil de 0 a 3 anos, garantindo un acceso universal e gratuíto. Configurar unha nova rede de planificación da Formación Profesional acorde coas necesidades reais do país, cunha oferta suficiente e diversificada na rede pública. Reforzar a atención á diversidade con máis recursos materiais e humanos, garantindo unha inclusión real e efectiva en todas as etapas educativas. Reducir as ratios para mellorar a calidade do ensino e establecer o galego como lingua vehicular en todo o sistema educativo.
- **Rede pública de dependencia:** Crear o Sistema Galego Público de Servizos de Atención ás Persoas que desde a CIG vimos propoñendo desde hai anos, para atender maiores e dependentes en condicións adecuadas, garantindo ao mesmo tempo unhas condicións laborais xustas e a valorización dos traballos de coidados, exercidos maioritariamente por mulleres.
- **Protección social:** Elevar o SMI ao 60% do salario medio tal e como recolle a Carta Social Europea, recuperar as prestacións previas ao 2012 e poñer en marcha unha renda de inserción laboral e social para as persoas máis vulnerábeis.
- **Sistema público de pensións:** Derrogación das reformas das pensións desde 2011, para retomar a xubilación aos 65 anos, revalorizar as pensións co IPC real e fortalecer o sistema público para un acceso á xubilación digna e cunhas pensións decentes.
- **Vivenda e servizos básicos:** Loitar para que se implementen políticas que aseguren vivenda accesíbel, prohibir os desafiuzamentos e incrementar o parque público de vivendas sociais. Ademais é preciso tamén unha política de transporte público eficiente e que reduza as desigualdades. E no tocante á enerxía, tarifas galegas e xustas.

- **Medios de comunicación públicos:** A TVG e a Radio Galega deben recuperar o seu propósito orixinal: ser ferramentas de defensa da nosa identidade, lingua e cultura, ao tempo que promoven activamente a igualdade e a diversidade.

9 A loita pola normalización do noso idioma

A situación da nosa lingua segue a ser preocupante e cómpre mudar o rumbo freando a súa marxinalización. Nos últimos anos seguiu a medrar o número de castelán falantes monolingües, con 400.000 persoas galego falantes menos que hai 20 anos. E o máis preocupante deste descenso é que sexa a poboación máis nova a que está perdendo o uso do idioma, de xeito que un terzo da mocidade menor de 16 anos afirman non ser quen de se expresaren en galego.

Por outra parte, súmase á desgaleguización da xente máis nova unha poboación inmigrante para a que non se contemplan medidas que faciliten a aprendizaxe da nosa lingua, o que, unido a certo complexo moi acusado de falsa cortesía -que caracteriza o comportamento lingüístico galego e serve como xustificación do abandono da nosa lingua- incide nunha tendencia ao aumento de contextos en que o galego se exclúe en moitas situacións comunicativas na vida cotiá.

Cómprenos reclamar con urxencia un cambio de política lingüística para reverter esta situación de perda de falantes e para isto temos que demandar, por unha parte, medios que garantan a posibilidade de aprendizaxe da nosa lingua, con independencia da idade e do lugar do país en que residamos, e por outra, a eliminación de toda clase de obstáculos e prohibicións do uso da nosa lingua en calquera contexto (no traballo, no ocio, no consumo, nos trámites administrativos, na atención sanitaria, na xustiza...).

Máis alá do que compete ás administracións e entidades sociais, o que cada persoa comprometida co idioma podemos facer é moi relevante para avanzarmos na presenza do galego en todos os ámbitos. A nosa práctica ten efectos multiplicadores e anima as persoas coas que nos relacionamos a que empreguen o galego.

Só co uso poderemos garantir o futuro do noso idioma, polo que é urxente poñer en práctica un serio compromiso individual, falando en galego no traballo, na casa, no lecer, escolléndoo como opción nas redes sociais, no móbil, no caixeiro automático... usarmos a lingua para manter o xeito diferenciado de estarmos no mundo como pobo galego.

Para iniciar o camiño da recuperación da lingua estas serán as prioridades:

- Derrogación do decreto de plurilingüismo no ensino, de forma que todas as materias poidan ser impartidas en galego e modelo de inmersión lingüística na nosa lingua para garantir unha competencia plena en galego na mocidade. Neste sentido, chamamos a unha negociación cara a un plan que volva, como punto de partida, ao consenso do Plan xeral de normalización lingüística de 2004, que contempla que como mínimo o 50% das materias no ensino obrigatorio deben impartirse en galego.
- Oferta suficiente de cursos presenciais e gratuítos que favorezan a aprendizaxe da lingua, incidindo na oralidade, para toda a poboación que o demande, o que axudaría a unha mellor inserción laboral e social da poboación migrante.
- Garantir que o funcionariado sexa competente na nosa lingua e coñeza a realidade sociolingüística de Galiza, única forma de poder exixir a atención en galego. Será requisito obrigatorio a acreditación do coñecemento do galego e deberá realizarse, cando menos, unha proba eliminatoria en galego no acceso ao traballo en calquera das administracións públicas galegas (no ensino, no sistema sanitario, nos concellos, deputacións provinciais e entes ou institucións públicas) á par de ser requisito obrigatorio no traslado desde fóra de Galiza.
- Implicación de todas as administracións na elaboración de plans de normalización en cada ámbito de forma que se propoñan obxectivos e se avalíen os resultados de forma periódica. En concreto no ámbito laboral proporemos que por parte da administración galega (Secretaría Xeral da Lingua) se poña en marcha a elaboración de plans no normalización lingüística nas empresas, de forma que se recoñeza como mérito para obteren puntuación nos concursos públicos e ao tempo se fomenta o emprego da lingua galega por parte tanto do persoal como das persoas usuarias dos servizos, clientela, empresas provedoras, etc.

Exixir que o idioma a empregar na negociación colectiva, sexan convenios sectoriais, galegos, de empresa, negociacións de plans de igualdade, protocolos, acordos, mediacións, etc, sexa o galego. Isto pasa por garantir que a publicación de toda a documentación dirixida ás persoas traballadoras sexa redactada en lingua galega (alén de inclusiva e respectuosa coa diversidade).

- Exixencia nas institucións galegas onde temos representación (CES Galiza, CGRL, AGA, etc.) do uso do galego en todas as actividades organizadas por estas.

- A CIG debe seguir mantendo un papel galeguizador que, conxuntamente co tecido asociativo que actúa en favor da normalización da nosa lingua, poña en marcha ou apoie aquelas iniciativas tendentes á normalización plena do noso idioma.
- Os cadros da central sindical, as persoas delegadas e liberadas, temos a obriga de nos activar como axentes de normalización para impulsar un uso da lingua sen prexuízos, expresándonos de forma consciente e exclusiva no noso idioma, tanto oralmente como na escrita. Cómpre ter isto presente porque actúamos en nome da CIG, que, entre os seus principios e obxectivos, contempla a plena normalización da lingua galega en todos os ámbitos.

10 O noso traballo permanente dentro do Movemento Nacionalista Galego

O dereito á autodeterminación, o dereito a decidir, é un dereito universal de todas as nacións. Galiza como nación ten o dereito a exercer a libre determinación, a poderse gobernar por si mesma con total independencia en exercicio da súa soberanía.

A clase traballadora galega, o pobo galego, temos o dereito a decidir sobre o noso modelo económico e social, no que poidamos vivir e traballar dignamente na nosa Terra, sentando as bases da construción do socialismo, obxectivos estratéxicos da CIG.

A CIG somos a demostración de que o pobo galego, a clase traballadora galega, somos quen de nos valermos por nós, de nos organizar de forma soberana, sen sermos sucursal nin franquía de ningunha organización que ten o seu centro de decisión fóra de Galiza.

Durante décadas foise conformado no noso país un tecido social e político que é expresión da capacidade de autoorganización do pobo galego e das súas clases populares ante a necesidade de dotarse de ferramentas coas que conquistar o dereito a decidir por nós mesmas.

O pobo galego somos quen de nos responsabilizarmos colectivamente, poñendo fin ás mentiras sobre a nosa incapacidade de ser, sobrevivir e actuar se non é con máis dependencia e submisión ao que desde Madrid decidan sobre nós.

Todo este tecido é o Movemento Nacionalista Galego, do que a CIG formamos parte, porque somos unha central sindical dunha nación dependente e subordinada, onde a loita pola emancipación de clase é inseparable da loita pola emancipación como pobo.

Este Movemento é o resultado dun profundo convencemento na autoorganización e na firme decisión de actuar en todos os ámbitos no seo do pobo galego, para confrontar co sistema español e autonómico, que conta con poderosos instrumentos de asimilación, substitución, desprezo e negación da nosa realidade.

O que hoxe somos e representamos o nacionalismo galego na sociedade galega pasa por entender todo este proceso e constitúe o camiño para afrontar con éxito o presente e o futuro.

Polo tanto, na conquista dos nosos dereitos e na consolidación da alternativa que garanta unha viabilidade de futuro ao pobo galego, cómpre que teñamos un papel activo para:

- avanzar na toma de conciencia nacional de máis sectores do pobo galego;
- ampliar as alianzas, o traballo en pé de igualdade e o respecto mutuo polo conxunto do Movemento Nacionalista Galego;
- seguir contribuíndo con propostas e accións coas que ir dando orientación programática e máis corpo social ao nacionalismo galego.

11 Liñas de actuación no compromiso internacional da CIG

O contexto internacional que vimos analizando neste relatorio está marcado pola ausencia e inacción das institucións internacionais que deberían velar polo cumprimento das normas básicas do dereito internacional, nomeadamente a ONU ou a OIT. O certo é que, malia que a hexemonía e a repartición do poder a nivel internacional está cambiando cara a un mundo máis multipolar, cun ascenso de China, Rusia e os BRICS, este cambio non se produciu -aínda- nestas institucións que marcan a orde mundial, creadas baixo os auspicios dos EUA, e moi dependentes do seu financiamento e dos seus intereses xeoestratéxicos.

A evolución da situación laboral e sindical que vimos analizando está a provocar cambios moi significativos nas organizacións sindicais a nivel internacional, que agora se perciben divididas en dous bloques, as do Norte global e as do Sur global.

Máis aló da diferenciación clásica que faciamos, entre o modelo de sindicato de clase e combativo, e o de concertación, pregado ao institucionalismo do diálogo social, as demandas e estratexias, no presente, tamén están marcadas polo rol dos países de orixe dos sindicatos. Por un lado, os daqueles países que levan sufrindo a colonización dos países occidentais, e por outro, a dos países do Norte global, que non queren renunciar ás súas situacións de privilexio e poder dentro das institucións e as federacións sindicais internacionais.

O certo é que, malia que o 80% da clase traballadora do mundo está nestes países, as organizacións dos países occidentais seguen a ter o control das principais federacións sindicais internacionais, e tamén dentro da propia OIT.

No caso de Europa, ademais, a guerra en Ucraína, creou gran división a nivel ideolóxico, coa maioría dos sindicatos europeos apoiando as teses da UE e en consonancia coa estratexia da OTAN.

Máis grave aínda resulta o posicionamento de moitas organizacións sindicais no que respecta ao xenocidio en Palestina, asociando o seu lexítimo dereito á resistencia, co terrorismo e o tan manido discurso sobre o antisemitismo. Isto afectou directamente a algunhas das plataformas da que a CIG participa, como é o ALTER SUMMIT, ou a Rede Sindical Europea pola Xustiza para Palestina (ETUN), nas que foi moi complicado consensuar posicionamentos.

Se a todo isto lle sumamos a obsesión sectaria dos dous sindicatos españois, UGT e CCOO, empeñados en tratar de impedir a nosa participación nos distintos foros, tamén internacionais, e aos límites de participación que ultimamente se están poñendo na OIT, para os vindeiros anos, as relacións internacionais da CIG, deberían seguir a seguinte estratexia:

- Afortalar as relacións estratéxicas que historicamente temos cos sindicatos das nacións do Estado, e continuar, tal e como vimos facendo, coas iniciativas conxuntas entre as organizacións de Catalunya, Euskal Herria e Galiza, nos temas comúns dos nosos países e a nivel lexislativo no Estado.
- Consolidar e ampliar a axenda bilateral de relacións e traballos en común que nos últimos anos vimos tendo con ICanaria, IValenciana e OSTAS.
- Participar activamente na Comunidade Sindical dos Países de Lingua Portuguesa (CSPLP), e no seu Secretariado de Mulleres. Contribuír a consolidar esta plataforma como Federación Sindical, e a activar os plans de acción que temos acordado nos seus organismos. Intensificar as relacións cos diferentes sindicatos da CSPLP, e dar continuidade ás relacións e colaboración cos sindicatos de Portugal.
- Insistir na solicitude de entrada na Confederación Europea de Sindicatos (CES), tal e como decidimos no Consello Confederal, tratando de buscar os apoios doutras organizacións, que poidan salvar o veto que impoñen CCOO e UGT.
- Exixir ao Ministerio de Traballo do goberno do Estado o respecto dos nosos dereitos como parte da súa Delegación na Conferencia Internacional da OIT, que veñen sendo condicionados polos sindicatos españois.

- Articular, xunto con outras organizacións sindicais, a nivel internacional, alternativas para corrixir o funcionamento da OIT nos últimos anos, dentro do propio grupo de traballadores/as, que limitan os debates e a libre participación.
- Seguiremos dándolle prioridade, agora máis que nunca, á nosa solidariedade con Palestina e as súas organizacións sindicais. O mesmo faremos coa UGTSARIO, e coa CTC de Cuba.
- Desde a CIG debemos manter a tradicional boa relación cos sindicatos de América Latina, intensificada e ampliada a novas organizacións nos últimos anos.
- Consideramos de interese ampliar as nosas relacións a outras organizacións sindicais dos países que forman parte dos BRICS, coas que xa comezamos a ter contactos.
- Tamén estamos comezando a nosa colaboración con organizacións do Movemento Panafricanista, e vemos con interese os últimos movementos decoloniais que se están a dar no Sahel.
- Manter a nosa participación nas distintas plataformas, en función da súa viabilidade e oportunidade. Seguiremos traballando como até o de agora con TUED (Sindicatos pola Enerxía Democrática), trataremos de intensificar o nivel de compromiso de ETUN coa causa que defende (Rede sindical Europea pola Xustiza para Palestina). Apostaremos pola recuperación da actividade de ALTER SUMMIT, e seguiremos formando parte da recentemente constituída Internacional Antifascista.

Relatorio de organización IX Congreso CIG

1 A importancia da organización para o noso modelo sindical

No Relatorio de Acción Sindical destacamos a importancia que para nós ten organizar e promover o conflito para conquistar dereitos e transformar a realidade. O reforzo organizativo para iso é fundamental.

O noso modelo sindical só pode existir se temos unha organización con intenso e permanente compromiso militante, se somos un sindicato vivo internamente.

O medre afiliativo e na representación sindical, a maior presenza nos territorios e nos sectores do noso país, obríganos a ter funcionamentos áxiles e resolutivos desde unha posta en común moi colectiva, a comezar polos organismos de dirección.

Para todo iso, temos que poñer especial empeño en superar os funcionamentos burocratizados que nos limitan e dificultan capacidade de organización e de loita sindical. De igual xeito que a nosa práctica sindical debe ser certa e real porque a credibilidade da CIG non está nos discursos ou nas prácticas de aparencia radical, está na acción real que levamos aos centros de traballo e ás rúas.

A pandemia xerou, entre outras consecuencias, xunto coa maior presenza das redes sociais, un retroceso na visita e comparecencia nas empresas, que cómpre recuperar, regularizando as visitas aos centros de traballo para reparto de propaganda e, sobre todo, para facer asembleas aproveitando os descansos, cambios de quendas, etc. para dar a coñecer as nosas propostas, as nosas campañas.

As asembleas continúan a ser a forma máis eficaz de resistir a ofensiva, de defender e avanzar en dereitos dándolle resposta aos problemas concretos na conquista de máis dereitos, liberdades e garantías e por unha Galiza libre de explotación. As persoas traballadoras teñen a necesidade e o dereito a coñecer cales son os pasos que dan no día a día quen os representa.

Sen participación non hai protagonismo da clase obreira, e polo tanto non hai democracia. As asembleas axudan a que haxa maiores cotas de debate para que as persoas traballadoras participen, opinen, decidan e comprobén que non son simples espectadoras. Nos últimos anos, as loitas laborais son tamén loitas de carácter ideolóxico, e para conseguirmos que a correlación de forzas nos sexa favorábel é preciso incidirmos na conciencia das persoas traballadoras.

A CIG somos a 1ª Central Sindical e iso obríganos a ir a máis na extensión de achegar máis persoas traballadoras á nosa organización. A unidade e a solidariedade de clase que representa o sindicato chámanos a ter máis

atrevemento e decisión na acción sindical, con propostas concretas na negociación colectiva e nas empresas para confrontar as múltiples e variadas caras que hoxe ten a precariedade, a pobreza laboral, a explotación da xente nova que se incorpora ao traballo, tamén a que o fai pola vía da formación profesional. Así mesmo, para respostar ao desemprego, ás desigualdades, á exclusión social, aos abusos e ao trato inhumano á poboación inmigrante.

A CIG somos unha ferramenta para a integración social e cultural, para avanzar no dereito a vivir e traballar dignamente na nosa Terra.

Por esta razón, tamén é moi importante chamar ao empeño que deben poñer os organismos de dirección nas comarcas, nas federacións, nos centros de traballo, nas estruturas nacionais, en ter reunións regulares e periódicas, con especial preocupación por coñecer, propoñer e actuar con alternativas concretas de afiliación e de organización do sector pero tamén coas xerais que temos no conxunto da CIG.

A CIG nos centros de traballo, as seccións sindicais

O momento que atravesamos xustifica e esixe intensificar a nosa acción nos centros de traballo mediante as seccións sindicais, xa que é alí onde se expresa a explotación e prodúcese o confronto de clase que nace como unha necesidade. E neste ámbito onde combatemos a ofensiva ideolóxica, desmontamos preconceitos e preparamos as respostas que damos como clase traballadora. É tamén onde os resultados da nosa praxe sindical se visibilizan.

A sección sindical garante a implicación da afiliación do ideario da CIG e imprime na clase traballadora o noso impulso mobilizador. Esta acción constante nas empresas rompe coas rutinas e practicas acomodaticias, esixe a persistencia, o planeamento e seguir os pasos marcados pola dirección do sindicato. As transformacións que están a acontecer no mundo do traballo da man da dixitalización, o teletraballo, o individualismo e illamento das persoas traballadoras nas relacións laborais son realidades que se rachan reforzando a necesidade de manter e ampliar as vías de contacto directo entre as persoas traballadoras e o sindicato.

As seccións sindicais é a espiña dorsal da nosa central sindical, sendo necesario seguir avanzando en que se constitúan máis, fomentando súa dinamización, co obxectivo de incorporar na súa actividade e funcionamento ao conxunto da afiliación e promover, ao tempo, unha participación continuada destas na actividade do conxunto da CIG, nomeadamente na execución das campañas e accións deseñadas a nivel federativo e confederal.

A importancia das Unións Locais

No obxectivo de facer medrar as capacidades da nosa Central Sindical, especial consideración temos que facer das Unións Locais.

Compre que as potenciemos polo seu importante papel e, dentro das competencias estatutarias e das resolucións de Congresos anteriores, reforcemos o seu traballo en coordinación coas federacións e coa confederación.

Cómprenos descentralizar, dar apoio decidido e sermos capaces de ampliar a presenza do sindicato en todos os territorios máis alá da Unión Local cabeza de comarca. Especialmente con convocatorias como o 1º de Maio, o 8 de Marzo, asembleas de delegados e delegadas, ou mobilizacións ligadas á negociación colectiva.

O sindicato é mais necesario ca nunca, porque estar organizadas é mais necesario ca nunca. Onde hai CIG, hai sindicato, hai capacidade de loita, hai unidade de clase e todos e todas temos dereitos.

2 A participación e o compromiso militante para transformar a realidade

Un dos principios de identidade da CIG é a participación, o protagonismo da afiliación e do corpo de persoas delegadas, debendo prestar atención permanente a potenciala como elemento de democracia interna pero tamén para aumentar o compromiso militante.

As loitas, para afrontalas con éxito, os obxectivos transformadores que defendemos na CIG, esixen unha grande acción colectiva tendo en conta que non nos limitamos a xestionar a realidade, senón que aspiramos á súa transformación revolucionaria, para o que é imprescindible sumar e organizar máis conciencia nacional e de clase e activala en forma de militancia activa.

É por iso que temos que seguir revitalizando o funcionamento dos organismos de dirección na comarcas, federacións e unións locais, con preocupación por xerar dinámicas participativas, incorporando á afiliación máis activa. De aí a prioridade de ter unha planificación e coordinación colectiva do traballo con obxectivos concretos, con definición detallada de tarefas para cada persoa, fuxindo dos individualismos e facendo real o traballo colectivo e a corresponsabilidade.

A corresponsabilidade debe comezar xa na participación na análise, no debate, na toma de decisión pero tamén debe chegar á execución das tarefas.

A importancia de todo isto transcende máis alá dunha cuestión de funcionamento democrático. Cada persoa e cada organismo de dirección no seu ámbito de actuación, temos a responsabilidade de representar á CIG ante as persoas traballadoras e o papel da CIG é visto e coñecido, antes ou despois, en todos os sectores e lugares. Todo o que fagamos, atinada ou erroneamente, aféctanos a todos e todas.

Cando estamos a falar de participación e compromiso, temos que facer especial consideración das persoas que prestan servizos retribuídos para a CIG, tanto persoal asalariado, como persoal sindicalista, que exerce funcións sindicais de dirección, con dedicación exclusiva ou parcial.

Estes compañeiros e compañeiras representan a CIG, pero non son a CIG, mais si teñen unha responsabilidade maior porque son quen levan adiante o peso do día a día do sindicato, tendo que executar os acordos dos organismos e facer posíbel o obxectivo de integrar a afiliación na actividade diaria do sindicato, nomeadamente as persoas delegadas. En consecuencia, compre que actúen tamén con vocación de exemplaridade no que ten a ver co compromiso militante co proxecto sindical da CIG.

Durante estes anos comprobamos o diferente nivel de participación das persoas delegadas na federación e confederación, nas asembleas e nas mobilizacións. Compre recordar que cada convocatoria de asemblea que facemos, ten unha análise e uns obxectivos debatidos previamente no Secretariado Confederal, mais é preciso facer seguimento de se os estamos conseguindo, se medra a participación do conxunto das e dos delegadas en cada convocatoria. Este é un importante instrumento de participación e de acción sindical que debemos ter presente de forma permanente.

Por último, a nosa preocupación é que estas asembleas sirvan para poñer en valor as fortalezas de estar na CIG, aportando capacidade de debate, coñecemento e formulación de propostas reivindicativas coas que poder avanzar na loita sindical nos centros de traballo.

3 As nosas asesorías xurídicas

As nosas asesorías son ferramentas que responden a cuestións xurídicas que non tiveron ou non lograron unha solución a través da acción sindical. Por iso é imprescindible que para acudir a elas o asunto sexa valorado previamente desde unha análise sindical, e sempre que do mesmo se derive unha demanda viable ou que teña un interese sindical obxectivo. Con todo, esta perspectiva debe evolucionar para que as asesorías desempeñen un papel máis proactivo na identificación de cuestións que analizadas de forma conxunta poidan indicar a necesidade dunha intervención sindical.

Para acadar este obxectivo, é fundamental establecer un sistema de intercambio de información e colaboración entre as distintas asesorías.

A través deste enfoque, poderemos detectar de forma anticipada aquelas cuestións que poidan beneficiarse dunha acción sindical. Esta evolución na función das nosas asesorías permitirá que estas dean o salto dunha solución xurídica para cuestións laborais; tamén actuarán como catalizadoras de accións que fortalezan a organización e a mobilización das persoas traballadoras, propondo solucións sindicais.

Podemos consolidar as nosas asesorías como referentes na xurisdición laboral e contenciosa do noso país, posicionándoas como líderes de opinión e persoas expertas en materia laboral. Isto implica a creación de programas de formación continua para o persoal, así como a promoción de foros e eventos relacionados co dereito laboral. Ao facelo, non só melloraremos a calidade da atención que ofrecemos, senón que tamén contribuiremos a establecer un estándar de excelencia que outras entidades deberán seguir.

Para lograr este fin, debemos explorar e avanzar nas posibilidades de coordinación que nos ofrecen as aplicacións da asesoría, formando ao persoal no seu uso e logrando que, tras a súa implantación efectiva en todo o país, estas sirvan aos nosos intereses sindicais. A coordinación entre as persoas avogadas e graduadas que forman parte da CIG é esencial para facilitar este proceso. A creación de canles de comunicación efectivas permitirá que as asesorías compartan experiencias e información sobre casos que poidan ser indicativos de tendencias ou problemas recorrentes. Deste xeito, poderemos articular respostas sindicais que se adapten ás necesidades do colectivo e que se anticipen a posibles conflitos.

Ademais, debemos de facer seguimento do proceso da afiliación no seu trámite na asesoría de forma que as persoas afiliadas comprendan que o

sindicato é algo máis que un grupo de persoas que responden ás súas consultas. É importante que entendan que a asesoría é unha ferramenta dentro do sindicato e non o fin para o que se afiliaron. O sindicato é a suma da súa afiliación, e todos e todas son parte deste proxecto.

A formación continua dos seus membros é crucial para garantir que este enfoque proactivo se implemente de maneira efectiva. Ao capacitar as persoas da nosa asesoría para que identifiquen e analicen as cuestións que poden requirir acción sindical, estaremos fortalecendo a capacidade do sindicato para responder de forma áxil e eficaz.

En conclusión, debemos avanzar cara a un modelo de asesoría xurídica que non se limite a ser unha ferramenta, senón que se converta nunha estratexia para complementar acción sindical. A través do intercambio de información e da colaboración coordinada, poderemos detectar e abordar as cuestións para afrontar mellor os conflitos.

4

Formación continua para fornecer unha acción sindical combativa

Desde a CIG apostamos pola Formación das persoas delegadas como un dos eixos centrais na metodoloxía sindical. Sermos a primeira organización sindical tanto en afiliación como en representatividade debe ir parella a unha aposta por unha formación continua de todos os cadros en todas as estruturas, fundamental para o noso modelo sindical de contrapoder con respostas firmes e contundentes ante calquera agresión aos nosos dereitos como clase traballadora. A Formación debe ser tanto para aquelas que contan con experiencia como a representación sindical recentemente elixida, sindicalistas e futuros cadros sindicais.

Ademais é importante atender o propio funcionamento orgánico e o valor que ten como ferramenta formativa. Non só por posibilitar que nos aproveitemos mellor das capacidades que ten a nosa organización, no convencemento de que pensando entre todos e todas pensamos máis e mellor, senón tamén polo valor que o debate, a deliberación e toma de decisións de maneira colectiva, e isto ten que dotarnos de argumentos, para perfeccionar as análises e para aumentar os nosos acertos. A formación ideolóxico-política, facilitará un mellor coñecemento da realidade sobre a que traballamos e que ten na propia vida interna da central sindical un espazo de enormes

potencialidades para a formación de cadros e o fortalecemento organizativo.

O plan de formación básica debe garantir dúas liñas de actuación:

- A primeira, relacionada con dereitos, nóminas e liquidacións, novidades lexislativas e incidencia da xurisprudencia, negociación colectiva, igualdade, diversidade, lingua, formación ,etc.
- A segunda, relacionada coa formación política e ideolóxica sobre os nosos principios, obxectivos e historia como sindicato nacionalista e de clase. Así mesmo, contidos sobre as dinámicas propias do capitalismo e as relacións de explotación colonial nunha nación sen estado como a nosa.

Para todo isto, é fundamental o funcionamento da responsabilidade de Formación nas Executivas confederais e federais pero hai que ter en conta que é unha responsabilidade colectiva onde o papel das federacións e comarcas debe ser absoluto, especialmente no seguinte :

- Aprobar con carácter anual a planificación e os calendarios para executar toda esta formación, con obxectivos de participación concretos, facendo o oportuno seguimento.
- Deberase contar cunha base de datos por comarcas para coñecer a extensión e alcance da formación entre o conxunto das persoas afiliadas e delegadas.

5 Autonomía financeira e xestión dos recursos propios

Desde a constitución da Confederación Intersindical Galega nos nosos Congresos vimos facendo constantes chamadas á necesidade de garantir unha absoluta autonomía financeira como garante da mais absoluta independencia no exercicio da nosa acción sindical e da nosa análise político-sindical. Estes chamados fixéronse mais necesarios a raíz dun dos puntos mais álxidos na acumulación da riqueza por parte das clases dominantes, e que adoitamós coñecer como “crise económica do 2.008”. Dicimos que se fixeron mais necesarios por que ese momento crítico coincidiu cunha importante baixada afiliativa consecuencia da situación económica que padecemos neses anos.

As diferentes medidas que tanto no eido económico como financeiro adoptamos nese momento (maior control de gastos, corrección de rateos,) xuntamente coa aposta polo incremento afiliativo implicaron que desde aquela ate hoxe, e paseniñamente, fósemos quen de ir incrementando a

afiliación á nosa central sindical e que como consecuencia do mesmo puidésemos consolidarnos, en termos xerais, como unha central sindical cunha sólida fortaleza económica, con recursos para afrontar posíbeis embates económicos e que nos permitiría, de vérmonos nesa situación extrema, mesmo manter a independencia económico-financeira de se suprimir todas as achegas públicas que hoxe vimos percibindo en función da nosa representatividade sindical e pola nosa participación nos organismos institucionais.

É xustamente esta situación de solvencia e independencia financeira a que nos permite trasladar na nosa acción sindical os principios que definimos no artigo 1º dos nosos Estatutos: “A Confederación Intersindical Galega (en siglas, CIG) é unha organización sindical dos traballadores e das traballadoras galegas, constituída para a mellor defensa dos seus intereses, desde unha perspectiva de clase, feminista e non patriarcal, que aspira a unha Galiza plenamente soberana e sen explotación.” E, así mesmo, é esa independencia económica a que nos permite que poidamos avanzar na consecución dos nosos obxectivos cunha actuación sindical combativa, mobilizadora.

Para poder continuar a manter a nosa independencia económica e todo o que dela se deriva cómpre que sigamos a aplicar o absoluto rigor na xestión dos nosos propios recursos e poñer estes, como obxectivo fundamental, ao servizo dos nosos obxectivos estratéxicos e programáticos. É preciso, neste senso, que concibamos a xestión destes recursos, e en todos os ámbitos de dirección e responsabilidade da CIG, como a xestión dalgo propio na vez dalgo alleo ás nosas responsabilidades. Cómpre, tamén, espallar no conxunto da afiliación que os recursos dos que nos dotamos, fundamentalmente as cotas sindicais, son a base que nos permite subsistir como organización autónoma e independente, mais que tamén –e iso é a súa orixe- conforman un acto de solidariedade entre o conxunto da clase traballadora, e no noso caso daquelas persoas que conformamos a CIG. Que coas nosas actitudes poidamos contribuír a reducir os ingresos da nosa organización, non só estaríamos a contribuír a non mellorar a situación financeira da CIG, se non que ademais estaríamos a practicar uns actos absolutamente insolidarios entre a nosa afiliación e polo tanto entre a clase traballadora.

Malia a mellora afiliativa da CIG, e por ende a económica, non podemos deixar de sinalar algunhas das eivas que hoxe padecemos, e que polo tanto temos a obriga de corrixir:

- Rotación na afiliación e envellecemento: Xa no VI Congreso identificabamos como un dos elementos ao que cumpría darlle pronta solución a “importante

rotación da afiliación, cunha porcentaxe de baixas sobre a que temos que prestar unha especial atención”, sendo que a día de hoxe aínda non fomos quen de atopar as medidas efectivas para poñerlle fin ou minimizar esta situación. De feito a porcentaxe de rotación na afiliación neste tempo non so se incrementou, se non que ademais a afiliación con menor rotación e con mais anos de permanencia na Central Sindical coincide, a día de hoxe, coa das persoas afiliadas de maior idade. Como medidas para tentar corrixir esta situación voltamos insistir no necesario compromiso de todos os organismos da CIG para facer unha maior e áxil xestión das devolucións bancarias e apuntamos, tamén, a necesidade de gañar, mais que persoas afiliadas, persoas militantes para o que se fai imprescindible a ideoloxización da afiliación.

- Cotas sindicais complementarias. Desde hai uns oito anos os ingresos da CIG por este concepto non fan mais que diminuír de maneira bastante constante. Neste senso faise obrigado mellorar a xestión dos ingresos por estas cotas complementarias, xa que aquelas estruturas que implementaron medidas de mellorar na súa xestión conseguiron significativos avances. Mais tamén, e isto non sería para o inmediato, pero si esta situación a futuro se consolida na baixada de ingresos, obrigaranos a Central Sindical a abordar de xeito sosegado, tranquilo e consensuado medidas de reequilibrio económico entre as diferentes estruturas.
- Garantir que todas as estruturas da CIG dispoñan de saldos de reserva que permitan superar posíbeis e futuras situacións adversas como as padecidas hai mais de dez anos. Polo que durante este mandato congresual, o Consello Confederal aprobará as medidas para facer realidade este obxectivo.
- A necesidade da estabilidade económica. No tempo transcorrido desde o ano 2.012 fomos quen de entre todas as estruturas e de xeito solidario xerar unha situación de estabilidade e fortaleza económica na maioría das estruturas da CIG, mais o certo é que aínda quedan estruturas por acadar este obxectivo polo que debemos insistir na consecución do mesmo para todas as estruturas da CIG.
- Cumprimento dos protocolos e prazos internos: O cumprimento dos protocolos e prazos dos que internamente nos temos dotado para a xestión financeira da nosa Central Sindical tamén é uns dos piares para mellorar o funcionamento económico, a xestión dos recursos propios e por ende a nosa independencia financeira. O Consello Confederal aprobará as liñas de actuación de corresponsabilidade a ter en conta polas estruturas para garantir o cumprimento destas obrigas.

6 A comunicación pública da nosa acción

A capacidade de comunicar con rapidez, rigor e responsabilidade é fundamental, xa que as mensaxes transmitidas non son individuais, senón representación da CIG.

O medre exponencial da representatividade da CIG e o noso modelo sindical de confronto ao poder teñen elevado a conflitividade nos diferentes sectores. Isto obriga a ter especial coidado coa comunicación, coas diferentes convocatorias de mobilización nas que somos protagonistas e mesmo coas nosas comparecencias ante os medios.

O sindicalismo de contrapoder e de defensa inquebrantábel dos dereitos da clase traballadora galega que representa a CIG, colide cos intereses da dereita instalada na Xunta de Galiza, nas patronais e nos propios medios de comunicación. Mais tamén coa socialdemocracia neoliberal instalada no Goberno do Estado e nos seus medios afíns.

Isto plásmase nun cerco mediático ao que tanto os medios públicos como privados nos someten e que ten como obxectivo que nin as propostas, canto a modelo económico, social ou político do sindicato se coñezan, nin que as loitas que lideramos cheguen ao conxunto da clase traballadora.

Os retos que temos que asumir de cara ao futuro para conseguir un mínimo de cobertura pasan por reforzar coa comunicación unha acción sindical forte e visíbel asentada en :

- Priorizar a afiliación como ferramenta clave para unha comunicación segura e efectiva, libre de presións externas. É imprescindible difundir as nosas propostas e mensaxes empregando ao máximo a nosa páxina web (Avantar, diario dixital) e todas as nosas redes sociais.
- Combinar redes sociais e mensaxería instantánea coa distribución física de materiais (panfletos, boletín sindical de tirada mensual, a revista Enxergar, etc.) e as asembleas presenciais nos centros de traballo e nos locais sindicais.
- Manterse á fronte da innovación tecnolóxica mediante medios alternativos que amplifiquen a voz sindical.

Así mesmo, debemos ter especial atención e coidado en:

1. **COORDINAR O CALENDARIO.** Cando convocamos un acto, unha mobilización ou unha rolda de prensa é imprescindible coordinar o calendario. Ás veces, a existencia dunha resposta inmediata imposibilitará ter en conta outras convocatorias xa previstas pola mesma federación -ou outra-, na mesma comarca ou localidade e na mesma data. Porén, debemos ser

conscientes de que se xa temos dificultades para conseguir cobertura para un único conflito quer nas edicións locais, comarcais ou nacionais, moito máis complicado será obter cobertura para varias accións, no mesmo día e, en non poucas ocasións, na mesma hora.

2. **CAMPAÑAS CONFEDERAIS.** As convocatorias das campañas confederais atinxen a toda a central sindical e son comunicadas en tempo e forma a todas as estruturas. É pois responsabilidade de federacións e comarcas evitar que coincidan con convocatorias sectoriais. Isto non vai garantir máis ou maior atención mediática pero, cando menos, non a vai dificultar aínda máis. Mesmo facilita reforzar a presenza de compañeiros das comarcas ou doutros sectores nas distintas accións.
3. **ROLDAS DE PRENSA.** A rolda de prensa é un evento de especial relevancia. Por iso debe estar claramente xustificada e moitas veces o que se pretende comunicar podemos resolvelo cunha nota de prensa.

É de especial importancia ter en conta as Guías de Boas Prácticas que temos deseñadas e tamén é imprescindible ter en conta o calendario. Non se deben convocar coincidindo con outras convocatorias de actos ou mobilizacións nosas para non pisármonos entre nós. Como tampouco se deben convocar en días sucesivos porque os medios non van destinar unha persoa xornalista para estar varios días seguidos na sede da CIG.

4. **NOTAS DE PRENSA.** A nota de prensa permite trasladar a nosa opinión respecto de temas diversos. Debe contar con datos abondo para conseguir que teña relevancia, pero nunca, nunca, substitúe a acción sindical. Non se pode pretender gañar un conflito só con notas de prensa.
5. **VÍDEOS E DOCUMENTAIS.** No caso de que unha estrutura quixera encargar un vídeo ou documental debe ter en conta varias cuestións:
 - Tempo. Debe ser proposto con antelación suficiente para o seu deseño e elaboración.
 - Tema. É imprescindible que defina que quere contar, por que e para que, proporcionando, en consecuencia, un guión sobre o que se desenvolva o traballo.
 - Imaxe. Sen material gráfico, non hai vídeo. Por iso, antes de pensar na súa elaboración, debe prever se conta ben o arquivo confederal, ben a propia estrutura, con material gráfico abondo para construír o vídeo ou documental que se pretende emitir.
6. **REDES SOCIAIS.** Malia térmonos dotado de Guías de Boas Prácticas as estruturas seguen sen rechiar as mensaxes emitidas nas redes sociais

confederais. Isto impide aproveitar o seu efecto multiplicador. Debemos aproveitar as súas potencialidades como medio para superar o cerco informativo que padece a CIG.

Estatutos CIG

**Actualizados após os debates no IX Congreso
(24 de maio de 2025)**

Título I

Da definición, ámbito e obxectivos

Artigo 1

A Confederación Intersindical Galega (en siglas, CIG) é unha organización sindical das persoas traballadoras galegas, constituída para a mellor defensa dos seus intereses, desde unha perspectiva de clase, feminista e non patriarcal, que aspira a unha Galiza plenamente soberana e sen explotación. A CIG exprésase en galego, que defende como único idioma oficial de Galiza, promove a súa completa normalización e comprométese a facer un uso non sexista da lingua. Respecta o uso das distintas formas da escrita entre a súa afiliación.

Artigo 2

A CIG establece a súa sede social central en Santiago de Compostela, rúa Miguel Ferro Caaveiro, núm. 10.

O Consello Confederal poderá decidir o cambio do domicilio social.

Artigo 3

A CIG constitúese por tempo indefinido e goza de personalidade xurídica propia e de plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus obxectivos.

Artigo 4

A CIG ten por ámbito territorial o de Galiza e nela poden participar todas as persoas traballadoras que desempeñen ou busquen desempeñar un traballo asalariado, sen limitación ningunha.

Artigo 5

A CIG ten como única lingua a galega, defendéndoa como única lingua oficial de Galiza e asumindo o compromiso de contribuír á súa normalización.

Artigo 6

A CIG basea a súa actuación nos principios e obxectivos fixados no seu Programa, nos acordos adoptados nos seus Congresos e nas resolucións dos órganos do goberno regulados nestes Estatutos.

Título II

Dos membros

Capítulo 1

Da condición de afiliado ou afiliada

Artigo 7

Poderanse afiliar á CIG todas as persoas traballadoras de Galiza, independentemente da súa situación laboral como activas, paradas, xubiladas ou pensionistas.

Artigo 8

As persoas traballadoras autónomas, así como as socias de cooperativas e de sociedades anónimas laborais ou asimiladas que non teñan persoas traballadoras asalariadas ao seu cargo, poderán participar na CIG nos termos que determine o Consello confederal. Igualmente aprobará a fórmula de adhesión especial con que poidan vincularse as persoas traballadoras galegas residentes no exterior.

Artigo 9

A afiliación é individual e voluntaria, co único requisito da aceptación destes Estatutos e respecto dos principios e obxectivos, e sen que poida ser limitada por razóns de idade, sexo, identidade ou expresión de xénero, nacionalidade, ideoloxía, relixión ou filiación política.

Artigo 10

A condición de persoa afiliada produce efectos desde o primeiro día do mes da formalización da ficha de afiliación, que se entenderá realizada no momento da asignación dun número de afiliación, aínda que o acceso a unha atención específica, que requira un asesoramento individualizado, xa sexa sindical ou técnico, así como a participación en eleccións internas non se poderá reclamar até que transcorran tres meses desde aquela data e se satisfagan as cotas correspondentes a ese período.

A Executiva Confederal conservará e actualizará os ficheiros de afiliación coa maior reserva e discreción, nos termos da lexislación vixente sobre protección de datos. Os órganos confederais da CIG terán acceso en todo momento aos ficheiros dos órganos sectoriais e territoriais. As federacións terán acceso aos datos referidos ao seu ámbito.

Artigo 11

A persoa afiliada poderá causar baixa na CIG polas seguintes causas:

- a) A petición propia.
- b) Por non aboar a cota sindical nos tres primeiros meses desde a formalización da ficha de afiliación.
- c) Por non aboar a cota durante seis meses sen alegación dunha causa xustificada; neste caso poderá producirse o reingreso sen perda dos dereitos de antigüidade tras pagamento previo das cotas que se deban e sempre que non transcorresen máis de doce meses.
- d) Por deixar de reunir as condicións requiridas nos artigos 7 e 8 destes Estatutos.
- e) Por sanción.
- f) Por participar en candidaturas doutras organizacións sindicais nas eleccións sindicais en concorrencia coas da CIG.
- g) Por ter condena mediante sentenza xudicial por delitos de violencia de xénero

A reincorporación á CIG de quen causase baixa por algunha das causas establecidas nos apartados e), f) ou g) deste artigo requirirá informe favorábel previo do Secretariado Confederal, despois de consultar cos organismos afectados.

Calquera das partes implicadas no proceso, en caso de desacordo coa decisión tomada, poderá recorrer ao Consello Confederal.

Capítulo 2

Do réxime de dereitos e deberes

Artigo 12

Son dereitos das persoas afiliadas da CIG os seguintes:

- a) Participar na CIG en igualdade de condicións que o resto de membros.
- b) Garantía da súa liberdade de expresión interna e de respecto ás súas ideas.
- c) Elixir e ser elixida para calquera cargo ou para calquera ámbito de representación.
- d) Ter acceso aos locais sociais, á documentación e ás publicacións da CIG.
- e) Ser axudada en caso de represión por pertencer á CIG ou polo exercicio da actividade sindical.

- f) Acceder a unha atención específica, que requira un asesoramento individualizado, ben sexa sindical ou técnico, dos recursos sindicais de que dispoña a CIG.
- g) Acceder aos recursos sindicais complementarios de que dispoña a CIG, nas condicións e cos requisitos que se establezan no seu réxime de xestión, que en ningún caso poderán supor discriminación dos dereitos subxectivos das persoas afiliadas.
- h) Dereito a formar e organizarse dentro da central sindical, en colectivos afín aos seus ideais, sempre que non contraveñan os principios organizativos e programáticos dos que se dote a Confederación.

En ningún caso se poderá acceder aos recursos e atención contemplados nos apartados f) e g) cando se trate de reclamacións presentadas contra a propia CIG.

Artigo 13

Son deberes das persoas afiliadas os seguintes:

- a) Aboar a cota regulamentariamente establecida.
- b) Respetar os Estatutos, os regulamentos e o programa da CIG, tanto no ámbito confederal como nos sectoriais correspondentes, e acatar os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno confederais, sectoriais e territoriais.
- c) Participar, na medida das súas posibilidades, nas actividades da CIG.

Capítulo 3

Do réxime de garantías e sancións

Artigo 14

A vixilancia do respecto dos dereitos estatutarios das persoas afiliadas da CIG, así como a resolución das controversias na interpretación destes Estatutos, polos seus propios termos ou en relación cos aprobados polos sindicatos ou federacións ou cos regulamentos internos, así como a resolución dos recursos en materia disciplinaria, son competencia da Comisión de Garantías.

Artigo 15

A Comisión de Garantías está composta por seis membros que, xunto con catro suplentes, serán elixidos polo Congreso por maioría de dous terzos. Os seus membros non poderán ocupar cargos que impliquen a súa participación no Consello Confederal.

Artigo 16

Na actuación da Comisión de Garantías rexerá o principio de independencia respecto de calquera órgano da estrutura da CIG. Os seus acordos adoptaranse por maioría de dous terzos das persoas membros. Notificará ao Consello Confederal a iniciación de asuntos e remitiralle as resolucións que adopte, para efectos de información do organismo. Presentará un informe de actuación ante o Congreso e elaborará anualmente unha memoria da súa actividade, que presentará ante o Consello Confederal.

Artigo 17

A Comisión de Garantías elaborará un Regulamento de procedemento que, de acordo con estes Estatutos, sistematice o seu réxime de actuación; ese regulamento, que ten que aprobar o Consello Confederal por maioría de dous terzos, conterá cando menos as seguintes materias:

- a) Dereitos e actividades amparados pola actuación da Comisión de Garantías.
- b) Prazos e formas de presentar queixas ou reclamacións.
- c) Prazos e procedementos de tramitación dos expedientes.
- d) Tipos de resolución e os seus efectos.

Artigo 18

As persoas afiliadas da CIG só poderán ser sancionadas logo de apertura de expediente disciplinario e co procedemento establecido nestes Estatutos e, no seu desenvolvemento, no Regulamento de procedemento disciplinario, polos seguintes motivos:

- a) Vulnear os Estatutos, os regulamentos e o programa da CIG no ámbito confederal ou dos sindicatos e federacións nela integrados.
- b) Non acatar os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno da CIG e incumprir as resolucións definitivas ditadas pola Comisión de Garantías.
- c) Desenvolver actividades manifestamente contrarias aos principios e obxectivos da CIG, incluídas as condutas de agresión ou discriminación.

Artigo 19

O expediente disciplinario deberá ser instruído polo organismo de maior rango ao que estea adscrita, se é o caso, a persoa expedientada, esixíndose para a súa resolución unha votación por maioría de dous terzos das persoas membros en primeira convocatoria e de dous terzos de asistentes en segunda. En todo caso, o Consello Confederal sempre terá a facultade de abrir expediente informativo ou disciplinario a calquera persoa afiliada, independentemente da súa condición, cando os feitos xulgados afecten os intereses xerais do conxunto da Confederación.

Artigo 20

Na tramitación do expediente, a persoa afiliada deberá recibir comunicación por escrito da súa apertura e ser convocada cunha antelación mínima de quince días a unha reunión do organismo que vaia resolver, a fin de que sexa escoitada.

Artigo 21

En función do grao con que se cualifique o feito motivo do expediente, a persoa afiliada poderá ser sancionada con algunha das seguintes medidas:

- a) Censura por escrito, con apercibimento.
- b) Suspensión temporal de dereitos como afiliada, por tempo que non poderá exceder dun ano. A suspensión poderá afectar a todos ou parte dos dereitos establecidos no artigo 12, especificándose claramente na resolución o seu alcance. A suspensión do dereito de participación establecido no apartado a) do artigo 12 implicará, se é o caso, a suspensión no exercicio dos cargos que desempeñase a persoa sancionada.
- c) A baixa como afiliada.

Artigo 22

Sen prexuízo da resolución definitiva, cando a especial gravidade dos feitos o fixese necesario, o organismo competente para instruír o expediente poderá acordar no momento do seu inicio a suspensión cautelar dos dereitos como persoa afiliada, en resolución motivada que requirirá o voto favorábel de dous terzos dos seus membros. Tal resolución poderá ser recorrida no prazo de tres días polo suspendido ante a Comisión de Garantías, que ten que resolver no prazo de dez días; a falta de resolución expresa no devandito prazo terá efectos de estimación do recurso.

Artigo 23

As resolucións definitivas dos expedientes disciplinarios poderán ser recorridas polas partes ante a Comisión de Garantías no prazo de 15 días desde a data de notificación desta, a cal no prazo dun mes desde o recurso adoptará unha resolución que confirme ou modifique a resolución recorrida. Para isto poderá solicitar das partes ou de calquera organismo da CIG canta documentación ou comparecencias considere necesarias para resolver. En caso de desacordo coa resolución da Comisión de Garantías, quen resultase sancionada con algunha das medidas previstas nos apartados b) ou c) do artigo 21 poderá recorrer ante o Congreso da CIG, sen prexuízo do carácter executivo da sanción desde que se dite a resolución da Comisión de Garantías.

Capítulo 4

Do réxime de incompatibilidades

Artigo 24

O desempeño de calquera cargo ou responsabilidade na CIG implica, ademais da xenérica destes Estatutos, a aceptación particular das incompatibilidades que se regulan neste capítulo.

Artigo 25

O desempeño de cargos ou responsabilidades que impliquen ser membro do Consello Confederal é incompatíbel con:

- 1 Secretaría Xeral, Presidencia ou cargos asimilados, ou portavoz público dunha organización política.
- 2 Parlamentario/a.
- 3 Alcalde/Alcaldesa ou concelleiro/a.
- 4 Cargo público de libre designación en calquera administración pública.
- 5 Participar a calquera nivel e clase nas xerarquías de calquera confesión relixiosa.
- 6 Exercer calquera cargo ou responsabilidade de representación ou asesoramento ao servizo de asociacións empresariais.
- 7 Estar vinculada a unha empresa mediante contratos especiais de alta dirección ou modalidades asimiladas.

Ademais, o desempeño de cargos directivos nos Colexios Profesionais é incompatíbel co exercicio de responsabilidades sindicais de dirección ou liberacións a calquera nivel na CIG.

Artigo 26

O desempeño de cargos ou responsabilidades nos órganos executivos da CIG (Executiva Confederal, Executiva Comarcal ou Local, órgano executivo nacional dun sindicato ou federación) é incompatíbel co desempeño de cargos individuais de idéntico ámbito e función dunha organización política, así como co exercicio da responsabilidade de portavoz público desta en calquera ámbito.

Artigo 27

A pertenza ao Secretariado Confederal da CIG é incompatíbel coa participación en candidaturas das organización políticas nas eleccións locais, galegas, estatais ou europeas.

Artigo 28

O desempeño de calquera cargo, colectivo ou unipersoal, na central sindical (agás que a súa situación laboral sexa a de persoa parada) é incompatíbel coa impartición de cursos retribuídos en CIG-Formación. A devandita incompatibilidade estenderase a todas as persoas que realicen funcións de persoal liberado da CIG, así como a todas aquelas persoas que, independentemente das funcións que desempeñen, perciban retribucións da CIG.

Ningunha persoa liberada da estrutura da CIG, nin liberada de empresa por acumulación de horas, nin liberada da Área Pública, nin asalariada da CIG poderá practicar o pluriemprego, sempre e cando non sexa para completar a súa xornada laboral normal.

A condición de persoa liberada asalariada da CIG a tempo completo é incompatíbel con ocupar cargos políticos institucionais de elección ou designación pública.

Título III

Dos ámbitos de organización

Capítulo 1

Do ámbito sectorial

Artigo 29

Sectorialmente, a CIG organízase en estruturas profesionais coa denominación de sindicato ou de federación, en que se agrupan as persoas afiliadas encadradas no correspondente sector en función da súa actividade ou orientación profesional/laboral. Toda persoa afiliada da CIG é membro dun sindicato ou federación da central.

Artigo 30

Para efectos de adscrición sectorial dunha persoa afiliada en activo, poderase ter en conta a actividade principal do centro de traballo ou da subcontrata en que efectivamente traballe, ou ben a actividade principal da empresa ou administración pública para a que aquela preste servizos. En caso de desacordo entre os sindicatos ou federacións afectadas, o Consello Confederal poderá adoptar un criterio de adscrición con vixencia até que o acordo entre as estruturas sectoriais se produza.

A adscrición sectorial dunha persoa afiliada en situación de paro, e mentres permaneza como tal, realizarase na estrutura que corresponda ao seu último traballo; no caso de ser demandante de primeiro emprego, na que resulte acorde coa súa orientación profesional/laboral e, se esta fose non específica, encadrarase no sector de oficinas e despachos.

Respecto do persoal propio da CIG, establécense as seguintes regras de adscrición:

- a) quen realice funcións propias persoal liberado nunha estrutura sectorial, na Federación para a que desenvolva a súa actividade sindical,
- b) quen realice funcións de persoal liberado na estrutura nacional confederal ou nunha estrutura territorial, na Federación que corresponda pola súa última actividade,
- c) o resto do persoal, na Federación que corresponda polo sector de oficinas e despachos.

Artigo 31

Na CIG confedéranse actualmente os sindicatos ou federacións correspondentes á seguinte clasificación de sectores:

- 1 Administración Pública
- 2 Banca, Aforro, Seguros, Oficinas e Centros de Chamadas
- 3 Construción e Madeira
- 4 Ensino
- 5 FGAMT
- 6 Industria
- 7 Saúde
- 8 Servizos

Dúas ou máis destas Federacións constituídas poderán fusionarse para constituíren unha nova que substitúa en todo as orixinarias, previo acordo dos seus respectivos Congresos extraordinarios.

Así mesmo, poderá constituírse unha nova Federación cando se cumpran os seguintes requisitos e procedemento:

1. Que o sector da nova federación conte cun mínimo de 5.000 persoas afiliadas; para estes exclusivos efectos, terase en conta o listado nominal da afiliación coas cotas ao día.
2. Que teña garantida a súa autonomía a nivel de cadros e recursos económicos.
3. No caso de que a nova federación sexa produto da segregación dun ou varios sectores de actividade dunha ou de varias das federacións existentes, acordo en Congreso destas. En calquera dos supostos contemplados neste artigo, antes da convocatoria dos respectivos congresos, solicitarase a opinión do Consello Confederal da CIG para validar o proceso por unha maioría de 2/3.

Artigo 32

Cada sindicato ou federación constituído na CIG terá personalidade xurídica propia e plena autonomía para delimitar a súa denominación e o seu funcionamento interno, para o cal ten que se dotar de Estatutos e programa propios, coa única limitación de non contradicir os Estatutos e programa confederais.

Artigo 33

Os sindicatos ou federacións constituídas na CIG elaboran e desenvolven a política sindical no seu sector, teñen a responsabilidade da negociación colectiva, das eleccións sindicais e da afiliación, e garanten a participación solidaria na política sindical e nas actividades confederais. Esas facultades serán exercidas con carácter transitorio polos organismos confederais que correspondan nos sectores para os que non estea constituído o sindicato ou federación.

Naqueles temas ou materias en que a toma de posición teña implicación para o conxunto da Central Sindical, requirirase a opinión previa dos organismos confederais.

Artigo 34

A sección sindical é a estrutura organizativa básica dos sindicatos ou federacións e da CIG. Está composta polo conxunto de persoas afiliadas nunha empresa ou centro de traballo e a súa constitución e funcionamento será regulado polos Estatutos do correspondente sindicato ou federación. Crearase un rexistro confederal de seccións sindicais da CIG.

As persoas traballadoras coa condición de non activas que manteñan unha vinculación de rendas coa empresa poderán participar na sección sindical desta cun criterio de ponderación (entre 1/2 e 1/3) na súa representación na forma que determinen os Estatutos da federación respectiva, intervindo exclusivamente nos asuntos relacionados coas materias que lles afecten sobre rendas e fondos sociais, aínda que non poderán en ningún caso intervir nos acordos relativos á convocatoria de folga nese ámbito. Todo isto en tanto non se fixese efectiva a constitución dunha estrutura sindical propia dese colectivo nos termos que se prevén no artigo 31, caso no que se deberán establecer protocolos de colaboración para os efectos da afectación a que se refire este parágrafo, entre as estruturas sindicais afectadas e a nova constituída.

Artigo 35

A asemblea de sección sindical ten como facultades mínimas as seguintes:

- a) Elaborar e desenvolver a política sindical para o ámbito da empresa ou centro de traballo en que se constitúe, non podendo contradicir a confederal nin a sectorial respectiva.
- b) Elixir os seus órganos de goberno, os cales terán as atribucións que legal ou convencionalmente lles corresponda, alén das propias de representación da sección sindical.

- c) Elixir as persoas candidatas da CIG para as elección sindicais na súa empresa ou centro de traballo.
- d) Elixir os cargos de persoas delegadas da sección sindical.
- e) Designar a súa representación nos órganos internos que así o teñan establecido, tanto no ámbito da empresa ou centro de traballo como no do seu sindicato ou federación.
- f) Todo o relativo á negociación colectiva no seu ámbito, incluído o asinamento do convenio propio.
- g) Elixir o persoal liberado de acordo coas normas da central sindical. Aprobar as acumulacións de horas para as persoas delegadas electas ou de sección sindical, se é o caso, e cando así se decida.

As persoas delegadas electas nos Comités de Empresa, Xuntas de Persoal, así como todos os cadros elixidos para representar a sección sindical, terán que supeditar a súa actividade sindical aos acordos emanados da sección sindical, someténdose ás decisións e pautas acordadas nestas.

As seccións sindicais que contén cando menos con 100 persoas afiliadas terán, para efectos internos da CIG e para o seu ámbito de actuación, a consideración de órgano de goberno á que fai referencia o artigo 62 dos actuais Estatutos, de conformidade co que establezan ao respecto os Estatutos de cada federación.

Constituiranse seccións sindicais en todas as empresas ou centros de traballo en que exista afiliación sindical da CIG.

No caso das empresas, onde estean constituídas seccións sindicais, e no seu ámbito actúen empresas de servizos ou auxiliares con seccións sindicais da CIG, haberá unha coordinación do traballo do conxunto das seccións sindicais que actúan no ámbito da empresa, independentemente da pertenza a unha ou máis federacións.

As funcións, facultades e funcionamento das seccións sindicais de ámbito provincial serán reguladas polos Estatutos da federación correspondente.

En todo caso, cando se celebren asembleas de afiliación destas seccións sindicais para o exercicio das facultades regulamentadas neste artigo, será preceptiva a convocatoria de tantas asembleas como unións locais da CIG estean constituídas, sempre que haxa un mínimo de 15 persoas afiliadas.

Artigo 36

A sección sindical dotarase dun regulamento onde deberá constar, como mínimo, o número de membros que comporán o seu órgano de goberno, normas de funcionamento, xuntanzas, responsabilidades, etc.

Entre os membros do órgano de goberno elixirase unha secretaría, que terá a condición de cargo unipersoal da CIG para os únicos e exclusivos efectos de acceder ao censo de afiliación da propia sección sindical, previa solicitude á persoa responsábel do tratamento de datos persoais ou persoa debidamente autorizada.

Artigo 37

A asemblea de afiliación é o máximo organismo da sección sindical. Será convocada pola persoa Secretaria desta, a requirimento de 1/3 dos membros do órgano de goberno responsábel, ou a petición de 1/3 dos afiliados/as da sección sindical.

Artigo 38

Son funcións do órgano de goberno da sección sindical as seguintes:

- a) Dar resposta inicial aos problemas urxentes que se produzan na empresa.
- b) Facer seguimento da afiliación, controlar as altas, baixas, cotas, e pasar todo tipo de información á afiliación do centro de traballo.
- c) Potenciar a participación das persoas traballadoras nas asembleas do centro de traballo.
- d) Responsabilizarse da negociación colectiva.
- e) Trasladar á asemblea de afiliación as propostas a persoas delegadas da sección sindical, así como as propostas de candidaturas pola CIG ás eleccións sindicais na empresa.
- f) Colaborar solidariamente coa CIG no seu conxunto.

As funcións dos órganos de goberno das seccións sindicais de ámbito provincial serán regulamentadas polos Estatutos da federación correspondente.

Capítulo 2

Do ámbito territorial

Artigo 39

Territorialmente, a CIG organízase en estruturas comarcais e locais coa denominación de unións e seguindo criterios de afinidade xeográfica e de operatividade sindical, nas que se encadran as persoas afiliadas do seu ámbito, que se poderán adscribir, á súa elección, en función do seu lugar de residencia ou o de traballo.

Artigo 40

A unión comarcal é a estrutura básica de organización territorial da CIG, que define a política sindical común no seu ámbito territorial, coordina a actividade sindical dos sindicatos ou federacións na comarca en que sexa común, leva o rexistro de afiliación, dirixe e administra os locais e os recursos comúns da CIG na comarca, ten a responsabilidade no control da recadación de cotas, exerce as facultades dos sindicatos ou federacións nos sectores en que aqueles non están constituídos e posúe a representación confederal da CIG no seu ámbito territorial.

Artigo 41

A CIG está hoxe estruturada nas seguintes unións comarcais:

- 1 Vigo
- 2 Santiago
- 3 A Coruña
- 4 Ferrol
- 5 Lugo-A Mariña
- 6 Ourense
- 7 Pontevedra

Poderán constituírse novas unións comarcais cando se cumpran os seguintes requisitos:

- a) que a Unión Local ou conxunto de unións locais aspirantes a constituírse en comarca contén cun mínimo de 5.000 afiliados e afiliadas,
- b) informe favorábel de, cando menos, 2/3 das federacións constituídas na comarca afectada,
- c) acordo da Asemblea Comarcal afectada,
- d) ratificación previa do Consello Confederal da CIG por maioría de 2/3.

O Secretariado Confederal poderá acordar a constitución de comités intercomarcais con facultades para coordinaren actuacións provinciais, especialmente en materia de negociación colectiva, se é o caso, e de representación institucional que se teñan que decidir nese ámbito territorial.

Artigo 42

Os órganos competentes das unións comarcais aprobarán a constitución no seu seo de unións locais, a proposta das localidades afectadas e sempre que dispoñan de local, dun número mínimo de 600 afiliados e afiliadas e elixan unha executiva local.

Artigo 43

As unións locais así constituídas exercerán no seu ámbito territorial específico as facultades conferidas ás unións comarcais nos artigos 69 e 73 destes Estatutos, agás en materia de contratación de persoal e de apertura de locais ou aquelas outras que poidan entrar en contradición coas competencias específicas das unións comarcais, sen prexuízo da dependencia orgánica respecto destas últimas para todos os efectos. Exercerán igualmente o dereito de representación directa nos órganos de goberno das unións comarcais, nos termos regulados por estes Estatutos.

Capítulo 3 Do ámbito funcional

Artigo 44

O Consello confederal, o Secretariado confederal e a Executiva confederal da CIG, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán acordar a constitución de comisións para abordar o desenvolvemento de tarefas ou funcións específicas que, pola súa especialización, aconsellen un traballo en estruturas funcionais monográficas.

Artigo 45

A finalidade, competencias, composición e vixencia de tales comisións deberase conter no propio acordo do organismo que as cree. Poderán elaborar un regulamento de funcionamento que deberá ser aprobado polo organismo que as creou, do cal dependen organicamente para todos os efectos.

Con este fin, após cada Congreso constituirase a Comisión Nacional de Mulleres, que estará formada pola compañeira responsábel da Secretaría Confederal das Mulleres na Executiva Confederal da CIG, así como polas compañeiras secretarías nacionais das mulleres de cada unha das federacións e as secretarías comarcais das mulleres de cada unha das unións comarcais da confederación.

No seo da Comisión Nacional das Mulleres, que estará presidida pola Secretaria Confederal das Mulleres, marcaranse as liñas de traballo a seguir en materia de igualdade na central sindical, podendo convocar Encontros Nacionais de Mulleres da CIG para debater entre o corpo de delegadas e afiliadas ao respecto da situación das mulleres.

Título IV

Dos órganos de goberno

Capítulo 1

Dos órganos confederais

Artigo 46

No ámbito confederal nacional, son órganos de goberno da Confederación Intersindical Galega os seguintes:

- a) O Congreso
- b) O Consello Confederal
- c) O Secretariado Confederal
- d) A Executiva Confederal

Artigo 47

O Congreso é o órgano soberano da CIG e está composto por un número total de persoas delegadas que determinará o Consello Confederal no acordo de convocatoria, cunha distribución que se realizará cos seguintes criterios:

Son persoas delegadas natas as membros do Consello Confederal e as da Comisión de Garantías.

As restantes, deica o número total acordado, serán elixidas por comarcas e, dentro destas, por sindicatos ou federacións e, dentro destes, por empresas ou centros de traballo, cun reparto proporcional á afiliación.

Artigo 48

O Congreso celebrarase con carácter ordinario unha vez cada catro anos, debendo convocarse cunha antelación de seis meses. O Consello Confederal, órgano responsábel da súa convocatoria, aprobará un regulamento para o período congresual e elaborará unha proposta de regulamento para as sesións do Congreso, a cal deberá ser aprobada por este ao seu inicio.

Artigo 49

O Congreso da CIG ten as seguintes competencias:

- a) Aprobar ou modificar os Estatutos e o programa.
- b) Analizar a xestión dos demais órganos de goberno confederais a nivel nacional.
- c) Coñecer os estados de contas e aprobalos, se é o caso.
- d) Definir as orientacións básicas da política sindical confederal.

- e) Elixir a Secretaría Xeral e a Executiva Confederal.
- f) Elixir a Comisión de Garantías.
- g) Coñecer e decidir todas aquelas cuestións que os Estatutos e os regulamentos expresamente lle atribúan e aqueloutras que se lle sometan respectando os Estatutos.

Artigo 50

Poderá convocarse un congreso con carácter extraordinario. A súa convocatoria deberá estar avalada por 2/3 dos membros do Consello Confederal, ou ben por 1/3 da afiliación total, ou ben por un número de órganos territoriais e/ou sectoriais que representen conxuntamente 2/3 da afiliación total. Entre a convocatoria e a realización non poderán transcorrer menos de dous meses nin máis de seis. No acordo de convocatoria, o Consello Confederal deberá aprobar un regulamento sobre a composición, documentación e ordenación da súa organización. O Congreso extraordinario só poderá analizar e pronunciarse sobre o asunto que motivase a súa convocatoria.

Artigo 51

O Consello Confederal é o máximo órgano de dirección da CIG entre congresos e está composto por:

- a) Cen (100) membros, cuxa elección corresponderá un 50% (50 membros) ás federacións e outro 50% (50 membros) ás unións comarcais, que a súa vez se repartirán, para a súa elección polas estruturas, de forma directamente proporcional á afiliación de cada federación ou de cada unión comarcal. Nestes membros inclúense a persoa Secretaria de Unión Comarcal e a persoa Secretaria Nacional de Federación.

Esta representación será elixida directamente na Asemblea Comarcal ou no Congreso Federal respectivos.

- b) Os membros da Executiva Confederal.

Artigo 52

O Consello Confederal reunirase ordinariamente 3 veces no ano a convocatoria da Executiva Confederal, a cal igualmente tramitará as convocatorias extraordinarias oportunas por propia iniciativa ou por acordo do Secretariado Confederal ou a instancia de 1/3 dos membros con dereito a voto do Consello Confederal.

Artigo 53

Son competencias do Consello Confederal:

- a) Aprobado o seu regulamento de funcionamento.
- b) Convocar o Congreso e aprobar o regulamento para o período precongressual, tendo este último que contar co acordo de 2/3 de membros asistentes.
- c) Convocar, por acordo da maioría absoluta de membros asistentes, Conferencia sindical nacional, que terá carácter deliberante e estará composta polos membros do Consello Confederal, os membros dos órganos de dirección das unións comarcais e os membros dos órganos de dirección dos sindicatos ou federacións, establecéndose o seu obxecto no mesmo acordo de convocatoria.
- d) Aprobado os regulamentos de materias específicas cando así estea previsto nestes Estatutos.
- e) Definir as liñas básicas da negociación colectiva. Elaborar a documentación e as propostas que considere oportunas para someter á consideración do Congreso.
- f) Analizar cando menos unha vez ao ano a situación socioeconómica e sindical, e propor as orientacións xerais para a acción sindical no seguinte período.
- g) Aprobado o orzamento ordinario e, se é o caso, extraordinario, facendo un seguimento cuatrimestral da súa execución.
- h) Aprobado as cotas, os salarios e demais condicións laborais, e as transferencias entre estruturas. Examinar a xestión da Executiva Confederal e do Secretariado Confederal.
- i) Recibir o Informe-Memoria anual de actividades dos diferentes Gabinetes da Confederación.
- m) Nomear comisións de traballo para os asuntos que considere necesarios, avaliando periodicamente as súas actividades.
- n) Ratificar as persoas que compoñan os padroados das Fundacións que poida crear a CIG.
- o) Decidir sobre as peticións colectivas de afiliación, adhesión ou integración, así como sobre as relacións que a CIG poida manter con organizacións internacionais sindicais.
- p) Adoptar as resolucións de urxencia que considere imprescindíbeis, que non contradigan as resolucións congresuais.
- q) Nomear transitoriamente órgano xestor dunha estrutura territorial ou sectorial cando, por dimisión ou falta de elección, non existan órganos de dirección desta.

- r) Ratificar os plans e informes anuais de traballo realizados por cada unha das secretarías confederais.
- s) Aprobado o regulamento de funcionamento da Caixa de Resistencia.
- t) Calquera outra competencia expresamente atribuída ao Consello Confederal nos Estatutos e nos regulamentos.

Artigo 54

O Secretariado Confederal está composto por:

- a) A Executiva Confederal.
- b) A persoa Secretaria Aacional dos sindicatos ou federacións constituídas.
- c) A persoa Secretaria das unións comarcais.

Excepcionalmente, a ausencia ás reunións do organismo das persoas secretarías territoriais ou sectoriais membros deste poderá ser suplida, logo de comunicación, por outro cargo que designe o órgano de dirección respectivo.

Artigo 55

O Secretariado Confederal reunirase ordinariamente cada mes e medio; será convocado pola Executiva Confederal, a cal tamén convocará, por iniciativa propia ou a instancia de 1/3 de membros do organismo, sesións extraordinarias nos asuntos que o requiran.

Artigo 56

O Secretariado Confederal terá as seguintes competencias:

1. De coordinación da acción sindical:
 - a) Aprobado e organizar as actividades e iniciativas sindicais de carácter global en que a CIG participe.
 - b) Coordinar a actividade sindical das unións comarcais e dos sindicatos ou federacións co fin dunha mellor operatividade sindical conxunta.
 - c) Análise e seguimento dos conflitos e convenios a transcendencia dos cales así o aconselle.
 - d) Seguimento e coordinación da negociación colectiva a nivel nacional.
 - e) Coordinar as relacións internacionais entre a Confederación e as federacións. De non existir a Secretaría Confederal de Relacións Internacionais, a persoa Directora do Departamento Internacional da Confederación integrárase no Secretariado Confederal con voz e sen voto.
2. De coordinación da estrutura organizativa e a implantación:
 - a) Analizar a situación organizativa, as relacións financeiras entre estru-

turas e a implantación da CIG a todos os niveis e impulsar propostas para a súa potenciación.

- b) Nomear os representantes da CIG nos órganos de representación institucional de ámbito xeral a nivel internacional, estatal e galego, e coñecer o nomeamento de representantes en órganos de carácter sectorial e provincial ou inferior, resolvendo, se é o caso, as discrepancias que se poidan producir neses ámbitos.
- c) Ratificar as novas prazas de persoal creadas nos distintos ámbitos da Confederación, a proposta do órgano responsábel en cada caso.
- d) A creación e revogación dos cargos de elección específica, nos termos do artigo 56 bis

3. De carácter interno e funcional:

- a) Dotarse dun regulamento de funcionamento.
- b) Tratar os casos de presunta contradición entre as normas estatutarias a que se refiren os artigos 14 e 32, instando, se é o caso, ditame vinculante da Comisión de Garantías.
- c) Presentarlle ao Consello Confederal as propostas que considere.
- d) As que lle sexan expresamente delegadas polo Consello Confederal ou atribuídas por estes Estatutos e os regulamentos que os desenvolven.

Artigo 56 bis

1. Son cargos de elección específica os que sexan designados para a realización de funcións temporais de reforzo da dirección sindical en calquera dos órganos sectoriais ou territoriais da Confederación.
2. A creación e revogación dos cargos de elección específica corresponde ao Secretariado Confederal. A súa provisión farase de acordo ao estipulado no Estatuto de Persoal da CIG.
3. A persoa que ocupe un cargo de elección específica terá a condición de sindicalista (persoal liberado) consonte á disposición adicional primeira, sempre que desempeñe o devandito cargo con dedicación exclusiva ou parcial e perciba retribución.

Artigo 57

A Executiva Confederal está composta por doce membros, elixidos no Congreso, incluíndo a persoa Secretaria Xeral, para exercer cada un deles, tanto a nivel externo como interno, unha responsabilidade nacional específica a través dunha Secretaría Confederal. O Consello Confederal ratificará

a distribución das áreas de traballo e as responsabilidades específicas asignadas a cada Secretaría Confederal, que garantirán cando menos a atención das áreas de acción sindical, comunicación, emprego, formación ocupacional e continua, relacións exteriores, formación sindical, gabinete técnico e de saúde laboral, institucional, muller, finanzas e organización. A Executiva Confederal deberá dotarse dun Regulamento de funcionamento que determine o método de traballo interno, defina as materias atribuídas a cada Secretaría Confederal e delimite os medios materiais de apoio ao traballo de cada área de responsabilidade.

Artigo 58

A Executiva Confederal reunirase ordinariamente con carácter semanal por convocatoria da persoa Secretaria Xeral, quen igualmente convocará sesións extraordinarias por propia iniciativa ou de 1/3 de membros do organismo.

Artigo 59

A Executiva Confederal exercerá mancomunadamente a representación xurídica, económica, patrimonial e legal da CIG, podendo delegar na persoa Secretaria Xeral ou, na súa ausencia, en calquera outro membro, estas facultades para os únicos efectos de outorgamento de poderes. Ten, ademais, as competencias seguintes:

- a) Representación da CIG entre sesións do Consello Confederal.
- b) Relacións exteriores e interiores.
- c) Elaborar as publicacións e a propaganda de ámbito nacional confederal, así como as relacións cos medios de comunicación.
- d) Elaborar propostas e facer seguimento da negociación colectiva, así como facer seguimento dos conflitos laborais de maior transcendencia.
- e) Elaborar propostas e facer seguimento da política da CIG en materia de emprego e de formación profesional das persoas traballadoras.
- f) Elaborar os programas de formación sindical e organizar as súas actividades no ámbito nacional confederal.
- g) Constituír e dirixir un gabinete técnico de apoio ás tarefas competencia do organismo.
- h) Coordinar e facer o seguimento das relacións institucionais da CIG así como da presenza dos seus representantes nos organismos institucionais en que participe.

- i) Elaborar e xestionar os orzamentos da caixa confederal, participar na xestión das finanzas confederais e facer seguimento da xestión dos diferentes recursos sindicais de que se dote a CIG, nos termos aprobados polo Consello Confederal.
- l) Pular pola coordinación interna entre as diferentes estruturas da CIG, propor obxectivos organizativos comúns e facer o seguimento da evolución organizativa confederal.
- m) Informar ao Consello Confederal e ao Secretariado Confederal da súa planificación e da xestión desenvolvida, e presentar ante estes as propostas de acordos que considere.
- n) Propor ao Consello Confederal as persoas que compoñan os Padroados das Fundacións constituídas pola CIG.
- o) Decidir sobre as cuestións urxentes que se presenten entre reunións dos organismos superiores, dando conta destas na primeira sesión que os devanditos organismos realicen.
- p) Presentar un informe de xestión ante o Congreso.
- q) As que expresamente se lle atribúan polos Estatutos ou regulamentos en vigor, así como as que lle sexan delegadas polos organismos superiores.

En representación da Executiva Confederal, as contas nacionais confederais serán asinadas mancomunadamente pola persoa Secretaria Confederal de Finanzas e a persoa Secretaria Confederal de Organización.

Artigo 60

A Secretaría Xeral é o cargo unipersoal elixido en congreso que exerce a máxima representación pública da CIG, impulsa e coordina o traballo dos organismos nacionais confederais e preside as sesións da Executiva Confederal, Secretariado Confederal e Consello Confederal.

Artigo 61

En caso de resultar vacante o cargo de Secretaría Xeral, o Consello Confederal deberá decidir por maioría de 2/3 a forma de substitución até a realización do seguinte congreso.

Capítulo 2 **Dos órganos sectoriais**

Artigo 62

Os Estatutos dos sindicatos ou federacións establecerán os órganos de goberno no seu respectivo ámbito, tal como prevé o artigo 32, tendo nese caso a consideración de órganos de goberno da CIG.

Artigo 63

En todo caso, os sindicatos ou federacións deberán elixir un Secretario ou unha Secretaria nacional, coas facultades que determinen os correspondentes Estatutos sectoriais así como a de ser membros do Secretariado Confederal da CIG.

Capítulo 3 **Dos órganos territoriais**

Artigo 64

A Asemblea da unión comarcal é o máximo órgano da CIG no seu ámbito territorial específico e está composta por un número de persoas delegadas que determinará a Dirección Comarcal no acordo de convocatoria. Distribuiranse cos seguintes criterios:

- a) Son persoas delegadas natos os membros da Dirección comarcal.
- b) A Dirección Comarcal fixará o número de persoas delegadas para a asemblea comarcal, coa única limitación de que os membros natos non poderán representar máis do 25% do total de persoas delegadas.

Artigo 65

A Asemblea comarcal realizarase como mínimo unha vez cada catro anos e debe ser convocada cando menos con dous meses de antelación. A Dirección Comarcal, órgano responsábel da súa convocatoria, aprobará un regulamento para a preparación da asemblea e elaborará unha proposta de regulamento para as sesións desta.

Así mesmo, a Dirección Comarcal convocará Asemblea Comarcal Extraordinaria cando así o soliciten ao menos 2/3 dos seus membros, ou ben un número de Federacións comarcais que representen cando menos 2/3 da afiliación, ou

ben 1/3 da afiliación total da comarca. Entre a convocatoria e a realización non poderán transcorrer menos de 1 mes nin máis de 3, e no acordo de convocatoria establecerá o Regulamento de composición e organización, non podendo adoptar acordos sobre asuntos distintos aos que motivasen a súa convocatoria.

Artigo 66

Son competencias da Asemblea comarcal as seguintes:

- a) A elección da persoa Secretaria Comarcal e da Executiva Comarcal.
- b) Analizar e avaliar a xestión dos órganos comarcais.
- c) Debater e resolver as cuestións de carácter interno ou de política sindical que incidan na comarca.
- d) Ratificar, se é o caso, a constitución de Unións Locais no ámbito territorial da comarca.

Artigo 67

A Dirección Comarcal é o máximo organismo de dirección na comarca entre asembleas, coa seguinte composición:

- a) A Executiva Comarcal.
- b) A persoa Secretaria de cada Unión Local constituída.
- c) Trinta (30) representantes a elixir polas federacións, a repartir de forma directamente proporcional á súa afiliación, nas comarcas de menos de 10.000 persoas afiliadas.

Corenta (40) representantes a elixir polas federacións, a repartir de forma directamente proporcional á súa afiliación, nas comarcas de entre de 10.000 e 15.000 persoas afiliadas. Cincuenta (50) representantes a elixir polas federacións, a repartir de forma directamente proporcional á súa afiliación, nas comarcas de entre de 15.000 e 20.000 persoas afiliadas. Sesenta (60) representantes a elixir polas federacións, a repartir de forma directamente proporcional á súa afiliación, nas comarcas de entre de 20.000 e 25.000 persoas afiliadas.

Nos representantes a elixir por cada federación, estará sempre incluída a persoa secretaria comarcal de cada sindicato ou federación constituída.

Artigo 68

A Dirección Comarcal reunirse coa periodicidade que se estableceza, se é o caso, no seu regulamento de funcionamento, cun mínimo de unha vez cada tres meses, e será convocada pola Executiva Comarcal por propia iniciativa ou a instancia de 1/3 dos membros do organismo.

Artigo 69

Son competencias da Dirección Comarcal:

- a) Administrar e coordinar a CIG no ámbito comarcal segundo as resolucións da asemblea comarcal e os acordos dos órganos nacionais confederais.
- b) Coordinar a negociación colectiva no seu ámbito e exercer as facultades dos sindicatos ou federacións non constituídas na comarca.
- c) Nomear comisións de traballo para os asuntos que se considere apropiado, coa composición, fins e vixencia que se determinarán no mesmo acordo de creación.
- d) Aprobar, se é o caso, a constitución de unións locais así como os mecanismos de funcionamento e de coordinación con estas.
- e) Impulsar e colaborar na constitución dos sindicatos ou federacións no ámbito comarcal, e coordinar os elementos comúns das súas actividades.
- f) Pronunciarse sobre cuestións de alcance social e reivindicativo, sen contradicir os acordos do Congreso.
- g) Decidir a contratación de persoal.
- h) Decidir a apertura, se é o caso, de novos locais no seu ámbito territorial.
- i) Aprobar os orzamentos da unión comarcal e das súas unións locais.
- l) Convocar, por acordo da maioría absoluta dos membros asistentes, Conferencia Sindical comarcal, que terá carácter deliberante e estará composta polos membros da Dirección Comarcal, os membros dos organismos de dirección das Unións Locais e os membros dos organismos de dirección dos sindicatos ou federación a nivel comarcal, establecéndose o seu obxecto no mesmo acordo de convocatoria.

Artigo 70

O Secretariado Comarcal estará formado pola Executiva Comarcal, as persoas secretarías comarcais das Federacións e as persoas Secretarías Locais.

Reunirase como mínimo bimensualmente por convocatoria da Executiva Comarcal ou dun terzo das Federacións constituídas na comarca.

Son funcións do Secretariado Comarcal:

- a) Coordinar a actividade sindical na comarca.
- b) Facer seguimento os acordos da Dirección Comarcal.
- c) Compaxinar as distintas campañas que se programen a nivel confederal.
- d) Facer seguimento da negociación colectiva, a formación, a saúde laboral e do traballo participativo.
- e) Supervisar o labor dos equipos de traballo interfederativos.

- f) Coordinar o traballo planificado polas federacións nas eleccións sindicais.
- g) Calquera outra función que así acorde a dirección comarcal.

Artigo 71

A Executiva Comarcal é o órgano executivo da unión comarcal, electo pola asemblea comarcal. Estará composta por un mínimo de 5 membros e un máximo de 12, segundo acordo da Dirección Comarcal.

Artigo 72

A Executiva Comarcal xuntarase coa periodicidade que determine, se é o caso, o seu regulamento de funcionamento, cun mínimo de unha vez ao mes, por convocatoria do Secretario/a Comarcal a iniciativa propia ou a instancia de 1/3 dos seus membros.

Artigo 73

A Executiva Comarcal ten as seguintes competencias:

- a) Organizar e coordinar os recursos técnicos na comarca.
- b) Dotarse e administrar a infraestrutura común da Confederación no seu ámbito.
- c) Xestionar as finanzas da súa competencia.
- d) Executar os acordos da Dirección Comarcal.
- e) Convocar asembleas de persoas delegadas.
- f) Coordinar a actividade sindical e institucional na comarca.
- g) Nomear as secretarías ou responsabilidades no seu seo que considere necesarias para unha mellor operatividade.
- h) Calquera outra atribuída nestes Estatutos e os seus regulamentos aos órganos de goberno comarcais e non establecida expresamente como competencia doutro organismo, e mais as que lle sexan delegadas pola Dirección Comarcal.

Artigo 74

A Secretaría Comarcal é o cargo unipersoal de representación pública da unión comarcal, elixido pola Asemblea comarcal de entre os membros da Executiva, e que coordina a actividade da Executiva e a Dirección comarcal.

Artigo 75

En caso de vacante sobrevida no cargo da Secretaría Comarcal, decidirá a Dirección Comarcal un novo nomeamento até a realización da seguinte Asemblea comarcal.

Artigo 76

As Unións Locais que se poidan constituír conforme ás previsións destes Estatutos disporán dos organismos de dirección que se adapten ás súas características de tamaño e de grao de complexidade organizativa, que deberán figurar no acordo de constitución adoptado pola Dirección Comarcal correspondente.

Deberá funcionar cando menos unha Executiva Local composta por un número de entre 5 e 7 membros elixidos en Asemblea local de afiliados e afiliadas, coas funcións e condicións reguladas no artigo 43 dos Estatutos.

A Executiva Local deberá convocar Asemblea Local Extraordinaria cando así o decida por maioría de 2/3 ou ben a instancia de 1/3 da afiliación total no seu ámbito, tendo nese caso idéntico carácter e función aos regulados para a convocatoria extraordinaria no ámbito comarcal.

Capítulo 4

Das normas xerais de funcionamento

Artigo 77

As reunións de calquera organismo dos regulados neste título dos Estatutos consideraranse validamente constituídas cando asistan a metade máis un dos seus membros en primeira convocatoria ou un terzo en segunda, unha hora máis tarde, sempre que fose convocada no tempo e na forma regulada nas normas de funcionamento que lle sexan de aplicación, cun mínimo de 48 horas.

Artigo 78

Os acordos dos órganos da CIG adoptaranse sempre por maioría simple dos membros asistentes, con excepción daqueles asuntos para os que os Estatutos ou os seus regulamentos prevexan unha maioría cualificada específica.

Artigo 79

De cada reunión dos organismos da CIG redactarase acta na que constarán os asistentes e os acordos adoptados, con expresión, se é o caso, das votacións realizadas e das posicións particulares sempre que así o solicite a persoa interesada e as achegue por escrito no mesmo acto da reunión. As actas dos organismos nacionais confederais seranlles remitidas aos órganos de dirección das unións comarcais e dos sindicatos ou federacións constituídas así como aos membros do Consello Confederal.

As actas dos organismos das estruturas territoriais e sectoriais, así como as das comisións creadas no ámbito confederal nacional, se é o caso, seranlle remitidas á Executiva Confederal. Para estes efectos, terán a mesma consideración os documentos oficiais que as estruturas sectoriais e territoriais vaian debater nos seus respectivos congresos e os que resulten finalmente aprobados nestes.

As actas dos organismos de dirección comarcal dos sindicatos ou federacións constituídas seranlle igualmente remitidas á Executiva Comarcal correspondente.

Artigo 80

A pertenza a un órgano de dirección da CIG implica o cumprimento da obriga de asistencia así como o particular respecto do réxime de incompatibilidades regulado nestes Estatutos. A non observancia de tales obrigas leva aparelhada a baixa no organismo correspondente, logo de comunicación previa á persoa afectada, aínda que a obriga de asistencia se considera incumprida cando se reitere por tres veces consecutivas sen xustificación.

Artigo 81

A condición de membro da Executiva Confederal con dedicación exclusiva é incompatíbel coa pertenza a calquera outro órgano executivo, tanto da Confederación como de Federación. Así mesmo, o exercicio dos cargos de Secretario ou Secretaria Comarcal dunha U. Comarcal e de Secretario ou Secretaria nacional dunha Federación é incompatíbel coa pertenza a calquera outro máximo órgano executivo de comarca, de federación ou confederal.

A condición de membro da Executiva Confederal e o exercicio dos cargos de Secretaría Comarcal e de Secretaría Nacional dunha Federación leva implícita a dedicación e a dispoñibilidade preferente a tales cargos.

As persoas secretarías comarcais de Federación non poderán formar parte da Executiva Comarcal da Confederación.

Os cargos de Secretaría Xeral da Confederación, Secretaría de Unión Comarcal, e Secretaría Nacional dunha Federación, non poderán ser ocupados por unha mesma persoa por máis de tres mandatos consecutivos.

Capítulo 5 **Do réxime electoral**

Artigo 82

Todos os cargos unipersoais serán electos en votación directa e individual, nos seus respectivos congresos ou asembleas.

Artigo 83

Como norma xeral, os procesos electivos para os órganos de goberno da CIG regularanse polo disposto nestes Estatutos. Poderanse establecer procedementos electorais específicos cando así o prevexan os regulamentos que desenvolven estes Estatutos ou os Estatutos dos sindicatos ou federación constituídas, sempre que non contradigan os mínimos que aquí se establecen.

Artigo 84

Todos os cargos da CIG se proverán mediante votación secreta e persoal. En casos determinados poderase admitir a votación a man alzada cando así o considere unha maioría de dous terzos de membros asistentes do órgano elector, aínda que ese acordo será ineficaz cando calquera dos membros reclame o exercicio do dereito á votación secreta.

Artigo 85

A elección de órganos e cargos farase mediante a presentación de candidaturas en listas pechadas, que deberán conter cando menos o número de persoas de que se compoña o organismo, sen prexuízo do establecido para a elección da Comisión de Garantías. É responsabilidade do máximo órgano ou cargo executivo existente no ámbito en que se produce a elección a presentación dunha candidatura, cumpríndose para estes exclusivos efectos as seguintes regras:

- a) Nos congresos terá esa consideración a Mesa presidencial.
- b) No Consello Confederal, a Executiva Confederal.
- c) No Secretariado Confederal, a Executiva Confederal.
- d) Na Executiva Confederal, a persoa Secretaria Xeral.

Artigo 86

Poderán presentarse outras candidaturas, co mesmo requisito de composición, cando vaian avaladas cando menos por un número de membros do órgano elector igual ao 150% do número de postos que cubrir.

Artigo 87

A composición do órgano elixido resultará da proclamación dos membros da lista única ou, se é o caso, da adscrición dos membros de cada lista presentada en proporción directa aos votos acadados. Para estes efectos, redondearanse por defecto as fraccións até 0,49 e por exceso as superiores e, en caso de empate, será proclamado a persoa candidata da lista que máis votos totais obtivese.

Artigo 88

Será en todo caso de aplicación directa o procedemento electoral regulado nos artigos anteriores nas eleccións que correspondan realizar polo Congreso e polo Consello Confederal, e de aplicación supletoria para os demais casos.

Non obstante, será igualmente obrigado en todos os casos cando se presente polos seus promotores cando menos unha candidatura en lista pechada.

Artigo 89

Cando por aplicación do previsto no artigo 83 se prevexa un procedemento electoral específico que implique a posibilidade de presentación de candidaturas abertas, a lista deberá conter cando menos un número de membros igual ao de postos que cubrir e a votación efectuarase na papeleta por un número máximo de persoas candidatas igual ao 75% dos postos que cubrir, resultando proclamadas aquelas que obtivesen o maior número de votos; en caso de empate, será proclamado a persoa candidata con maior antigüidade na afiliación.

Artigo 90

No caso das listas pechadas, as vacantes que se poidan producir nos organismos electos serán cubertas pola persoa candidata seguinte da mesma lista na que se presentou a persoa que causa baixa. No suposto de que a candidatura presentada sexa resultado da unificación de varias candidaturas, as vacantes que se puidesen producir, serán cubertas pola seguinte persoa da lista de cada unha das candidaturas suplentes da lista inicial na que figuraba a persoa que causa baixa no organismo.

No caso de listas abertas, as vacantes que se poidan producir serán cubertas pola persoa seguinte da lista en número de votos.

Artigo 91

Para lograr a participación das mulleres en todos os órganos de dirección da CIG, tanto territoriais como federativos, será de carácter obrigatorio a aplicación dos seguintes criterios para a composición das candidaturas:

1º. Naquelas estruturas nas que a afiliación de mulleres sexa igual ou superior ao 30% do total da afiliación, serán válidas aquelas candidaturas que garden a proporción do 60/40% para cada un dos xéneros.

2º. Naquelas estruturas en que a afiliación de mulleres sexa inferior ao 30%, as candidaturas incorporarán como mínimo unha porcentaxe de mulleres igual ao mesmo número de afiliadas á devandita estrutura, incrementada esta porcentaxe nun 10%.

As proporcións mencionadas deberán ser respectadas, tanto no tramo das persoas titulares e como no das suplentes. Esta proporción deberá respectarse tamén na orde na que deben figurar os candidatos e candidatas da lista.

As porcentaxes de xénero que aparecen recollidas nos apartados 1º e 2º teñen carácter de mínimos para o caso da representación das mulleres; polo tanto, non poderá invalidarse ningunha candidatura por superar as devanditas porcentaxes.

Título V

Do réxime económico e patrimonial

Artigo 92

Os recursos económicos da CIG están constituídos por:

- a) As cotas sindicais, tanto ordinarias como as complementarias.
- b) As doazóns e legados no seu favor.
- c) As vendas dos seus bens e valores.
- d) O patrimonio acumulado ao longo da súa xestión.
- e) Os créditos que sexan xestionados.
- f) As subvencións que lle sexan concedidas.
- g) Calquera outros obtidos segundo os Estatutos.

Artigo 93

O Consello Confederal aprobará un regulamento financeiro que conteña as normas comúns a todos os órganos da CIG en materia de xestión económica e de procedemento financeiro, que deberá rexerse, entre outros, polos principios de solidariedade e de equilibrio económico entre as diferentes estruturas e que aplicará tamén aos recursos xerais da CIG. Regulará especificamente:

- a) As normas para a confección e aprobación do orzamento confederal anual.
- b) O réxime de transferencias entre estruturas.
- c) Os procedementos para a homologación contábel interna.
- d) A participación das diferentes estruturas nos ingresos confederais.
- e) O réxime orzamentario básico das estruturas territoriais e sectoriais.
- f) O sistema de responsabilidades.
- g) A determinación das cotas.
- h) A creación, composición e funcións dun órgano responsábel do control de contas co cometido principal de auditar internamente as contas das diferentes estruturas da CIG e a obriga de elaborar un Informe anual que presentará para a súa aprobación no Consello Confederal.
- i) As sancións aplicábeis en materia de subvencións confederais ás diferentes estruturas cando incumpran as normas do Regulamento.

Artigo 94

En resposta ao principio de solidariedade, a cota sindical ordinaria da CIG queda establecida en función dos ingresos de cada persoa afiliada en catro modalidades: ordinaria, especial, reducida, simbólica, sendo a contía de cada unha delas as que anualmente estableceza o Consello Confederal.

Así mesmo, e coa finalidade de que a contribución á financiación da CIG por parte de todas as persoas afiliadas sexa xusta e solidaria, con carácter adicional as cotas sindicais ordinarias, establécense as cotas sindicais complementarias con motivo dun uso individualizado e intensivo dos recursos comúns, co obxecto de que a aportación económica de toda a afiliación, con independencia da súa antigüidade, sexa o mais solidaria e equitativa. A aprobación da contía, as causas e a temporalidade que darán lugar a estas cotas complementarias corresponderá ao Consello Confederal.

Artigo 95

A responsabilidade inicial da xestión dos ingresos por cotas reside nas Unións Comarcais, que ordenarán as respectivas transferencias por ese concepto a unha única conta confederal nacional que abrirá con ese exclusivo fin a Executiva Confederal, liquidando esta por trimestres coas estruturas territoriais e sectoriais correspondentes tales ingresos en función da participación acordada segundo os Estatutos e o Regulamento Financeiro.

Artigo 96

A CIG dotarase do patrimonio que resulte tanto da cesión do patrimonio sindical acumulado a que legalmente teña dereito como da adquisición por calquera título de inmobles propios. O patrimonio da CIG deberá estar rexistrado ao seu nome nos rexistros oficiais onde proceda, non aceptando en caso contrario responsabilidade ningunha sobre as cargas ou obrigas que a súa xestión puidese xerar.

Artigo 97

A CIG poderá crear, por acordo do Consello Confederal, as Fundacións que considere de interese para o mellor cumprimento dos seus fins, establecendo con elas os acordos de colaboración que resulten de mutuo aproveitamento.

Título VI

Da comunicación

Artigo 98

En consonancia cos Principios da CIG incorporados a estes Estatutos, o idioma oficial da Confederación en todos os ámbitos e actividades, individuais ou colectivas, é o galego. Así mesmo, na súa documentación e medios de expresión de calquera clase terá especial coidado na utilización dunha linguaxe non sexista.

Artigo 99

A CIG editará como órganos de expresión confederais propios as publicacións periódicas cunhas características que aprobe o Consello Confederal. Tempo Sindical é o voceiro oficial da CIG.

Empregaranse tamén aqueles medios de expresión na rede que o Consello Confederal estime oportunos, nomeadamente a páxina web.

Artigo 100

A CIG inscribe cos Estatutos o anagrama da súa imaxe corporativa que se anexa. As súas posíbeis modificacións serán igualmente inscritas no rexistro correspondente.

Artigo 101

A CIG utilizará un único carné, que será aprobado polo Consello Confederal e que conterá o anagrama da Confederación, así como o específico da federación ou sindicato que corresponda.

Artigo 102

A CIG asume como propios o Himno galego e a Internacional. A bandeira da CIG é vermella, co seu anagrama no ángulo superior esquerdo en cor amarela. A CIG asume como propia a bandeira nacional galega coa estrela vermella de cinco puntas.

Título VII

Das modificacións orgánicas e dos Estatutos

Artigo 103

A aprobación e modificación destes Estatutos é competencia exclusiva do Congreso da CIG, que requirirá a maioría absoluta de congresistas en votación global. Esixirá o apoio dos 2/3 calquera modificación parcial das disposicións contidas no artigo 11, nos capítulos 2, 3 e 4 do Título II, no artigo 46, no artigo 78 e no capítulo 5 do Título IV.

Artigo 104

As organizacións ou colectivos sindicais que así o decidan poderán establecer fórmulas especiais de asociación ou integración na CIG, conforme ao mutuo interese. O acordo a que se chegue, coa denominación de protocolo, será aprobado polo Consello Confederal por proposta do órgano competente en función do ámbito, e deberá conter os termos organizativos, económicos e sindicais pactados, o seu período de vixencia e os aspectos en que son de aplicación directa estes Estatutos.

Artigo 105

A desconfederación dun sindicato ou federación só poderá acordarse en congreso extraordinario deste por maioría de 2/3.

Artigo 106

A disolución da CIG, a fusión ou a integración nunha nova organización sindical só poderá acordarse en congreso extraordinario por maioría de 2/3.

Artigo 107

O incumprimento reiterado, por parte dalgún organismo, das normas contempladas nestes Estatutos ou a non execución dunha resolución da Comisión de Garantías por parte do organismo responsábel de facelo, provocará que o Secretariado Confederal acorde a tutela do organismo afectado até a súa plena normalización. A tutela será exercida polo organismo superior xerárquico do organismo incumplidor. Contra o acordo do Secretariado, caberá recurso ao Consello Confederal da CIG.

Disposicións Adicionais

Primeira.- Do persoal

Todo o persoal da CIG mantén con esta unha relación que pode ser de dous tipos:

- a) Sindicalistas (persoal liberado): pertencen a este grupo todas aquelas persoas que foron elixidas e forman parte dalgún órgano de dirección da Confederación, tanto nas estruturas profesionais como nas interprofesionais, e que sendo cargos representativos, exercen funcións sindicais de dirección con dedicación exclusiva ou parcial, percibindo unha retribución por ela. Polo feito de ocuparen cargos de dirección na central sindical, na súa relación ten relevancia especial a recíproca confianza e lealdade. A designación como persoal liberado (con dedicación exclusiva ou parcial e percibindo retribución) será realizada por un organismo da central de acordo ao recollido nestes estatutos e poderá ser revogada en calquera momento polo mesmo organismo que a outorgou.
- b) Persoal asalariado: pertencen a este grupo todas aquelas persoas que desempeñan no sindicato un traballo que non deriva dun cargo orgánico. O seu contrato corresponderase coas características do posto de traballo e as funcións a desempeñar. O persoal asalariado poderá ser de cadro (con acceso a través dun proceso regulamentado) ou temporal (en función das circunstancias: substitucións, reforzos...).

Dadas as especiais características da relación entre o persoal e a central sindical, distintas das habituais entre as empresas e as persoas traballadoras, a Executiva impulsará, conxuntamente coa representación do persoal, a elaboración dunhas normas mínimas de funcionamento e compromiso coa central sindical.

Por coherencia e en consonancia co disposto no artigo 5 destes Estatutos, o persoal da CIG debe ter o galego como lingua única de relación e expresión nas súas actuacións como tal.

O Consello Confederal aprobará un Estatuto de Persoal da CIG, no que se terán que definir: a delimitación das características básicas dos postos e cargos por razón da súa función, as modalidades de vinculación e os seus efectos, o réxime salarial e de dedicación, as condicións de incompatibilidade co exercicio de actividades privadas e aquelas outras necesarias para a mellor regulamentación da relación entre a CIG e o persoal ao seu servizo. Igualmente, deberá contemplar o réxime de aplicación das súas normas ao persoal liberado.

Segunda.- Da afiliación

Para efectos orzamentarios e de exercicio da representación interna que corresponda, enténdese a condición de persoa afiliada como sinónima de cotizante. Para a súa determinación nun período utilizarase a fórmula:

$$A = N / 0,8 C$$

sendo N o total de ingresos por cotas sindicais nos doce meses anteriores e C o importe da cota vixente no mesmo período.

Terceira.- Das comisións

En aplicación das facultades previstas no artigo 44 destes Estatutos, crearanse cando menos as comisións seguintes: Área de Comunicación, Área Pública e Saúde Laboral.

A Comisión de Área Pública dotarase dunhas normas de funcionamento que permitan a coordinación efectiva das diferentes federacións que a compoñen, proporcionándolle unhas pautas de actuación que lle confiran capacidade real de adoptar acordos executábeis nos ámbitos comúns que se aproben, establecendo na súa composición as fórmulas de participación dos distintos órganos de dirección das federacións que a compoñen. Á súa vez, será a responsábel de facer as propostas de adscrición das empresas, de acordo coa Adicional Cuarta destes Estatutos.

Cuarta.- Da definición sectorial.

A adscrición sectorial de empresas xestionadas baixo as novas fórmulas de xestión e sectores produtivos non relacionados nesta disposición será competencia do Secretariado Confederal con ratificación posterior por parte do Consello Confederal:

1 Administración pública

Administración central, autonómica, provincial e local, correos e telégrafos, xustiza, universidades (persoal non docente), xuntas de portos, comisións administrativas de portos e parques de bombeiros.

2 Banca, Aforro, Seguros, Oficinas e Centros de Chamadas

Banca Pública, Banca Privada, Caixas de Aforro, Caixas Rurais, Cooperativas de Crédito, Entidades de Financiamento e de Alugamento Financeiros, Seguros e Reaseguros, Bolsa, Sociedades de Valores e similares, centros de

chamadas, empresas que desenvolven as TIC, Oficinas e Despachos en xeral como Notarías, Rexistros, Servizos Xurídicos, Colexios Profesionais, Xestorías Administrativas, Auditorías, Asesorías Fiscais, Axencias Inmobiliarias, Axencias de Publicidade, Oficinas de Selección e Colocación de Persoas, Oficinas Técnicas de Arquitectura ou Enxeñeiras e outras entidades de natureza similar.

3 Construción e madeira

Obras públicas, construción, cementos e derivados, tellas e tixolos, lousas, aplicación de pinturas, xesos e escaiolas, mármore e pedras, canceiras, vidro e cerámica, fabricación de mobles, aglomerados, serradoiros, almacenistas de madeira, carpintaría, ebanistaría, carpintaría de ribeira, tratamentos forestais, talas, podas, rozas, cortas de lume, eliminación de especies invasoras e prevención de lumes forestais sempre que, neste último caso, tales medidas non se realicen polos servizos de prevención e extinción de lumes forestais.

4 Ensino

Ensino público e privado, investigación universitaria, universidades e autoescolas.

5 FGAMT

Agro, gandería, pensos compostos, matadoiros, explotación forestal, granxas, piscifactorías, industrias alimentarias, frío industrial, conservas cárnicas e de peixe, caza, frigoríficos e bebidas, depuradoras, confección téxtil, coiros, calzado, pel, xéneros de punto e empresas auxiliares; pesca, marisqueo, empresas de estiba e desestiba, cultivos mariños, mariña mercante, axencias marítimas e consignatarias; transporte de persoas e de mercadorías por calquera medio agás o marítimo, axencias de alfándegas, mensaxería, estacións de autobuses e mercadorías, aparcamentos e garaxes, gasoleiras, ambulancias, telecomunicacións e telefónica.

6 Industria

Fundición, fabricación de maquinaria, bens de equipo, material eléctrico e electrónico, vehículos, construción e reparación naval, siderurxia, metalográfica, instalacións metálicas, talleres mecánicos, manufacturados metalúrxicos e todos aqueles que aparecen reflectidos no artigo “Ámbito de aplicación” dos catro convenios provinciais do metal.

Centrais enerxéticas, refinárías, extracción de minerais, empresas de distribución enerxética, plásticos, cauchos, papel, pasta e cartón, artes gráficas, fertilizantes, pesticidas, desperdicios sólidos, laboratorios, pinturas, xabóns e pirotecnias, industria aeroespacial, captación, depuración e distribución de augas, e a produción de enerxías alternativas (eólica, solar, biomasa, etc.).

7 Saúde

Sanidade pública e sanidade privada.

8 Servizos

Comercio de froitas, comercio do téxtil, do metal, da pel, do vidro plano, de materiais de construción, de mobles e de alimentación, grandes almacéns, drogarías, farmacias, bazares, florarías, librarías, hostalaría, axencias de viaxe, medios de comunicación públicos ou privados, estudos fotográficos, cinema, teatros, música, espectáculos, dobraxe e son, deportes, bibliotecas, museos, salas de xogos, casinos, administracións de lotarías, perrucarías, tinturarías, lavandarías, limpeza, predios urbanos, pompas fúnebres, xardinaría, clubs e sociedades recreativas, seguridade privada e empregadas do fogar.

Os sectores de actividade non citados nesta disposición adscribíranse segundo criterios de analoxía.

Quinta.- Da organización territorial

1 Comarca de Vigo

U.L. VIGO: Redondela, Nigrán, Baiona, Gondomar, Mos, Vigo.

U.L. O PORRIÑO: O Porriño, Mondariz, Ponteareas, Salceda, Salvaterra, Tui, As Neves, Mondariz-Balneario, Covelo, Arbo, Crecente, A Cañiza, Pazos de Borbén, Fornelos de Montes.

U.L. MORRAZO: Cangas, Bueu, Moaña.

U.L. do Baixo Miño : A Guarda, O Rosal, Tomiño e Oia.

2 Comarca de Santiago

U.L. SANTIAGO: Santiago, Negreira, A Baña, Val do Dubra, Trazo, Oroso, O Pino, Arzúa, Boimorto, Sobrado, Brión, Ames, Touro, Melide, Toques, Santiso, Lousame, Dodro, Rois, Padrón, Teo, Vedra, Boqueixón, Tordoia, Mesía, Frades.

U.L. AS RÍAS: Ribeira, Outes, Muros, Noia, Porto do Son, Boiro, Rianxo, A Pobra do Caramiñal.

3 Comarca da Coruña

U.L. A CORUÑA: A Coruña, Culleredo, Arteixo, Oleiros, Sada, Bergondo, Paderne, Irixoa, Cerceda, Carral, Cambre, Betanzos, Coirós, Aranga, Ordes, Abegondo, Curtis, Oza-Cesuras, Vilasantar.

U.L. CEE: Cee, Fisterra, Muxía, Corcubión, Vimianzo, Carnota, Mazaricos, Camariñas, Dumbría, Zas.

U.L. CARBALLO: Carballo, Laracha, Ponteceso, Malpica, Laxe, Cabana, Santa Comba e Coristanco.

4 Comarca de Ferrol:

U.L. FERROL: Ferrol, Ares, Mugardos, Narón, Valdoviño, Cedeira, Ortigueira, Fene, Cabanas, A Capela, Neda, S. Sadurniño, Moeche, Pontedeume, Miño, Vilamaior, Monfero, Cariño.

U.L. AS PONTES: As Pontes, Somozas, Mañón, Cerdido.

5 Comarca de Lugo-A Mariña

U.L. LUGO: A Fonsagrada, A Pastoriza, A Pontenova, Abadín, Antas de Ulla, As Nogais, Ba-leira, Baralla, Becerreá, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cospeito, Friol, Guitiriz, Guntín, Láncara, Lugo, Meira, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, O Corgo, O Incio, O Páramo, Outeiro de Rei, Palas de Rei, Paradela, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Portomarín, Rábade, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, Triacastela, Vilalba e Xermade.

U.L. MONFORTE: Monforte, Chantada, Bóveda, O Saviñao, Ribas de Sil, Taboada, Carballedo, Pantón, Sober, Pobra de Brollón, Quiroga, Folgoso do Courel.

U.L. A MARIÑA: O Vicedo, Xove, Oul, Valadouro, Barreiros, Ribadeo, Trabada, Viveiro, Cervo, Burela, Foz, Alfoz, Mondoñedo, Lourenzá.

6 Comarca de Ourense

U.L. OURENSE: Allariz, Amoeiro, A Arnoia, Avión, Bande, Baños de Molgas, Barbadás, Beade, Beariz, Boborás, A Bola, Carballeda de Avia, O Carballiño, Cartelle, Castrelo do Miño, Castro Caldelas, Celanova, Cenlle, Coles, Cortegada, Chandrexa de Queixa, Entrimo, Esgos, Gomesende, O Irixe, Leiro, Lobeira, Lobios, Maceda, Maside, Melón, A Merca, Montederramo, Muíños, Nogueira de Ramuín, Ourense, Paderne de Allariz, Padrenda, Parada do Sil, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, Piñor, Pontedeva, Punxín,

Quintela de Leirado, Ramirás, Ribadavia, San Amaro, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, San Xoán de Río, Taboadela, A Teixeira, Toén, Verea, Vilamarín, Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Espadanedo.

U.L. O BARCO: O Barco, A Rúa, Carballeda de Valdeorras, Larouco, Viana do Bolo, Vilamartín de Valdeorras, Petín, O Bolo, Manzaneda, A Veiga, Rubía e Trives.

U.L. VERÍN: Verín, Monterrei, Oímbra, Cualedro, Laza, Castrelo do Val, Riós, Vilardevós, A Gudiña, A Mezquita, Xinzo de Limia, Vilar de Santos, Sandiás, Vilar de Barrio, Sarreaus, Trasmirás, Baltar, Blancos, Calvos de Randín, Porqueira, Vilariño de Conso e Rairiz de Veiga.

7 Comarca de Pontevedra

U.L. PONTEVEDRA: Pontevedra, Vilaboa, Marín, Ponte-Caldelas, A Lama, Cerdedo-Cotobade, Barro, Campo-Lameiro, Portas, Moraña, Soutomaior, Poio.

U.L. SALNÉS: Vilagarcía, Catoira, Vilanova, Cambados, Ribadumia, O Grove, Meaño, Meis, Valga, Sanxenxo, Pontecesures, Caldas de Reis, A Illa.

U.L. A Estrada-Deza: A Estrada, Agolada, Cuntis, Dozón, Forcarei, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces.

Sexta

A CIG é un sindicato de clase. No seo das súas federacións poderán constituírse sectores e subsectores interprofesionais, atendendo ás distintas dependencias administrativas, características produtivas, etc. Na CIG non terán cabida colectivos ou estruturas organizadas en atención á súa categoría ou grupo profesional, funcións ou responsabilidades de mando no centro de traballo.

Disposicións Transitorias

Primeira.- Das asembleas das estruturas territoriais.

As estruturas territoriais da CIG deberán realizar as súas asembleas comarcais no prazo máximo do 6 de xullo de 2025. Aquelas estruturas que por circunstancias especiais non puidesen realizalas antes desa data, solicitarán o seu adiamento ao Consello confederal.

As estruturas, tanto territoriais como sectoriais, que non convoquen o seu proceso congresual ou asembleario por remate de mandato, conforme aos Estatutos, sen causa xustificada e ratificada polo Secretariado Confederal, aplicaráselles o regulado no artigo 107 dos presentes Estatutos até o momento da realización do proceso congresual ou asembleario.

Segunda.- Da aplicación do réxime de incompatibilidades de cargos.

A aplicación individual das incompatibilidades reguladas no artigo 81 destes Estatutos entre membros da Executiva Confederal e membros dos órganos executivos dunha federación ou dunha comarca terá efectos a partir da celebración do Congreso ou Asemblea correspondente. O mesmo prazo máximo rexerá para a aplicabilidade individual das demais incompatibilidades establecidas no mesmo artigo 81.

Obxectivo e principios da CIG IX Congreso CIG

Obxectivos e principios da CIG aprobados no IX congreso

Obxectivos

Recollendo do patrimonio común aquelas ideas de forza máis reveladoras da nosa razón de ser como organización, explicitamos como obxectivos da CIG os seguintes:

- A mellora progresiva e xeral, individual e colectiva dos intereses das traballadoras e dos traballadores, da propia organización e do conxunto da sociedade galega, das condicións laborais e da calidade de vida.
- O Marco Galego de Relacións Laborais e a construción da Central Sindical Única Galega.
- Profundización democrática e social constante cara a achegarnos a unha nova sociedade máis xusta e máis humana, sen explotación económica nin opresión política, calquera que sexan as formas en que estas se manifesten. Por iso pretendemos a superación do sistema capitalista e a construción do socialismo.
- O pleno exercicio de todos os dereitos humanos, individuais e sociais, sen discriminacións, incluído o de Autodeterminación.
- Promovermos o máximo respecto á dignidade humana, a paz, a democracia, a xustiza social e a igualdade, a aplicación da Declaración Universal dos Dereitos Humanos a través da acción colectiva das traballadoras e dos traballadores. Fomentarmos a solidariedade internacional, o bo entendemento e a boa vontade universais, o antimilitarismo, a solución pacífica dos conflitos, o desarmamento e a reconversión da industria militar en civil, así como unha nova orde internacional xusta.
- Esixirmos a utilización pacífica, racional e ao servizo de toda a Humanidade dos avances científicos e tecnolóxicos, e impulsarmos modelos produtivos enerxéticos fundamentados ecoloxicamente.
- Loitarmos contra toda forma de racismo, xenofobia ou prexuízo e discriminación na sociedade en razón de sexo e/ou xénero, estado civil, enfermidade, idade, lingua, relixión, opinión política, opción sexual, posición social ou económica, orixe étnica, nacional ou cultural.
- Impulsarmos a participación sociopolítica e a inserción laboral e profesional das mulleres e mocidade na sociedade, asegurando a igualdade

de oportunidades e a ausencia de discriminacións, pularmos, de modo especial, polo seu papel dirixente nas organizacións sindicais.

- Elevarmos e defendermos os dereitos sindicais da afiliación a través do apoio xurídico, laboral, etc., ante os organismos e foros que for necesario. Fomentarmos a organización e a solidariedade e o apoio mutuo como mecanismo de defensa dos seus intereses.
- Promovermos as estruturas e accións necesarias para a plena integración na sociedade dos grupos máis desfavorecidos, co obxecto de eliminarmos as bolsas de extrema pobreza e marxinalidade combatendo as causas que as producen.
- Pularmos pola completa normalización lingüística do idioma propio de Galiza.

Principios

Sindicalismo de clase: A CIG é unha organización sindical que afirma, día a día, o seu carácter de clase, adoptando as decisións que en cada momento considera máis acaídas, para mellor defender os intereses inmediatos e xerais das traballadoras e dos traballadores galegos na perspectiva da transformación social.

Nacionalismo: A CIG defínese como unha organización nacionalista porque Galiza é unha nación sen soberanía política, ao servizo de intereses alleos, sometida e dependente económica, política e culturalmente. A procura da nosa soberanía e o exercicio do dereito de Autodeterminación son para nós irrenunciábeis. Desde a nosa independencia e autonomía sindicais, reclamámonos parte do movemento nacionalista galego.

Feminismo de clase: A CIG declárase feminista, consciente de que as discriminacións que sofren as mulleres traballadoras en todos os eidos son estruturais e veñen orixinadas pola división sexual do traballo, recoñecendo ao capital e ao patriarcado como fonte desa opresión. A CIG comprométese na loita contra o machismo e contra o sistema patriarcal que se sustenta na propiedade privada e que se dá baixo as relacións de produción capitalistas, combatendo tanto no seo da organización, como no mundo laboral, o sexismo e as actitudes e comportamentos que sustentan e amparan a violencia machista.

Auto-organización: Entendendo que ningún dos principais problemas de Galiza se pode resolver favorablemente aos intereses do noso pobo se este non toma consciencia da súa propia identidade e traduce esa cons-

ciencia en organizacións propias e soberanas, a CIG é expresión de auto organización das traballadoras e dos traballadores galegos.

Solidariedade e internacionalismo: A CIG garante a unión e solidariedade de todos os traballadores e traballadoras con independencia do sector no que ocupen as súas actividades, do territorio onde vivan ou das diferenzas e obstáculos que poidan existir. Así mesmo, estamos vencellados/as á loita común dos traballadores e traballadoras do mundo pola súa completa emancipación e á dos pobos que loitan pola súa liberación nacional.

Democracia e participación: A CIG entende a democracia como valor universal, garante a igualdade de dereitos da súa afiliación, asegura o funcionamento democrático de todos os seus órganos de dirección e elixe todos os seus cargos democraticamente. Fomenta a participación sindical e as asembleas de afiliados e afiliadas, así como as dos traballadores e traballadoras, como método para evitar o individualismo, o corporativismo e a burocracia, e como unha maneira de facilitar a corresponsabilidade nos debates e na toma de decisións.

Independencia: A CIG é independente e soberana na toma de decisións. Auto gobiernase e non está suxeita a control de ningún partido político, grupo de poder económico, ideolóxico ou relixioso.

Pluralismo: A CIG é unha organización plural. Nela conviven distintas sensibilidades e xeitos de entender a nosa sociedade, todas elas lexítimas e enriquecedoras. Respecta e fai respectar a liberdade interna e a diversidade de opinións políticas e ideolóxicas, tanto individuais como colectivas. Garante a liberdade de expresión e pensamento sen restricións de ningunha caste, cumpre e fai cumprir os Estatutos dos que libre e voluntariamente se dota.

Transformación: A CIG é unha organización sindical transformadora. Para mellor defender é facer realidade os seus obxectivos, participa na vida socio política e fomenta, así mesmo, a participación máis activa da súa afiliación.

Unidade: A CIG persegue a máis completa unidade dos traballadores e traballadoras de Galiza nunha Central Sindical Única Galega. Así mesmo, propiciará a máis ampla e posíbel unidade de acción para acadar os obxectivos fixados.

Normalización: A CIG exprésase en galego, o cal defende como único idioma oficial de Galiza e promove a súa completa normalización. Respecta o uso das distintas formas de escrita entre a súa afiliación.



Resolucións IX Congreso CIG

Resolución revivir a Castelao

É unha certeza que a Xunta de Galiza persegue e se despreocupa de todo o que nos identifica como pobo e nos fai nación. Este empeño por negar a nosa identidade nacional e cultural explica a súa disposición a ocultar e desprezar os nosos símbolos e referentes nacionais, tal como sucede coa obra e pensamento de Castelao.

Este ano, conmemórase o 75 aniversario da súa morte no exilio. Estamos ante a personalidade galega máis significativa do século XX. Creador dunha fundamental e irrepetíbel obra política, literaria e artística. O compromiso de Castelao con Galiza e as súas clases populares está presente en toda a súa obra. A súa vida dedicouna permanentemente á loita pola liberdade do seu pobo. O seu pensamento político fundamentase na teoría e práctica nacionalista, soberanista e antiimperialista, sempre ao servizo dos intereses da nación galega.

Precisamos revivir a Castelao, liberándoo do ostracismo e manipulación ao que o teñen sometido. Por iso:

O IX Congreso da CIG

RESOLVE:

Apoiar a “Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular sobre o dereito ao coñecemento e á contemplación permanente da multifacética obra de Castelao polo pobo galego”, para esixir á Xunta de Galiza a divulgación e a posta en valor da inmensa obra de Castelao e para reclamar a definición dun espazo museístico no que se poda contemplar toda a súa obra artística e coñecer todo o seu pensamento político.

Unha clase traballadora galega unida na defensa e uso do noso idioma

Vivimos un momento no que a perda de galegofalantes, froito dun xeito destacado do abandono das diferentes administracións e, especialmente, da Xunta, levounos a declarar a situación de emerxencia lingüística. Hoxe, por vez primeira na historia, o galego perdeu a súa posición de lingua máis falada no país e a perda dáse principalmente na mocidade.

No traballo incesante que precisamos para reverter esa situación todos e todas somos fundamentais. Somos un sindicato reivindicativo no social, no nacional e no lingüístico, no uso do noso idioma. A regresión, tan real como preocupante, do galego no conxunto da sociedade tamén se dá nos

centros de traballo e nas nosas relacións como representantes sindicais. É fundamental para o futuro da nosa lingua que asumamos o papel que podemos xogar na defensa do galego dun xeito global e a tempo completo: como sindicalistas, como traballadoras e traballadores, como nais e pais, entre as nosas amizades e familia.

Teñamos sempre presente o legado de Castelao: **“se aínda somos galegas e galegos é por obra e graza do idioma”**.

No 50 aniversario do asasinato de Moncho Reboiras

O IX Congreso da CIG, cando se cumpren 50 anos do asasinato pola policía franquista, no ano 1975, na cidade de Ferrol, do traballador e activista sindical e político nacionalista, Xosé Ramón Reboiras Noia, manifesta o seu recoñecemento e gratitude a Moncho Reboiras, e réndelle homenaxe pola súa valentía e o seu compromiso militante na loita contra a ditadura franquista, na defensa dos dereitos nacionais de Galiza e a favor da autoorganización do pobo galego a todos os niveis, especialmente no campo sindical.

O IX Congreso da CIG, chama a toda a súa afiliación a participar nos actos que ao longo deste ano 2025 se van a realizar para lembrar e homenaxear a Moncho Reboiras, coincidindo co 50 aniversario do seu asasinato.

Moncho Reboiras nós non esquecemos. A loita continúa

Resolución espolio

O IX Congreso da CIG reafirma o seu apoio ás loitas contra o espolio e a colonización, así como ás mobilizacións na defensa da nosa Terra.

A ofensiva eólica en terra e a proxectada no mar; a eucaliptización dos nosos montes que contén o Plan Forestal da Xunta; o intento de reapertura da mina de Touro-O Pino, así como doutros proxectos mineiros que a Xunta do PP está a sacar da gaveta; e tamén a macrocelulosa de Altri na Ulloa, son exemplos de como o capital, co apoio entusiasta dos gobernos, nomeadamente o de Alfonso Rueda na Xunta, continúan a considerar Galiza como unha fonte de recursos para explotar por grandes empresas foráneas que levan a ganancia lonxe do noso país e deixan aquí só espoliación e miseria.

Galiza non é unha COLONIA, Galiza é unha nación con enormes potencialidades e riqueza. Abonda xa de que nos rouben os nosos recursos naturais, a nosa auga, as nosas terras, o noso vento, atentando de xeito

irreversíbel contra o medio ambiente, contra o noso patrimonio cultural, material e inmaterial, contra os nosos sectores produtivos e, en fin, contra a nosa forma de vida como galegas e galegos.

Resolución pola revalorización dos traballos de coidados

As traballadoras do SAF e de Residencias Privadas están en loita por uns Convenios Colectivos que dignifiquen e recoñezan un traballo que é esencial e fundamental nesta sociedade. Esiximos que a Xunta de Galicia asuma a responsabilidade na xestión dos recursos públicos para que o Servizo de Axuda no Fogar, as Residencias e os Centros de Día, garantan uns salarios dignos e unhas condicións laborais xustas ao mesmo tempo que se presta unha atención digna á dependencia.

Por todo isto, o IX Congreso acorda levar adiante as accións necesarias de apoio a loita das traballadoras de residencias privadas da 3ª idade e das traballadoras do SAF polos seus convenios colectivos e reivindicar un Sistema Público Galego de Servizos de Atención ás Persoas, que xestione todos os recursos públicos.

Resolución sobre o Dereito á Vivenda

O IX Congreso da CIG demanda medidas para garantir a vivenda como un dereito fundamental. A actual situación, marcada pola especulación inmobiliaria e a falta de vivendas accesibles, converte o acceso á vivenda nun privilexio para moitas persoas. A inacción da Xunta de Galiza e do Goberno do Estado agrava esta crise, facendo necesarias medidas urxentes.

É esencial establecer un marco que regule os prezos das vivendas, priorizando a asignación de vivendas públicas a grupos vulnerables. Entre as accións inmediatas, destaca o incremento das vivendas de titularidade pública mediante a transferencia de inmóbeis da SAREB á Xunta de Galiza e a creación dun Banco Galego de Vivenda para mobilizar propiedades desocupadas.

A Xunta debe liderar a política de vivenda sen privatizar recursos públicos, prohibindo a compra especulativa por fondos de investimento e fomentando cooperativas de vivenda. A regulación dos prezos do alugueiro e a creación de hipotecas con tipos de xuro fixos son medidas clave para facilitar o acceso á propiedade.

A CIG reafirma o seu compromiso co dereito á vivenda como esencial para a dignidade humana e o benestar social, exixindo accións efectivas para garantir o acceso á vivenda digna, especialmente para os grupos máis vulnerables. A defensa do dereito á vivenda é unha cuestión de xustiza social, e loitaremos contra a exclusión e desigualdade, priorizando a función social e a accesibilidade.

A CIG, na defensa da universidade pública e contra a privatización do sistema universitario galego

A CIG amosa o seu rexeitamento ao proceso de privatización do sistema universitario galego posto en marcha polo PP na Xunta, hai agora catro anos coa autorización da primeira universidade privada, vinculada aos propietarios de Abanca, e que agora podería ampliarse a unha segunda entidade privada, da man dunha parte destacada do empresariado coruñés coa empresa CESUGA como protagonista.

Autorízase que entidades privada entren a competir directamente coa mesma oferta que a pública, cando a lei galega indica que a oferta non debe ser redundante senón complementaria. Nestes catro anos a oferta da universidade vinculada a Abanca xa se incrementou con dous novos Graos xa ofertados polas universidades públicas. Realidade que se vai ver agravada coa universidade privada na Coruña vinculada a CESUGA, cunha oferta académica xa existe na propia Universidade da Coruña.

Na liña da defensa dun ensino público universitario gratuíto, de calidade e cunha clara vinculación cultural e lingüística co país, que permita o acceso aos estudos superiores de todo o estudantado sen importar os seus recursos económicos, a CIG rexeita a privatización do sistema universitario galego e exige dos gobernos galego e español unha clara determinación para impedir a creación de centros universitarios privados innecesarios, segregadores e unicamente movidos polo lucro.

Resolución por unha Sanidade Pública Galega de calidade

O IX Congreso de CIG reitera o seu compromiso na defensa da sanidade pública e os dereitos das persoas traballadoras. Aposta pola defensa dunha sanidade pública de calidade que garanta a prestación de servizos en condicións de equidade en todo o territorio.

A escaseza de profesionais, resultado da deliberada falta de planificación e a precarización das condicións laborais, pon en grave risco o modelo de sanidade pública que defendemos; cunha atención primaria ao límite, sen recursos nin profesionais; unha atención hospitalaria centrada nos grandes complexos e o abandono dos hospitais comarcais; e a saúde mental sen recursos para atender as necesidades crecentes da poboación.

A CIG reclama os recursos necesarios para o normal funcionamento da Atención Hospitalaria, a Atención Primaria e a Saúde Mental.

Tamén defende a recuperación das Áreas Sanitarias, a dotación necesaria para o funcionamento dos Hospitais Comarcais e o modelo de Atención Primaria que contribúe a vertebrar o territorio.

Resolución indultos

O IX Congreso da CIG expresa a súa condena as políticas de represión, recorte de liberdades e de criminalización da loita sindical e da loita popular.

É por iso que este congreso manifesta a súa solidariedade e apoio ao indulto para:

- Xesús Anxo López Pintos, quen foi secretario comarcal da CIG en ferrol.
- E para os presos independentistas Asunción Losada Camba e Antón García Matos, presos na cadea do Pereiro de Aguiar

Resolución contra a LGBTfobia

A CIG posiciónase contra os discursos de odio e contra a transfobia, esixindo o recoñecemento pleno e sen fisuras dos dereitos sociais e laborais das persoas trans e non binarias e a favor da escolla libre da identidade e expresión do xénero, no convencemento de que como organización feminista non podemos permitir a máis mínima mostra de odio ou discriminación cara a outras persoas, porque non defender o dereito de autodeterminación é unha violación de dereitos humanos e porque é preciso sumar na loita contra os modelos e as normas que nos impón o patriarcado, apostando pola diversidade, a inclusividade e a interseccionalidade das loitas.

Resolución por un feminismo de clase e antimilitarista

O IX Congreso da CIG reafirma o compromiso da central sindical coa igualdade e a loita contra as discriminacións que sofren as mulleres secularmente, e neste 24 de maio, Día internacional das mulleres antimilitaristas e pola paz, denuncia que as guerras son parte do funcionamento cotiá do sistema patriarcal, capitalista e colonial que impón a morte, o desprazamento e a pobreza ás maiorías mentres garante os privilexios duns poucos.

E da mesma maneira que reivindicamos un feminismo galego e de clase que persegue a fin do patriarcado que nos oprime como mulleres galegas, reivindicamos un feminismo antimilitarista, que non acepta nin a guerra nin a falsa paz imposta pola forza e o medo.

Resolución Automoción

O IX Congreso da CIG exige das Administracións públicas, especialmente da Xunta de Galiza, un Plan de desenvolvemento para o sector da automoción galego que garanta un futuro ante os novos retos e ameazas desta cuarta revolución tecnolóxica e industrial. O sector está sufrindo unha etapa de cambios que se deben atender con medidas que defendan os intereses do país e da clase traballadora. O estado español mediante os Fondos Next Generation está a destinar as axudas en función dos intereses dos consellos de administración dos fabricantes, especialmente Stellantis, convertendo a Galiza en terra de sacrificio mentres outros territorios do estado levan axudas millonarias e establécense novas plantas de fabricación de automóviles, de baterías ou de novos compoñentes.

Resolución Naval

O IX Congreso da CIG denuncia que o sector naval, especialmente na comarca de Vigo, leva anos esmorecendo e camiñando cara a irrelevancia industrial, cunhas condicións laborais cada vez de maior precariedade, sen que as administracións públicas acometan ningún plan de viabilidade para a súa modernización ou tan sequera para garantir a súa supervivencia. Dende o ano 2009 o sector perdeu preto de 6.000 postos de traballo e o 60% da fabricación bruta total. Advertimos que a transición verde e dixital está a agravar esta crise industrial en Galicia, xa que os fondos europeos PERTE non benefician o sector naval galego como deberían. Outras rexións do es-

tado reciben máis investimentos debido á una patronal incapaz e o desleixo da Xunta de Galiza. A industria naval galega precisa medidas urxentes para recuperar o seu peso económico e garantir emprego estable e de calidade.

A CIG na defensa das relacións e dos dereitos laborais ante a Formación Profesional dual

A Confederación Intersindical Galega defende a laboralidade como a única relación que debe existir entre as persoas traballadoras e as empresas, administracións e entidades asimiladas. Porén, ao longo da historia recente e máis nomeadamente coa aparición da Formación Profesional Dual cobrou forza a fórmula do alumnado de ensinanzas postobrigatorias que cursa unha parte da súa formación na empresa.

A entrada en vigor o vindeiro curso da nova normativa de FP suporá que o alumnado destas ensinanzas (en total 68.823 este curso) realizará unha formación na empresa que cando menos abranguerá 400 horas e, nalgúns casos, como nos ciclos da FP dual intensiva, a súa estadía pode chegar a prolongarse 14 meses en dous anos

Como sindicato de clase non podemos desatender esta realidade e debemos actuar con proactividade para convertermos en referentes para estes colectivos dando resposta a implantación desta modalidade de abuso e explotación laboral.

Resolución contra as guerras e pola paz

O IX Congreso da CIG reitera o seu apoio á plataforma Galiza pola Paz, contra o militarismo, a OTAN, as bases americanas e a guerra, como resposta popular organizada diante da deriva belicista dos gobernos e o aumento dos conflitos de guerra, das intervencións militares e da violencia en múltiples coordenadas do planeta.

Cómpre condenar o discurso do rearmamento e o incremento do investimento militar, xustificados baixo a mentira da autodefensa e instigados polos gobernos galego, español e a UE, cómplices do imperialismo, que teñen un único horizonte: a guerra. O pobo galego manifestou historicamente o seu rexeitamento á OTAN como instrumento bélico e agresor que actúa en nome da democracia, e é preciso continuarmos cunha axenda mobilizatoria que esixa a paz como único futuro posíbel para a humanidade.

Resolución contra o imperialismo

O IX Congreso da CIG condena, unha vez máis, a ofensiva imperialista dos EUA que, xunto co estado sionista, e coa complicidade da UE, como principal aliada, fai uso da guerra e a violencia como principais ferramentas para perpetuar a súa hexemonía económica e política.

Nun contexto de reaxuste da orde mundial, marcado pola emerxencia dos BRICS, e a China como potencia económica e tecnolóxica, que provoca un resultado heteroxéneo do cuestionamento da centralidade ianqui, os conflitos bélicos non son máis que un intento de garantir por todos os medios os intereses xeoestratéxicos dos EUA.

É máis preciso que nunca condenar as múltiples inxerencias contra outros gobernos que non se someten aos seus intereses, e os ataques persistentes á soberanía dos pobos; combater o discurso do rearmamento que se vén instigando e xustificando por parte dos gobernos galego, español e da UE, e manter unha resposta organizada diante das intervencións militares e das guerras, para demandar un marco de relacións entre os pobos con base no entendemento, na solidariedade e na horizontalidade.

Resolución por Palestina

O IX Congreso da CIG manifesta, unha vez máis, a súa solidariedade co pobo palestino, e esixe o inmediato cesamento deste xenocidio ao que está sendo sometido por Israel, coa colaboración dos EE.UU. e a complicidade das potencias occidentais, nomeadamente da Unión Europea.

Por todo isto, desde a CIG, Esiximos:

- O levantamento inmediato do bloqueio e das restricións á axuda humanitaria á Franxa de Gaza.
- O cesamento do fogo e retirada total do exército de Israel dos territorios da Palestina, e a paralización desta operación de exterminio.
- O cesamento das torturas á cidadanía palestina/a cidadáns e cidadás nas prisións de Israel e a súa liberación.
- O cumprimento das resolucións das institucións e tribunais internacionais, no que atinxe a tomar medidas para parar o xenocidio. Tanto a Unión Europea como o Estado Español, deben suspender os seus acordos comerciais con Israel, e as relacións diplomáticas, e o goberno galego deixar de promocionalo no noso país.
- O enxuzamento das persoas responsábeis deste xenocidio.

- O respecto ao dereito de autodeterminación do pobo palestino, co recoñecemento dun estado independente, desde o Río ate o Mar.

Nesta coxuntura xeopolítica, a defensa de Palestina é a defensa polos dereitos dos pobos e a supervivencia da humanidade.

Resolución sobre os procesos anticoloniais no Sahel

O IX Congreso da CIG manifesta a súa solidariedade cos pobos de África, e o seu respecto polos procesos de descolonización que se están a levar a cabo nalgúns países do Sahel.

O continente africano vén sendo, historicamente, o paradigma da explotación colonial polas potencias occidentais. Cando aínda non se ten producido o que sería xusto proceso de reparación co pobo africano, estamos diante dunha nova ofensiva neocolonial, depredadora de antigos e novos recursos: ouro, uranio, gas, litio ou coltam, moitos deles necesarios para as novas tecnoloxías e a escalada armamentista posta en marcha polo imperialismo.

Por iso, desde a CIG, igual que noutros tempos fixeron líderes como Amílcar Cabral ou Patrice Lumumba, valoramos positivamente as decisións tomadas polos pobos do Sahel, de defenderen a súa soberanía e desprendérense da soga colonial á que outros países os viñan sometendo. E condenamos as in-xerencias e intentos de asasinato dos seus líderes por parte das potencias que ven ameazados os seus intereses.

Resolución de apoio á folga convocada no País Valenciá

O IXº Congreso da CIG expresa o seu firme apoio á convocatoria de folga feita pola Intersindical Valenciana, CGT, CNT e COS no País Valenciá, para o vindeiro día 29 de maio, co respaldo de colectivos sociais, asociacións e persoas afectadas para esixir responsabilidades diante da traxedia provocada pola DANA do 29 de outubro de 2024, agravada pola negligencia do Consell da Generalitat Valenciana, presidido por Carlos Mazón, e pola actuación irresponsábel de parte do empresariado, que puxo en risco a vida de traballadoras e traballadores.

Sumámonos á reclamación de xustiza para as vítimas da DANA, reparación para as familias afectadas e o afortalamento dos servizos públicos.

Resolución de apoio a Cuba e contra o bloqueo

O IXº Congreso da CIG reitera a súa solidariedade co pobo cubano, o seu goberno, e o seu proceso revolucionario, e esixe o cesamento inmediato do inxusto e ilegal bloqueo ao que o veñen sometendo os Estados Unidos e os seus aliados, así como a supresión de Cuba da lista de países colaboradores co terrorismo.

Cuba é un exemplo de aposta pola paz, de solidariedade e de cooperación a nivel internacional.

Resulta paradóxico que sexa incluído nesa lista, xustamente polo país máis terrorista, que máis guerras e mortes leva provocado no mundo, con constantes inxerencias e promoción de golpes de estado.

Os bloqueos e sancións estanse a converter nun recurso do imperialismo neoliberal, non só para castigar e impedir o progreso aos pobos que defenden a súa soberanía e se negan a estar sometidos ás súas teses, senón como unha mensaxe clara contra os países que, exercendo o seu lexítimo dereito, puidesen optar por réximes anticapitalistas ou socialistas, como tamén se está a facer contra Venezuela ou Nicaragua.

POLA FIN DO BLOQUEO! FÓRA AS MANS DE CUBA! CUBA SI, IANQUIS NON!

Resolución de solidariedade co Sáhara Occidental

O IX Congreso da CIG reitera a súa solidariedade co pobo do Sáhara Occidental, a República Árabe Saharaui (RASD), o Frente Polisario, e a UGTSARIO.

En 1975, e logo dun longo período de colonización, o pobo saharauí foi abandonado á súa sorte froito dos acordos da coroa española cos EUA, e os intereses estratéxicos na rexión, xunto coa OTAN e outros países europeos, iniciándose, coa “Marcha Verde”, un proceso de ocupación ilegal por parte de Marrocos.

Desde a CIG, esiximos:

- O cesamento inmediato da represión e as constantes violacións dos dereitos humanos e cívicos das que están sendo vítimas as cidadás e cidadáns saharauís que habitan nos territorios ocupados.
- A posta en liberdade de todos os presos políticos saharauís nos cárceres de Marrocos.
- A demolición do muro da vergoña que Marrocos construíu ao longo do territorio do Sáhara Occidental.
- O cesamento da ilegal explotación dos recursos naturais do Sáhara Occidental, en cumprimento das sentenzas do Tribunal Europeo de Xustiza.

- O cumprimento, sen máis dilación, das resolucións tomadas pola ONU, e a inmediata habilitación da entidade creada para tal fin, a MINURSO, coa celebración do referendo de autodeterminación que culmine na súa independencia.

SÁHARA HURRA! POR UN SÁHARA LIBRE!

Proposta de resolución da FCM-CIG

O IX Congreso Confederal da CIG condena o despedimento represivo do Presidente do Comité de Empresa de Carpintería Ramón García S.A. para cercenar o seu traballo para por en marcha un comité funcional e exclusivamente ao servizo dos compañeiros e compañeiras de traballo. Exiximos a súa inmediata readmisión ao seu posto de traballo e pedimos a adhesión solidaria coas medidas de presión desenvoltas pola Federación de Construción e Madeira.

Proposta de resolución en apoio ás persoas que sofren estafas bancarias avalada pola Executiva Comarcal de Compostela e As Rías

O IX Congreso da CIG amosa a súa solidariedade coas persoas que sofren estafas bancarias e exige ás entidades que se fagan cargo de devolverlles os cartos roubados, e ás administracións públicas que lexislen para protexer as persoas usuarias da banca destes abusos. Así mesmo, a CIG defende unha Banca Pública Galega ao servizo do país e da súa xente e non dos grandes poderes económicos e especulativos.

Resolución de apoio a Siria antiimperialista avalada pola Executiva Comarcal de Compostela e As Rías

O IX Congreso Confederal da CIG manifesta a súa solidariedade co pobo da Siria e condena a permanente violación dos dereitos humanos e a persecución de minorías políticas e relixiosas polo goberno dos terroristas de HTS (antes Al Qaeda) co asasino Al-Yulani á cabeza, e que conta co apoio incondicional do ente sionistas israelí así como dos Estados Unidos e a Unión Europea. A CIG apoia a resistencia para unha Siria independente, antiimperialista, con xustiza social e firme aliada da causa palestina.

Resolución en defensa da CRTVG e en apoio ás traballadoras e traballadores avalada pola Executiva Comarcal de Compostela e As Rías

O IX Congreso da CIG amosa o seu apoio á loita das traballadoras e traballadores dos medios audiovisuais públicos da Galiza en defensa dunha CRTVG ao servizo das necesidades democráticas, sociais e culturais do pobo galego. Neste sentido, expresa a súa solidariedade coas persoas traballadoras que están a ser marxinadas laboralmente e represaliadas pola súa participación nas mobilizacións de protesto contra a manipulación informativa, a privatización e o abandono da programación de servizo público, así como o desmantelamento duns medios audiovisuais que son básicos para a defensa da participación democrática do tecido organizativo da sociedade galega e para a defensa da súa lingua e a súa cultura.

Proposta de resolución “Ourense esmorece”

O declive económico e social do interior da Galiza fai que se avance cara unha Galiza de dúas velocidades, a da costa e a do interior. Polo que consideramos fundamental un cambio de rumbo para garantir a cohesión territorial.

Neste sentido, o IX Congreso da CIG apoia a campaña posta en marcha pola Confederación na comarca de Ourense “Ourense esmorece” e reclama unha mudanza nas políticas da Xunta de Galiza e da Deputación de Ourense, así coma do Goberno Central, para garantir a cohesión territorial e social a nivel galego.

Clausura IX Congreso CIG

Intervención Paulo Carril clausura IX Congreso

Delegacións Internacionais, delegación nacionais, compañeiras e compañeiros obrigados pola vosa asistencia.

Poñemos remate ás sesións do IX Congreso Confederal coa posta a punto do noso ideario, con novas liñas de actuación coas que facer real o lema do noso Congreso, coas que dar a valer A FORZA DA NOSA CLASE para defender o TRABALLO, os DEREITOS e a SOBERANÍA.

Afrontamos este Congreso sendo a 1ª Forza sindical en Galiza:

- cunha maioría sindical reforzada no último proceso de eleccións sindicais, tendo o 31,05% de representación, o que se traduce en 5.131 persoas delegadas.
- cun medre afiliativo que se traduce en 9.000 novas afiliacións en catro anos, tendo xa máis de 86.000 afiliados e afiliadas. A cifra máis alta da nosa historia.

Estes resultados son a demostración de que a clase traballadora galega, que o pobo galego, somos quen de nos valermos por nós, de nos organizar de forma soberana, sen sermos sucursal nin franquía de ningunha organización que ten o seu centro de decisión fóra de Galiza.

Polo tanto, este IX Congreso é un Congreso de reafirmación do sindicalismo nacionalista e de clase, da CIG como 1ª Forza Sindical, que hoxe é unha realidade imparábel e que nos chama a seguir actuando de acordo aos mesmos principios, á mesma acción e defendendo as mesmas ideas que levamos facendo desde as loitas do 72 e desde o asasinato de Moncho Reboiras, hai 50 anos, en 1975, pola policía franquista.

Afrontamos este Congreso no medio dunha crítica situación internacional baixo os efectos do cambio climático e marcada por unha ofensiva do capitalismo neoliberal que coa guerra busca reforzar a explotación de clase, a dominación colonial dos pobos e nacións. Condicionados por unha carreira desenfreada pola depredación dos recursos naturais mentres se aceleran as transformacións da economía pola descarbonización e dixitalización dos procesos produtivos.

Estamos ante a radicalización do capitalismo, dun sistema económico e de produción en crise, incapaz de xerar un desenvolvemento que garanta o benestar social, incapaz de resolver as necesidades básicas da humanidade e de ser respectuoso coa natureza.

Nesta fase histórica, a chamada globalización neoliberal, o imperialismo, dirixido polos Estados Unidos, coa subordinación da Unión Europea, aposta polo camiño da guerra para a súa continuidade, xestionado a través dunha rede de bases militares dos EUA e da OTAN, colocadas estratexicamente para acosar, intimidar e actuar. Así como validando resultados electorais ilexítimos, promovendo tentativas golpistas, impoñendo bloqueos, sancións comerciais e financeiras, así como a imposición de aranceis e sancións aos Estados que non se sometan. Estas son as formas de actuación desta potente maquinaria de agresións e xenocidio de pobos, que se suman ás coñecidas invasións e intervencións militares baixo a bandeira de accións humanitarias.

O exterminio e xenocidio do pobo palestino por Israel, decididamente apoiado polos EUA e a UE, son exemplo de todo isto, do nada que lles importa alimentar o crime contra a humanidade que sofre Palestina.

A este reforzo do papel imperial responden as ordes de aumento do gasto militar dos Estados integrados na OTAN para o cal non hai control de déficit público mentres aumentan as ameazas de recortes sociais e dos servizos públicos.

Aí temos o caso do Estado español. Nos últimos anos os desembolsos para gastos militares veñen superando o 2% do PIB porque hai desvíos de entre 20%- 30% das previsións dos últimos orzamentos do Estado.

Pero esta ofensiva do imperialismo está tamén reforzada pola acción tiránica do FMI, do BM e da dolarización da economía mundial, que completan os mecanismos cos que ter presos e castigados os países con duros programas de axustes, redución gasto público, privatización de todas as actividades, defensa fanática do libre mercado, con permanentes desrregulacións, como a dos bens e capitais, ou do mercado laboral, recortando os salarios e precarizando o traballo.

Neste contexto, é manifesta a crise actual da Unión Europea e a evolución cara a súa irrelevancia no contexto global.

É o fracaso da concepción dunha UE como correa de transmisión do sistema internacional comandado polos EUA. É o fracaso da Europa do capital, da unión económica e monetaria. É a crise do modelo de libre circulación de capital, mercadorías e persoas baixo a disciplina férrea do Banco Central Europeo, tan servil á Reserva Federal dos EUA e ao capital, como implacábel para ditar, sen ningún tipo de control democrático, políticas laborais, sociais e fiscais inxustas.

É a "Europa dos Estados", construída desde a negación dos pobos e nacións que a integran, que no pasado se revestía de adobíos de progreso económico e social, máis que fica ao descuberto con axustes salvaxes, coa chamada austeridade e coas profundas reformas que supoñen os fondos "Next Generation". Non hai solidariedade entre os Estados membros, senón duros programas de recortes, relanzamento das receitas neoliberais, como as da crise financeira, con especial consecuencia no ámbito laboral e nos servizos públicos.

Neste contexto, a UE e algúns Gobernos adoptan medidas máis restritivas en materia de migración e asilo, o que leva a unha Europa máis pechada sobre si mesma, que volve propoñer controis fronteirizos estatais para as persoas, sendo incapaz de implementar políticas firmes contra a intolerancia e o fascismo ou de promover medidas que garantan a integración das persoas migrantes.

A necesidade dunha Europa dos Pobos e da Xustiza Social é tan urxente, como a superación do eurocentrismo, da Europa dos Estados, da dependencia aos EUA, como de avanzar nas relacións cos BRICS, de recoñecer o dereito de autodeterminación dos pobos e nacións que a integran, como o caso de Galiza. Unha Europa que faga seu o Convenio Europeo dos Dereitos Humanos do Consello de Europa e garanta o cumprimento da Carta Social Europea.

Nos Relatorios que aprobamos analizamos como o sistema capitalista está xerando máis pobreza, como a economía financiarizada, que opera a golpes de burbullas especulativas, prevalece sobre os Gobernos e sobre a economía produtiva. Como o capital, obsesionado por un crecemento constante sen límites para aumentar a taxa de lucro, acelera a concentración da riqueza nunha minoría, sen importar as consecuencias devastadoras para a maioría social.

Máis de 820 millóns de persoas no mundo (unha de cada dez) pasan fame.

Da crise da COVID-19 e das cadeas de abastecemento, saltamos á crise inflacionista. A carestía da vida por causa da inflación, a caída do poder adquisitivo dos salarios e a suba esaxerada dos tipos de xuro durante os últimos anos constatan que cada vez o capitalismo neoliberal é máis inestábel, con recesións máis prolongadas e crises cíclicas, que manteñen no tempo os seus efectos ruinosos para os pobos e as clases traballadoras.

Nos últimos anos as rendas do traballo perderon case 4 puntos de participación no PIB.

A permanente presión exercida polos oligopolios sobre os mercados para controlar os prezos e manter a marxe de ganancia, foi xerando un suba esaxerada destes e un medre descontrolado da inflación.

A suba dos tipos de xuro fixo que se socializase a carestía da vida mentres a banca acumula beneficios astronómicos, aumentando os sectores populares impedidos de acceder a dereitos básicos como alimentación e a vivenda, especialmente entre a xente nova e as mulleres.

Así é que no 2024 a riqueza das persoas máis millonarias medrou tres veces máis rápido que en 2023.

O capitalismo condúcenos a unha tormenta perfecta de desemprego, desigualdade, desindustrialización, recesión, insustentabilidade, inestabilidade financeira e precariedade xeneralizada.

A actual ofensiva do capital está nunha fase máis intensiva e violenta de explotación e sobreexplotación á clase traballadora e aos pobos.

A chamada transición enerxética, que atinadamente analizamos no anterior Congreso, forma parte do proceso de profundamento na División Internacional do Traballo e dunha nova ofensiva neocolonial que está forzando a migración de millóns de persoas.

E unha transición ao ditado co capital, que está sendo social e territorialmente inxusta, como estamos a ver en Galiza. **Non hai transición, hai demolición en diferentes sectores produtivos e reconversión industrial pura e dura.**

Son as nacións e pobos da periferia e da semiperiferia as condenadas subministrar materias primas, recursos naturais e minerais para alimentar unha transición enerxética e a chamada dixitalización, que aumenta a demanda de novos materiais e que reabre unha fase de espolio extractivista de catastróficas consecuencias sociais e ambientais.

Todo isto que analizamos non sucede lonxe de nós, nin nos é alleo, é o que estamos a vivir na Galiza, no que se recrúa o histórico espolio e dominación colonial do noso país, coa ofensiva eólica na terra e no mar, coa apropiación da nosa enerxía eléctrica e coa ameaza mineira.

Por iso nos mobilizamos e berramos ALTRI NON E MINA DE TOURO-O PINO TAMPOUCO.

A dixitalización está provocando importantes transformacións de grande impacto, tamén na liña do analizado no VIII Congreso. Valorización do capital fronte ao traballo, ao tempo que este se desvaloriza a través das reformas laborais, da negociación colectiva, individualizando e precarizando as relacións laborais.

Estamos ante un proceso do que se ten apropiando o capital, onde os Gobernos actúan ao seu ditado, no que se están a gastar cifras millonarias de diñeiro público para a súa posta en marcha e operatividade. Non hai unha planificación pública en favor do desenvolvemento do conxunto da sociedade. Estamos ante un novo e perigoso negocio para un reducido número de multinacionais, empeorándose as condicións de vida e no que se ven afectados os dereitos da clase traballadora, das maiorías sociais, as liberdades públicas e o impacto no medio ambiente, pola multiplicación dos consumos de enerxía e de auga, que son necesarios e claves para o funcionamento dos centros de almacenamentos de datos.

A Intelixencia Artificial é a expresión actual deste proceso que está tendo xa importantes e diferentes impactos negativos, como tamén advirte a OIT e o mesmo FMI. Previsións do medre exponencial das ameazas para o mundo do traballo, ao estimar que se verán destruídos moitos empregos xunto a unha importante caída dos salarios.

O capitalismo está nunha tendencia cada vez máis regresiva e reaccionaria no social, no económico e no político. Foméntase, no centro e na periferia do sistema, a ultradereita e a extrema dereita, renovando o fascismo. Xa marcan e dirixen a axenda de moitos gobernos e institución internacionais, especialmente en Europa e nos EUA e acompañaase de mensaxes machistas, xenófobas, autoritarias e belicistas.

Non é un feito casual, como nos ensina a historia, está oportunamente alimentado polo capital. É parte da resposta que buscan as elites económicas cando ven ameazado o seu status, cando necesitan reforzar os mecanismos de dominación ante o aumento do descontento social pola dureza das políticas económicas que xeran desemprego, baixos salarios e aumento da pobreza.

No caso do Estado español, son unha versión que fai causa no españolismo e na españolización, na negación da realidade plurinacional do Estado español, na fanática unidade de España, na defensa do mercado único español e na centralización das relacións laborais.

Este emerxer fascista ten as condicións idóneas para existir ante a debilidade de importantes sectores da esquerda política, sindical e social, que viven instalados na idea da conciliación e convivencia pacífica das clases sociais e da “España das autonomías”. Todo isto, ao tempo de non estar á altura na súa acción de goberno, de idealizar o diálogo social e fomentar a desmobilización social.

O fascismo actual, que tamén sitúa na rúa a súa axenda, é o resultado da renuncia a confrontar as políticas neoliberais con programas de Goberno alternativos, a construír unha alternativa emancipadora, de soberanía dos pobos e que supere o capitalismo, poñendo fin á explotación de clase, á OTAN e ao imperialismo.

Por nós non vai quedar sen responder esta situación e as políticas neoliberais, por iso neste Congreso reafirmámonos no noso modelo sindical, que combina a formulación de propostas concretas coa mobilización para conquistar dereitos e conseguir políticas alternativas ante os Gobernos e a patronal. Para iso, apostamos por :

- **reforzar o noso sindicalismo de confrontación, de contrapoder, organizando e promovendo o conflito porque o tempo que tardamos en ir á mobilización e á folga é o tempo que perdemos en gañar dereitos.**
- **a folga debe ser sempre o camiño a buscar para afrontar un conflito pero sempre desde unha planificación e preparación colectiva de todo o proceso, como temos analizado e debatido moitas veces, procurando a complicidade social. A loita sindical é tamén unha loita de carácter sociopolítico, porque un dos nosos obxectivos é estender a solidariedade e apoio social coas nosas reivindicacións.**

Como así fixemos este anos tendo con resultado positivo estes anos, superando o pacto de rendas do V AENC, sendo Galiza a que maior incremento salarial tivo no Estado estes últimos anos.

Como así seguiremos facendo, pese a unha realidade adversa e a oposición do sindicalismo entregado a un diálogo social convertido nunha fosa común na que se enterran os nosos dereitos laborais como vemos no Estado español.

A realidade do Estado español está marcada pola obediencia ao deseño europeo e internacional que vimos comentando, reforzando a centralización e a engrenaxe institucional nacido da Constitución do 78, fundamentada na negación a calquera proceso de recoñecemento dos dereitos das nacións que, como a galega, existimos dentro do Estado español.

A permanente autopropaganda do Goberno sobre o avanzado das súas medidas, cunha dereita e ultradereita que contribúe a esaxeralas cando as critica, está acompañado do papel servil e submiso do diálogo social, de CCOO-UGT. Medidas que, por certo, tanto defenden a dereita como esquerda política e sindical española, e que teñen como resultado o cumprimento da axenda coa que a patronal e o capital están asegurando o aumento

dos seus beneficios e a concentración da riqueza en menos mans e nuns poucos territorios do Estado, onde Galiza e a clase traballadoras estamos claramente prexudicadas.

Esta valoración non implica para nós indiferenza sobre quen governe, senón deixar claro que a realidade que temos diante non é a da confrontación dos modelos esquerda-dereita que nos poñen diante.

Cada ano que pasa, a realidade plurinacional do Estado ten máis presenza e condiciona en maior medida a política española. Precisamente se a dereita e ultradereita non gobernan aínda no Estado, se o Goberno español non é tan neoliberal e centralista como quere ser, é grazas á presenza e capacidade das forzas sindicais, sociais e políticas soberanistas, que son quen de condicionar a toma de decisións a través da loita social e da conformación de maiorías electorais nas nacións do Estado, freando as derivas españolistas e reaccionarias.

A reforma laboral do 2021, non derogou a reforma laboral do 2012 do PP, a continuidade e ampliación das reformas do sistema público de pensións (consolidando a xubilación aos 67 anos, aumentando o período de cálculo aos 29 anos, a eliminación da xubilación parcial aos 61 anos), a imposición dos plans de emprego de pensións nos convenios colectivos, a reforma da Lei Orgánica da FP, as medidas no ámbito da igualdade salarial e de xénero, a reforma do subsidio por desemprego, a reforma do SEPE e da Lei de Emprego, etc, son algúns exemplos de importantes cambios que van desde medidas insuficientes a verdadeiros recortes e retrocesos. Reformas que non restitúen nin aproban novos dereitos, que non crean emprego digno, en igualdade e con dereitos.

Cada mes que pasa desde a entrada en vigor da reforma laboral do 2021, vense reforzadas as razóns e críticas da nosa oposición. Esta reforma é a institucionalización da pobreza laboral, é a legalización da inestabilidade e inseguridade laboral.

Unha reforma laboral á que se suma o fomento dos ERTE permanentes e a extensión dos baixos salarios. Así, deste xeito, as empresas transfiren ao sector público os custos sociais de toda esta realidade de precariedade xeneralizada, ao tempo que se dificulta o acceso, a duración e as contías das prestacións por desemprego.

O debate actual sobre a xornada de traballo ou a medra do salario mínimo interprofesional é o exemplo máis recente de como este Goberno, con UGT-CCOO colaborando no branqueo, queren deixar sen efecto unha importante

reivindicación para un avance real de dereitos, como é reducir a xornada semanal ás 35 horas, camiño das 32 horas, e situar de forma real o salario mínimo no 60% do salario medio, en cumprimento da Carta Social Europea.

Nesta realidade en Galiza o Goberno de Rueda, fan destas políticas estatais complemento perfecto do seu programa de acción que combinan co reforzo á dependencia económica e política de Galiza ao sistema español, en favor doutros territorios, negándose a un desenvolvemento galego propio co que frear o aumento do empobrecemento e as desigualdades das clases populares.

Especialmente lamentábel é o papel do Goberno de Rueda no que ten a ver coa fiscalidade e financiamento autonómico. Facilita o impago de impostos aos ricos pero négase a que Galiza, mesmo desde a condición constitucional de nacionalidade histórica, dispoña dun sistema de financiamento propio, cun réxime de concerto económico co Estado, que poña remate ao sistema de financiamento vixente no que Galiza perde millóns de euros da nosa recadación de impostos e capacidade fiscal.

Con estas políticas, os efectos do cambio na economía e tecido produtivo galego están tendo peor impacto. A intensificación do proceso de valorización do capital fronte ao traballo combínase con afondar o papel de colonia de Galiza, obrigada por decisións políticas a ser territorio de sacrificio e condenada a ser subministradora de recursos minerais, forestais, auga, enerxía e a ter unha industria de enclave en favor doutros territorios. mentres para nos a desertización social e industrial de moitas comarcas.

Estamos ante unha política fatal para a sociedade galega que se completa cun turismo desordenado e descontrolado, coa eucaliptización do país, mentres agonizan importantes sectores produtivos. Vivimos unha brutal ofensiva que no franquismo destruíu os ríos e agora vai polas terras, montes e mesmo o mar, que pon en perigo sectores sociais que, grazas ao seu traballo, proporcionan alimentos básicos á poboación, e que, tal como está planificada, causa un prexuízo económico, social e medioambiental irreversible.

Todo o público está á disposición do negocio e a rendibilidade do capital e dos fondos de investimento. Seguimos proporcionando man de obra barata a través dunha emigración que nos está a deixar sen xente, nun país cada vez máis avellentado, onde o saldo vexetativo empeorou máis dun 70% nos últimos anos. Nin sequera a crecente chegada de migrantes frea a perda de poboación en idade de traballar.

Un Goberno do PP obsesionado coa privatización dos servizos públicos, do ensino universitario e non universitario, da sanidade e coa mercantilización das empresas da dependencia e coidados, nun país que segue sen ter un sistema galego público de atención ás persoas maiores e dependentes.

Estamos ante un Goberno galego que non lle abonda con facilitar a imposición deste proxecto para Galiza, senón que o complementa reforzando unha agresiva acción de españolización e desgaleguización, xerando a día de hoxe unha auténtica e grave emerxencia lingüística, pretendendo impoñer a extinción do noso idioma, chamando a un pacto que só busca o enterramento do galego.

Ante este mal goberno temos que dar resposta e a CIG neste Congreso reafirmamos que somos un sindicato implicado na transformación social de Galiza, do que derivamos dúas consecuencias moi importantes.

A primeira, estar na CIG é tamén un compromiso cos obxectivos colectivos, de clase e nacionais. Toda loita que afrontamos debe ter clara esta cuestión para entender que para nós o conflito é unha oportunidade para a toma de conciencia, para ir máis alá da reivindicación concreta. Toda a planificación que fai posíbel o conflito exige propostas, debate, asemblea, participación e protagonismo das persoas traballadoras. O que reivindicamos debemos poñelo en relación ao marco económico, político e social no que se da á loita na que estamos.

A segunda, somos unha central sindical que aposta por facer fronte común, tecer alianzas nunha axenda galega para desde a mobilización avanzar en dereitos, igualdade, xustiza e benestar social. Por iso tamén acordamos neste Congreso ampliar as alianzas, o traballo en pé de igualdade e respecto mutuo polo conxunto do Movemento Nacionalista Galego

Cando neste Congreso facemos figurar soberanía ao final do lema, porque somos un sindicato galego, nacionalista e de clase. Somos unha central sindical dunha nación dependente e subordinada, onde a loita pola emancipación de clase é inseparábel da loita pola emancipación como pobo.

A clase traballadora galega, o pobo galego, temos dereito a decidir sobre o noso modelo económico e social, no que poidamos vivir e traballar dignamente na nosa Terra, sentando as bases da construción do socialismo, obxectivos estratéxicos da CIG.

Como escribiu Castelao no Sempre en Galiza: a liberdade das nacións afecta ao proletariado máis que á burguesía.

Por iso nos Relatorios acordamos redobrar esforzos por materializar un modelo galego de negociación colectiva e facemos unha posta a punto para avanzar na construción dun Marco Galego de Relacións Laborais e Sociais, con plenas competencias lexislativas e normativas.

Polo tanto, queremos decidir sobre o noso modelo económico e social, reivindicamos un sistemático e completo paquete de políticas públicas que concentren todos os recursos en favor das maiorías sociais, única maneira real de ter emprego, salarios e ingresos dignos para a clase traballadora galega, garantindo unha protección social plena, sen exclusións, consolidando o respecto polos dereitos laborais e a mellora das condicións de traballo.

Avanzar para ter plenas competencias como piar fundamental para que poidamos aproveitar todo os recursos que temos dispoñíbeis no noso país: produción de enerxía, recursos minerais, riqueza forestal, actividade de produción e transformación no sector agrario e pesqueiro, etc., para poñelos ao servizo de crear emprego digno e con dereitos. Que complete os ciclos produtivos no propio país, aumente o valor engadido, reforce aos sectores básicos da nosa economía, diversifique as nosas capacidades produtivas e industriais, procurando un mellor equilibrio territorial e ambiental, garantindo unha rendibilidade social e non privada, evitando a destrución de emprego e a emigración.

Polo tanto, o lema COA FORZA DA NOSA CLASE, TRABALLO, DEREITOS , SOBERANÍA expresa a nosa vontade de actuar e a importancia da organización sindical para revitalizar a solidariedade, a unidade da clase traballadora e construción do feminismo galego e de clase, demostrando a enorme capacidade de acción que temos cando hai sindicato, cando hai CIG.

As loitas, para afrontalas con éxito e os obxectivos transformadores que defendemos na CIG, exixen unha grande acción colectiva tendo en conta que non nos limitamos a xestionar a realidade, senón que aspiramos á súa transformación revolucionaria, para o que é imprescindible sumarmos e organizarmos máis conciencia nacional e de clase e activala en forma de militancia activa.

Somos a 1ª central sindical e iso obríganos achegar máis persoas traballadoras á nosa organización. A ter máis atrevemento e decisión na acción sindical, con propostas concretas na negociación colectiva e nas empresas para confrontar as múltiples e variadas caras que hoxe ten a precariedade, a pobreza laboral, a explotación da xente nova que se incorpora ao traballo, para responder ao desemprego, ás desigualdades, á exclusión social, como tamén aos abusos e ao trato inhumano á poboación migrante.

A CIG tamén somos unha ferramenta para a integración laboral, social e cultural no noso país das persoas migrantes para avanzarmos no dereito a vivir e traballar dignamente na nosa Terra.

Nos próximos meses vai ser clave a mobilización e o noso esforzo pola construción de organización social, de poder popular a través das diferentes loitas ante as agresións que estamos a recibir .

Non temos máis camiño que apostar de forma decidida e convencida polo enorme forza e capacidade que ten a loita social que é o motor de cambio real de políticas.

Estas son as nosas resolucións congresuais, estas son as nosas Propostas feitas con toda a lexitimidade que nos dá ser a primeira forza sindical en Galiza, por estar nas rúas e nos centros de traballo todos os días, loita a loita confrontando esta situación e dando alternativas na conquista dun futuro digno como clase traballadora e como pobo galego.

Por todo isto, coa forza que nos dá a razón da xustiza do que defendemos e CONVENCIDOS/AS, como dixo Castelao, que a loita nobre e leal das ideas é o que asegura o progreso.

Animo e adiante!!!

Delegacións convidadas no IX Congreso

Representantes Institucionais

Inspección de Traballo

Demetrio Fernández (Director Territorial)

CES (Consello Económico e Social):

Manuel Pérez Álvarez (Presidente) e Manuel Martínez Varela (Sec)

CGRL (Consello Galego de Relacións Laborais):

Antía Sáñez Callejo (Presidenta)

Consulado de Cuba:

Cónsul Ingrid Izquierdo

Consulado de Venezuela:

Cónsul Martín Pacheco

Organizacións Nacionais

A MESA:

Marcos Maceira Eiras

ADEGA

Froilan Pallín Seco

AELG

Cesáreo Sánchez Iglesias

ANOVA

Martiño Noriega e Antón Sánchez

ASOCIACIÓN GALAICO-ÁRABE JENIN

Sami Ashour e Sara Ashour

ASOCIACIÓN DE AMIZADE GALAICO-CUBANA FRANCISCO VILLAMIL

Francisco Sebio e Yuri Domènech

ASOCIACIÓN GALEGO-BOLIVARIANA HUGO CHÁVEZ

Ana Mosquera

ASPG

Ana María Pérez Rico

AVANTE LGTB+

Pilar Serrano

BNG

Ana Pontón, Bieito Lobeira, Lucía Sobrado, Montse Prado e Néstor Rego

ERGUER, ESTUDANTES DA GALIZA

Lucas Pardo

FORGA

Mercedes García Matos

FRUGA

Manuel Da Cal

FUNDACIÓN MONCHO REBOIRAS

Suso Seixo

FUNDACIÓN TERRA E TEMPO

Francisco Rodríguez

FUNDACIÓN GALIZA SEMPRE

Rubén Cela

GALIZA NOVA

Alexandre Bastero

GALIZA POR PALESTINA

Ánxela Gippini e Xoán Cadaveira

MAR DE LUMES

Oscar Valadares

MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES

Marta Romero

PLATAFORMA QUEREMOS GALEGO

Celia Armas Garcia

PLATAFORMA EN DEFENSA DA RÍA DE AROUSA (PDRA)

Francisco Ojea e Roche

PLATAFORMA MINA DE TOURO-O PINO NON**PLATAFORMA ULLOA VIVA****PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA****PLATAFORMA GALEGA VIVENDA XA**

Andrés López

SLG

Isabel Vilalba e Rebeca Cambeiro

VIA GALEGA

Anxo Louzao e Lucía Veciño

Organizacións internacionais presentes no IX Congreso da CIG

- 1. (SAT) Sindicato Andaluz de Traballadores/as**
Bella de Marco, Responsábel de Acción Sindical
- 2. (CGSILA) Central Geral de Sindicatos Libres e Independentes de Angola**
O Secretario Geral, Gaspar Francisco Jacinto Pedro
- 3. (UNTA) Uniao Nacional de Trabalhadores de Angola**
O Secretario Geral, José Joaquín Laurindo
- 4. (OSTÁ) Organización Sindical dos/as Traballadores/as de Aragón**
O seu Presidente, David Lázaro Aguilera,
e Pedro Lobera, Responsábel de Relacións Internacionais
- 5. (UGTA) Unión Generele de Trballeirs de Argelie, de Arxelia**
Mohamed Zoubiri, Secretario Nacional de Conflitos Sociais e Asuntos Económicos
- 6. (CTA-A) Central de Traballadores/as Arxentinos/as Autónoma**
Adolfo (Fito) Aguirre, Responsábel de Relacións Internacionais
- 7. (CTA-T) Central de Traballadores/as Arxentinos/as do Traballo**
Rodrigo Borrás, da Dirección Nacional e Marta Escarpato, responsábel para Europa
- 8. (ÖGB) Federación Austríaca de Sindicatos**
Marcus Strohmeier Responsábel de Relacións Internacionais
- 9. (CTB) Central dos Trabalhadores/as do Brasil**
O Presidente, Adilson Araújo e Raimundo Nonato do Sindicato de Educación
- 10. (CUT) Central Única dos Trabalhadores do Brasil**
Rita Berlofa, Secretária de Relações Sindicais da CONTRAF-CUT
- 11. (FS) Força Sindical do Brasil**
Eunice Cabral, Vicepresidenta da Força Sindical
e Presidenta do Sindicato das Costureiras de São Paulo

- 12. (MTC) Movemento de Traballadores/as de Canarias**
Lucy Rodríguez Responsábel de Relacións Internacionais
- 13. (I-CSC) Intersindical-Confederación Sindical de Cataluña**
Os Secretarios Xerais, Sergi Perelló e Nuria Ferrandis,
e o Responsábel de Relacións Internacionais, Ferrán Coll
- 14. (PEO) Pancyprian Federation Of Labour de Chipre**
Christos Tombazos, Responsábel de Organización Central
- 15. (CUT) Central Unitaria de Traballadores/as de Colombia**
Rosalba Gómez, Responsábel de Relacións Internacionais
- 16. (CTC) Central de Traballadores/as de Cuba**
Leobanys Ávila Góngora, membro do Secretariado Nacional da CTC
- 17. (USO) Unión Sindical Obrera**
Lourdes Pedrazuela, Secretaria de Políticas Sociais, Igualdade e Formación
- 18. (ELA) Eusko Langileen Alkartasuna , de Euskal Herria**
O Secretario Xeral, Mixel Lakuntza Vicario,
e Pello Igeregi Santamaria, Responsable de Negociación Colectiva
- 19. (LAB) Langile Abertzaleen Batzordeak de Euskal Herria**
A súa Coordinadora Xeral, Garbiñe Aramburu,
e Ohiana Lopetegi, Responsábel de Acción Sindical
- 20. (SUD) Union Syndicale Solidaires de Francia**
Nara Cladera, Responsábel de Relacións Internacionais
- 21. (CGSI-GB) Confederação Geral dos Sindicatos Independentes da Guiné-Bissau**
O Secretario Geral, Malam Ly Baldé
- 22. (UNTGB-CS) Uniao Nacional de Trabalhadores de Guinea-Bissau**
O Secretario Geral, Júlio António Mendonça

23. (CIWR) Confederación de Traballadores/as Iranianos/as

Majid Firouzabadi, Responsábel de Relacións Internacionais

**24. (USB) Federación Sindical Mundial (FSM)
e L'Unione Sindacale di Base de Italia**

Pierpaolo Leonardi, Responsábel da FSM en Europa

**25. (CONSILMO) Confederação Nacional dos Sindicatos
Independentes e Livres de Moçambique**

O Secretario Geral, Jeremias Duzenta Timana

26. (CST) Central Sandinista de Traballadores/as de Nicaragua

O Secretario Xeral, Pedro Ortega Méndez

27. Unión Nacional de Jerusalem de Traballadores/as Palestinos/as:

Sousan Tayseer Abdel Salam, Secretaria Xeral
e Vicepresidenta da Federación Sindical Mundial (FSM).

**28. (CLATE) Confederación Latinoamericana de Traballadores Estatais,
(CGTP) e Confederación Xeral de Traballadores/as de Perú**

Ibis Violeta Fernández Honores, Secretaria de Ecoloxía e Medioambiente

29. (CGTP-IN) Confederação Geral de Trabalhadores de Portugal

Filipe Manuel Marques Pereira
e Paulo Francisco Lima Carbalho, membros da Dirección da CGTP-IN

30. (UGT) Uniao Geral de Trabalhadores de Portugal

José Cordeiro, Secretário Geral Adjunto,
e Graça Patrício, da Secretaría Executiva Confederal

**31. (UGTSARIO) Unión Xeral de Traballadores/as
de Saguia El Hamra e Río de Oro, do Sáhara Occidental**

Maaina Fiha Salma Elguibi, Secretaria na wilaya de Auserd, e Bachir Mohamed Mojtar

32. (IV) Intersindical Valenciana

A súa Portavoz, Beatríu Cardona, e Marc Candela,
Responsábel de Política Lingüística no Secretariado

Organizacións sindicais que mandaron o seu saúdo

1. **(CSA)** Confederación Sindical das Américas
2. **(TUED)** Sindicatos Pola Enerxía Democrática
3. **(PIT-CNT)** Plenario Intersindical de Traballadores -
Convención Nacional de Traballadores de Uruguai
4. **(UGT)** Uniao Geral do Trabalhadores/as do Brasil
5. **(CCSL)** Confederação Caboverdiana
de Sindicatos Livres de Cabo Verde
6. **(UNTC)** Uniao Nacional de Trabalhadores de Cabo Verde
7. **(ONTSTP)** Organização Nacional dos Trabalhadores de S. Tomé e Príncipe
8. **(UGT/STP)** Uniao Geral de Trabalhadores Sto. Tomé Príncipe
9. **(KSTL)** Konfederasaun Sindikatu Lorosa
e Confederação de Sindicatos de Timor Lorosae
10. **(OGBL)** Confederación Sindical Independente do Luxemburgo
11. **(CUT)** Central Unitaria de Traballadores de Chile
12. **(CGT)** Confederación General de Trabajadores de Colombia
13. **(CEOSL)** Confederación Ecuatoriana de Organizaciones Sindicales Libres
14. **(FESTRAJUSAL)** Federación Sindical de Traballadores
para a Xusticia Laboral de El Salvador
15. **(NCT)** Nova Central de Traballadores/as de México

16. (CUT-A) Central Unitaria de Traballadores/as Auténtica de Paraguay

**17. (CBST-CCP) Central Bolivariana Socialista de Traballadores da Cidade,
o Campo e a Pesca, de Venezuela**

18. (GCTU-CGS) Confederación Xeral de sindicatos de Rusia

19. (FNSCH) Federación Nacional de Sindicatos de China

Executiva Confederal elixida no IX Congreso da CIG



Secretaría Xeral
Paulo Carril Vázquez



Organización
Susana Méndez Rodríguez



Finanzas
Anxo Noceda Carballo



**Negociación Colectiva,
Emprego e Industria**
Francisco González Sío



Saúde Laboral
Francisco Xabier
Cartelle Pérez



Institucional
María Xosé
Alonso Rodríguez



**Mulleres e Formación
para o Emprego**
Margarida Corral Sánchez




**Formación Sindical
e Lingua**
Dores Martínez Castelo



Propaganda
Lucía Freire Ces



**Afiliación
e Departamentos Técnicos**
Renato Núñez Da Silva



**Medio Ambiente e
Desenvolvemento Sostíbel**
Paulo Paio Rubido Bará



Políticas Sociais
Antonio Mera de La Fuente



Nova Executiva Confederal da CIG.



Paulo Carril foi reelixido secretario xeral da CIG no IX Congreso.



Votación dos relatorios no IX Congreso.



Acto de clausura do IX Congreso.



Votación durante o IX Congreso.



Clausura do Seminario Internacional coas delegacións convidadas no marco do IX Congreso.



Confederación Intersindical Galega

www.cig.gal